

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 25

SESION ORDINARIA DO 30 DE DECEMBRO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.ª del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia (incorpórase
no punto nº 3).
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTE:

Silva Rego Mª Carmen, 1ª Tenente de Alcalde do grupo municipal Socialista.

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta de decembro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Sr. Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. Jose Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno do Concello número 25 sesión ordinaria, convocado para o día de hoxe ás 9,00 horas, a orde do día en poder de tódolos membros deste concello, constatamos quórum, abrimos sesión pública virtual e iniciamos coa orde do día.

1(229).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 28.10.2020)

(No momento da votación atópase ausente a concelleira Sra. Rodríguez Calviño)

Por unanimidade dos vinte e cinco membros da Corporación (seis presenciais e dezanove por control remoto) dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a actas ordinaria do 28 de outubro de 2020.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(230).- APROBACIÓN DO PLAN ANUAL NORMATIVO CORRESPONDENTE AO ANO 2021 DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1672/110 (REXISTRO PLENO 2722/1101)

ANTECEDENTES: Con data 7 de decembro do 2020, o secretario xeral do Pleno co conforme da concelleira de Xestión Municipal o día 14.12.10, emite o seguinte informe proposta:

“Lexislación aplicable.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Antecedentes e proposta de acordo.

Ao obxecto de acadar unha maior predecibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte; o Plan publicarase no Portal da Transparencia.

Con data de 31 de agosto do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa”.

As Directrices advertían que con anterioridade o 15 de outubro remitiríanse á Secretaría xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados

de Área e á totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 24.11.2020.

Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas teñen sido as seguintes:

I. Área Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais

Ordenanza reguladora do comercio de Vigo.

Obxectivo da norma: Adecuación do marco legal vixente (Lei 13/2010, de 17 de decembro, comercio interior de Galicia, Lei 1/2010, do 1 de marzo, ordenación de comercio minorista).

Derrogación normativa: Ordenanza reguladora da venda na rúa e espazos abertos (BOP nº 246 de 27.12.1995).

Tramitación: Prevista artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre 2021.

Data estimada doutros informes/trámites: 1º cuatrimestre 2021.

Data estimada informe proposta: 1º cuatrimestre 2021.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 1º cuatrimestre 2021.

Data estimada informe de Intervención: 1º cuatrimestre 2021.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2021.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre 2021.

Data estimada de audiencia e información pública: 2º cuatrimestre 2021.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2021.

II. Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

-Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal.

Obxectivo da norma: Regular a circulación no termo municipal de Vigo dos vehículos de mobilidade persoal, así como os requisitos e as súas condicións de uso.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 11.01.2020.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 08.02.21.

Data estimada informe proposta: 08.03.21.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 22.03.21.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 12.04.21.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 28.04.21.

Data estimada de audiencia e información pública: 17.05.21.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 14.07.21.

-Ordenanza reguladora da instalación das terrazas na vía pública.

Obxectivo da norma:

Regular o uso común especial do dominio público que realizan as mesas de cadeiras das terrazas dos establecementos de restauración.

Derrogación normativa: Ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública aprobada polo Pleno municipal en sesión de data 28 de abril de 2008 (BOP nº 94, de 16 de maio de 2008)

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 15.03.21.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 12.04.21.

Data estimada informe proposta: 14.06.21.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 05.07.21.

Data estimada informe de Intervención: non.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 06.09.21.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 13.10.21.

Data estimada de audiencia e información pública: 15.11.21.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 22.12.21.

-Regulamento da Policía Local do Concello de Vigo.

Obxectivo da norma:

Con esta normativa preténdese regular a estrutura e organización da plantilla, o seu funcionamento, réximes estatutario e disciplinario, formación, etc... da Policía Local.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre.

Outros informes/trátimes: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe proposta: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe de Intervención: 1º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre.

Data estimada de audiencia e información pública: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre.

Conforme ás propostas formuladas propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2021 no que se inclúen as seguintes normas:

- Ordenanza Reguladora do Comercio de Vigo.
-
- Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal.
-
- Ordenanza reguladora da instalación das terrazas na vía pública.
-
- Regulamento da Policía Local do Concello de Vigo

SEGUNDO. Elevar ao Pleno o acordo adoptado.”

Con data 17 de decembro de 2020, a Xunta de Goberno Local aprobou dita proposta.

A Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación, en data 23.12.20 ditaminou favorablemente a proposta antedita, coa engádeda da proposta feita polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, quedando da forma que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos para a aprobación deste Pleno o Plan Anual Normativo correspondente ao ano 2021, a lexislación aplicable a esta proposta que traemos está baseada na lei de 39/2015, de Procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Reguladora das bases de réxime local, 7/85, polo tanto, a proposta de acordo que traemos aquí está baseada no artigo 132, como dicía da lei de Procedemento administrativo común das administracións públicas que pretende que haxa unha maior predictibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas, este Plan Normativo contén as iniciativas regulamentarias que poden ser obxecto de aprobación no ano seguinte, no ano 2021, este Plan se publica no Portal de Transparencia.

Todo isto arranxa coa decisión da Xunta de Goberno Local de 31 de agosto de 2017, no que se aprobaron as directrices para a elaboración no Concello deste Plan Normativo Anual, neste ano e no caso concreto que nos ocupa do 2021, traemos 4 propostas que son tres ordenanzas e un regulamento, as detallarei brevemente, a primeira é a ordenanza reguladora de comercio, nesta ordenanza o obxectivo desta norma é adecuación do marco legal á lei de comercio interior de Galicia, neste caso si se procede, se procederá a unha derogación da normativa, a que está como actualmente ordenanza reguladora de venda na rúa e en espazos abertos e na proposta que traemos a súa aprobación se desglosa o calendario da tramitación.

En segundo lugar, o que traemos é unha ordenanza de contido novo polo tanto, non deroga a ningunha anterior e é ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal, isto todos entendemos que é dunha auténtica necesidade, as novas formas de mobilidade confiren dende logo un carácter urxente á regulación desta utilización e circulación dos vehículos e polo

tanto, é a segunda ordenanza que traemos neste Plan Normativo para 2021, insisto neste caso é unha ordenanza nova polo tanto, non deroga ningunha anterior.

A terceira, é a ordenanza reguladora de instalación de terrazas en vía pública esta si volver a ser unha ordenanza que deroga unha normativa actual pero precisamente por iso necesita dunha adecuación, é absolutamente necesaria pola proliferación das terrazas na nosa cidade, é como todos sabemos un elemento básico na política de apoio ao sector da hostalería e dende logo esta ordenanza se pretenderá loxicamente aglutinar ao sector, modernizar estruturas e adoptar as medidas autenticamente novidosas neste aspecto.

O cuarto, é regulamento neste caso non é ordenanza, é un regulamento e é o regulamento da Policía Local do Concello de Vigo, o obxectivo desta norma en concreto pretende regular a estrutura e organización do cadro de persoal, o seu funcionamento, o réxime estatutario e disciplinario, a formación da Policía Local aparte doutros aspectos, polo tanto, se trata dun obxectivo certamente ambicioso para dar contido normativo ao que é o conxunto da Policía Local, insisto estas son as tres ordenanzas e o regulamento que figura no acordo da Xunta de Goberno, se ben é certo que na comisión informativa como vostedes recordarán adicionalmente por parte do concelleiro de Facenda se engadiu e así figura na acta desta Comisión Informativa que a todo o que manifestamos anteriormente para este Plan Normativo se pode engadir ao longo do ano 2021, a previsible aprobación da ordenanza xeral de subvencións que desenvolve a regulación, que xa se ven realizando na actualidade polas bases de execución do Orzamento que tamén ten un carácter regulamentario e polo resto da normativa estatal que regula esta materia, así como os traballos que xa durante este ano 2020 veuse facendo polo grupo de traballo técnico encargado do Plan Estratéxico de Subvencións. Polo tanto, dentro da legalidade sometemos á consideración estas tres ordenanzas e este regulamento todas elas dando resposta á necesidades actuais e no maior desexo e obxectivo de transparencia.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En primeiro lugar lamentar que unha vez mais se censure a voz do colectivos sociais desta cidade impedindo que tal e como se solicitou formalmente a asociación veciñal de Teis puidera intervir neste Pleno para dar

conta dunha problemática como é a dos pasos elevados dos camiños da Xorxa e da Trapa. Vostedes traen aquí unha proposta do Plan Anual Normativo para o ano 2021 e precisamente evitan falar do Plan Normativo do 2020, daquela trouxeran a este Pleno 17 propostas normativas das que só iniciaron consulta pública previa en catro casos, só aprobaron unha e á que engadiron unha prevista no Plan como é a Ordenanza de Praias. Para 2021 volven a traernos dúas das ordenanzas previstas no ano 2020, como son a de comercio e a de vehículos de mobilidade persoal que ámbalas dúas tiñan que ser aprobadas de maneira definitiva segundo o Plan aprobado para este ano 20 no terceiro cuatrimestre deste ano, suman a maiores catro novas propostas regulamentarias, mais en todo caso non din nada das 14 que deixaron pendentes. Triste balance dun goberno cunha ampla maioría absoluta, executan menos o Plan Normativo que os orzamentos municipais que xa é dicir, e esta situación dende logo evidencia o nivel de desleixo e a inercia coa que vostedes exercen a acción de goberno. No que si se manteñen firmes e contumaces é na negativa ao novo regulamento de Participación cidadá como o BNG propuxemos na nosa primeira moción neste mandato, un regulamento que segue vixente do ano 91, impulsado polo BNG e sabemos que non queren un novo regulamento de Participación Cidadá polas súa evidente alerxia á prioridade e a súa incapacidade para escoitar algo distinto ao aplauso incondicional. Este Plan Normativo é un papel mollado nada máis nacer é cartón pedra normativo para un goberno que non goberna.

SR. PÉREZ CORREA: Vostedes traen un Plan Anual Normativo afortunadamente dentro, máis ou menos do que se considera lóxico que un Plan Normativo do ano 2021 cando menos presentalo antes de que entremos no ano, no anterior hai que lembrar que o Plan Normativo apenas se aprobou en febreiro do ano vixente e obviamente en marzo entre o confinamento e a paralización administrativa pois seguramente gran parte do Plan Normativo vixente este ano quedou en papel mollado, e o lóxico sería que vostedes nos dixeran do Plan Normativo vixente cal é a situación de cada unha das propostas que trouxeron aquí ao Pleno, había cuestións importantes e ademais vostedes nos dirán que hai trámites que se postergaron ou que hai trámites incluso que poden meter a través de modificacións legislativas que non lle corresponden a esta administración pero o

rigorosamente certo é que o Plan Normativo obriga cando son ordenanzas a un período de exposición pública senón existiu a exposición pública é que nin sequera que os trámites administrativos están feitos e falamos de regulamentos importantes que no seu día estaban enriba da mesa como o regulamento de aparcamentos públicos, regulamentos que vostedes propuxeron meridianamente ambicioso Plan Normativo para o ano 2020, e o lóxico é que aquí nos trouxeran cando menos pois unha memoria do ano 20 e do que se incorpora o ano 21, que sería lóxico, o que non puidemos facer no ano 2020 pola situación administrativa que seguramente os Plans normativos de casi tódalas administracións públicas estarán marcados por esta situación, en vez diso nos traen un Plan Normativo para o ano 2021 no que desaparecen gran parte das propostas do ano 20 que aínda non están aprobadas e non é un tema menor. A pesares de que hai cuestións no Plan Normativo que nós consideramos estratéxicas, este grupo municipal leva dende que existe nesta Corporación reclamando unha ordenanza pública reguladora de subvencións públicas, en todas e cada das propostas de modificación de ordenanzas sempre lle lembrados que ademais de que vostedes cambien os prezos, taxas públicas, unha ordenanza reguladora das subvencións públicas que teñen case tódalas administracións públicas era necesaria, nunca lle fixeron caso, levamos tamén dicíndolles que a nosa ordenanza que regula as terrazas está absolutamente obsoleta, entre outras cousas porque non permite as instalacións permanentes na vía pública e de facto temos centos de negocios hostaleiros que teñen permanentemente instalacións en vía pública, pois sería de agradecer que nos tiveran feito caso fai uns anos e tiveramos xa agora esa ordenanza xa funcionando que seguramente solicionaria gran parte dos problemas dos que temos, vostedes din que efectivamente as terrazas son a parte substancial do traballo da hostalería pero tamén lle digo que son unha parte substancial das queixas de veciños/as con respecto á accesibilidade e ocupación da vía pública, importante o regulamento da Policía Local pero que os sindicatos e o comité de empresa levan anos esixíndolle un regulamento da Policía Local para acabar coa arbitrariedade que se fai en determinadas actuacións con respecto ao funcionamento interno e orgánico da Policía Local por parte da Xefatura, por fin, alabado sexa que ven un regulamento da Policía Local e deixamos de ser a única gran cidade do país que non ten un regulamento que acabe con determinados

funcionamentos arbitrarios da Policía Local, pero fallan moitas cousas que vostedes anunciaron como importantes no procedemento e no documento que nos presentaron no ano 20, e a pregunta que nos queremos formular é que pasa con todo o que se propuxo para o ano 2020 que xa estamos a poucas horas de rematar o ano 20 e desaparecen por arte de maxia do Plan Normativo do 20 e non temos ningún tipo de información do que pasa, pois estaría ben que ademais do Plan Normativo como se fai cos orzamentos e con outra documentación simplemente nos pase un informe no que se nos clarexe porque desaparecen determinadas ordenanzas, ordenanzas moitas delas que teñen que ver con aspectos ambientais e que van obviamente a ter un trámite de exposición pública da alegación cidadá e que obviamente que desaparezan completamente do texto pois non soluciona porque algunhas delas eran como vostedes moi ben subliñaban importantes tales feito neste ano. Nos imos facer máis leña disto pero si nos gustaría se nos clarexase todo o regulamento do ano 20 que desaparece no 21 e que non temos ningún tipo de explicación polo menos no documento que se nos facilita.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Alcalde, Plan Anual Normativo, Pleno de novembro de 2017, Plan Normativo para o ano 2018, 3 ordenanzas, cantas aprobou? Unha. Ano 2019, Pleno de novembro de 2018, 4 ordenanzas, ordenanzas aprobadas? Ningunha. Ano 2020, Plan Anual Normativo, 18 ordenanzas, viñan vostedes moi fortes no inicio do mandato, 18 ordenanzas, dicíamos entón no Pleno que aprobou ese Plan Normativo que non ía ser capaces nin de redactalas, anunciábamnos que aprobarían aquelas as que non lle quedaría máis remedio, fíxese vostede, dicíamos que aprobarían a do servizo de auga e do autobús que eran as necesarias para sacar a nova concesión que vostedes prometera porque había denunciado a prórroga de Vitrasa, que inxenuos fomos e que mentireiro é vostedes, vostedes é un mentireiro consciente, prorrogou a concesión de Vitrasa logo de denunciála, é un mentireiro deliberado, tramitou o regulamento do servizo, non o aprobou pero non tramitou a licitación, é un mentireiro premeditado porque deixou pasar o prazo, non denunciou a prórroga e se prorrogará tamén a concesión da auga porque neste Plan Normativo deste ano non ven o regulamento da auga que si ía no do ano pasado, é vostede un mentireiro compulsivo, como nas árbores da Ronda, se lembra Sr. Alcalde? Non viu o vídeo voutro mostrar “é unha mentira dos

de sempre, son os do PP”, pois mire Sr. Alcalde, o que minte non é o PP o que minte é vostede, mire, non deixou nin unha árbore na Ronda, coa versión oficial entre os que caeron accidentalmente e os que enfermaron non quedou ningún, quedou para a posterioridade esta frase, “non van a cortar ningún árbore é unha mentira dos de sempre, que son os do PP”, vaia poñer vostedes unha placa cando abra esa Ronda, cando inaugure esa obra e poñerá que foi inaugurada polo Sr. Caballero, póñalle tamén, foi inaugurada polo Sr. Caballero que xurou que non cortarían ás árbores desta praza e os arrancou ata a raíz, é vostede un mentireiro compulsivo para a xente é vostede unha pandemia para ás árbores desta cidade. Non Sr. Alcalde os que menten non son os do PP, o que minte é vostede, mentiu co Plan Normativo do ano ano pasado que non cumpriu e minte co deste ano que sabe que non vai cumprir, co do ano pasado porque nos enganou coa prórroga das concesións da auga e do bus, coa tarifa da auga que se cobraría por consumo real e logo vemos que tiña un consumo fixo brutal, coa baixada de impostos que prometera para o 2020, dixo que ía baixar os impostos cando deu a rolda de prensa e logo foi unha subida do 2,5%, mentiu co Plan de recuperación económica colosal, cero euros para o comercio e á hostalería, mentiu para toda España, cos remanentes que había que entregar a Madrid e que nos devolveríanos cun préstamo porque non poderíamos gastalos, xa levamos comprometidos 35 dos 90, mentiu coas árbores da Gran Vía, mente agora cos da Ronda. Sr. Alcalde, minte vostede continuamente, diariamente, con normalidade, con naturalidade, minte como hábito, minte como quen acende un pitillo sen rematar o anterior e déixao no ceniceiro, como un hábito pernicioso pero normal, minte como quen mira continuamente o móbil porque non pode parar de miralo, e adicto á mentira, minte como quen prefire chatear no whatsapp en vez de falar, minte vostede nos Plenos, minte vostede na rúa, minte vostede, mentireiro, nas comparecencias e nas roldas de prensa, minte en realidade e minte en streaming, minte vostede Sr. Alcalde en Vigo e en Madrid, no centro e no rural, minte conscientemente e a súa mentira é universal, é ata predicible, só hai que ver un erro ou unha eiva na actuación da cidade e alí sairá a mentira ou para negala, “se atenden tódalas necesidades sociais de Vigo” ou para exaxerala, temos o Plan económico colosal de mil millóns de euros, esa é a maneira de actuar, eu invítolle a que quede aquí no Pleno na parte de control, sei que é moi molesto sentir a vergoña allea de aguantar as

mocións do PSOE que son outra mentira continua, pero volvan á parte de control a escoitar o que lle imos a dicir nesta bancada os grupos da oposición, aí escoitará verdades.

SR. LÓPEZ FONT: Para ser o último Pleno do ano comezamos ben Sr. Marnotes, andamos un pouco escasos de vocabulario porque logo cando teñan tempo vou a contar a cantidade de veces que vostede utilizou o termo mentira, mire, este argumentario llo mandaron de Santiago de Compostela e lle dixeron que se fale do que se fale neste Pleno vostede ten que dicir sempre o mesmo, mire, se descualifica vostede mesmo, coa intervención que acaba de facer se descualifica vostede mesmo, non me estraña que tiveron que facer un sorteo para que vostedes fora o voceiro do grupo Popular sendo o número 20 na lista do seu partido, non me estraña pola intervención que acaba de facer, eu lle pediría que se cinguira a cada cuestión que estamos falando, eu non lle interrompín en ningún momento dos que vostede falou, porque claro se estamos a falar do Plan Normativo e vai seguir co das árbores de Ronda, co de Gran Vía eu vexo á xente gozar moito polas ramplas de Gran Vía, pero sabe o que lamentan os cidadáns/ás viguesas que non poidamos chegar a Praza de España por culpa da Xunta de Galicia e eu mentira só a vou utilizar unha vez, para referirme ao Presidente da Xunta de Galicia e a vostede, como o seu enviado neste Pleno cando nos mentiron co hospital que di público, como di o meu compañeiro o Sr. Losada, o pode repetir mil veces pero nunca será un hospital público senón que é privado e se confirmou. Estamos falando do Plan Normativo anual, traemos o que necesita esta cidade a efectos normativos e dende logo creo que hai que ser comprensivo con esta administración como co resto das administracións polas dificultades que houbo este ano 2020 para desenvolver no só o traballo normativo senón todo o traballo que estaba previsto precisamente para atallar o que debíamos atallar que é a pandemia e cuestión na que este goberno municipal dende logo sobresa e atendeu o que realmente necesitaba a cidadanía. Polo tanto, me congratula ver que vostedes están de acordo en que necesitamos unha ordenanza de terrazas, en que necesitamos un regulamento para Policía Local en que necesitamos un regulamento para a nova mobilidade que lembro que estivemos esperando pola normativa de tráfico e polo tanto, estamos a falar do Plan Normativo Anual para

2021, dando resposta legal, dando resposta ás necesidades que se ten na cidade, para falar de outras cousas, para repetir insultos que descualifican única e exclusivamente aos que o fan, xa está vostede Sr. Marnotes, auguro un Pleno dende logo delirante.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. Rodríguez Calviño).

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, seis abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e o voto en contra do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2021 no que se inclúen as seguintes normas:

- Ordenanza Reguladora do Comercio de Vigo.
- Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal.
- Ordenanza reguladora da instalación das terrazas na vía pública.
- Regulamento da Policía Local do Concello de Vigo
- Plan Estratéxico de Subvencións
- Ordenanza de Subvencións
- Plan Estratéxico de Subvencións e Ordenanza de Subvencións,

3(231).- DAR CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS E AXUDAS PÚBLICAS REALIZADO RESPECTO DE BENEFICIARIOS POR RAZÓN DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO CONCELLO DE VIGO E POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 102797/140 (REXISTRO PLENO 2693/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe do Interventor xeral, de data 17.11.20, que di o que segue,

“O funcionario que subscribe, na súa condición de Interventor xeral municipal do Concello de Vigo, en cumprimento do disposto no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RDCI), elaborou o 28/05/2019 o Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2019, no que se recolleron as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o citado exercicio, sendo remitido a efectos informativos ao Pleno, que quedou enterado na sesión do 31/07/2020 conforme ao disposto no apartado 3º do citado precepto.

O artigo 35 do RDCI establece que o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

De conformidade co disposto no artigo 36 do RDCI, os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no citado precepto remítense ao Presidente da Entidade Local o seguinte informe definitivo de control financeiro para o seu coñecemento, e para coñecemento do Pleno:

1. Informe definitivo de control financeiro das subvencións e axudas públicas realizado, mediante técnicas de mostraxe, respecto de beneficiarios e, no

seu caso, entidades colaboradoras por razón das subvencións concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia Municipal de Urbanismo durante o exercicio 2018: Como consecuencia do traballo desenvolvido,ponse de manifesto que os beneficiarios cumpriron, con carácter xeral e fora de puntuais excepcións, coas obrigacións recollidas nas bases reguladoras das subvencións analizadas.

2. Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría dos dereitos e ingresos municipais: No ano 2019 non se realizou o citado control xa que o procedemento incoado para a contratación dunha firma privada de auditoría para a prestación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización da citada actuación de control financeiro quedou deserto ao non presentarse ningún licitador, e non dispoñer esta intervención xeral dunha oficina ou servizo de control financeiro nin persoal adicado a esta modalidade de control interno.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no citado precepto, remítese o expediente 102797-140 á Secretaría xeral do Pleno do Concello de Vigo para a súa inclusión na vindeira sesión ordinaria do Pleno que se celebre.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 23.12.2020, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta efectivamente do resultado do control das subvencións neste caso do exercicio 2018, polo tanto dentro do control ordinario e financeiro e tamén de legalidade e por suposto de transparencia deste Concello, das actividades deste Concello se inclúe o control das subvencións concedidas polo Concello de Vigo, incluíndo os órganos que forman parte do seu perímetro como é a Xerencia de Urbanismo, polo tanto, se trata de falar das cantidades de cartos público, de tódolos vigueses que se entregan a particulares, á asociacións, que se entregan tamén a empresas para realizar fins de interese xeral, polo tanto, nese exercicio de colaboración público-privada entre a administración municipal e os particulares.

Neste caso como dicía o control do que se da conta se refire ao exercicio 2018, pero ben podería extrapolarse a calquera dos anos deste Concello, de mandato deste Concello, polo tanto, ó exercicio corrente.

Hai que ter en conta que nese ano os créditos definitivos para subvencións, os créditos para subvencións correntes no ano 2018 foron de 33,9 millóns de euros ao que hai que engadir 981.000 euros máis de subvencións de capital polo tanto, estamos a falar dun importante volume de recursos públicos, estamos a falar de 35 millóns de euros do orzamento municipal adicado a subvencións, a realizar fins de interese xeral como dicía por particulares, por asociacións, por colectivos e tamén por aquelas outras persoas que desenvolven algunha actividade de especial interese municipal como é o fomento do emprego. Polo tanto, estes 40 millóns de euros que ano tras ano adicamos dende as contas públicas deste Concello a eses fins de interese xeral son os que agora se renden contas, se xustifican e se verifica a corrección na legalidade, no control financeiro e no control de cumprimento desas actividades que se subvencionan con cargos aos orzamentos municipais. Por destacar algunhas partidas que se destacan no informe de auditoría que é do que se rende conta, hai que sinalar o importante volume de subvención aos usuarios do transporte público de Vigo, máis de 11 millóns de euros para pensionistas, polo tanto, para persoas xubiladas, de presión moderadas, para parados pero tamén para estudantes desta cidade, ou ben outra importante partida que tamén se fai referencia nese informe de auditoría, de becas de comedor e libros, máis 1,2 millóns de euros aos que hai que engadir outras partidas como o convenio coa Federación olímpica de pais e nais de alumnos de Vigo, polo tanto importantes contías de subvencións para eses fin de interese xeral como é cubrir as necesidades de adquisición de libros de texto, cubrir as necesidades de comedor para os rapaces/as desta cidade, e tamén importantes contías nas axudas extraordinarias a familias, máis 1,6 millóns de euros e as axudas a emerxencia tamén con importantes contías. Polo tanto, importantes contías dos orzamentos municipais, 40 millóns de euros adicados a eses fins de interese xeral que se fan e tamén é unha forma de facer política tamén por parte deste goberno.

No informe de auditoría se fai reflexo as sete áreas de goberno que son obxecto de fiscalización, a área de Educación coas becas sinaladamente que se conceden á Escola Oficial de Idiomas para cursar idiomas no estranxeiro e polo tanto, dentro desa política educativa que se desenvolve dende o Concello de Vigo para fomentar esa maior empregabilidade, esa maior capacitación técnica para as persoas que estudan un segundo e incluso un terceiro idioma estranxeiro na nosa cidade, se

inclúe tamén a Área de Benestar Social coa fiscalización de entidades, ONGs sinaladas desta cidade, se inclúe tamén a Área de Urbanismo para eses ascensores que eliminan esas barreiras arquitectónicas especialmente para as persoas maiores, se inclúe tamén a área de Deportes con esa apoio sen precedentes nesta cidade aos sectores deportivos na cidade, aos clubs deportivos tanto da élite como amater, se inclúe por suposto a área de Participación Cidadán coas asociacións desas cidades, se inclúe tamén por último os convenios coas asociacións de festas de tódolos barrios desta cidade, polo tanto, se inclúe un perímetro amplo de control e todo elo hai que destacalo cun informe positivo da auditoría, de legalidade, de control financeiro e de xustificación desas subvencións, por certo destacado tamén polo Consello de Contas de Galicia na auditoría do ano 2019.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego si que queremos subliñar algunhas das recomendacións que formula o propio auditor externo en relación a tres aspectos. en primeiro lugar, a necesidade de que se clarifiquen as bases de convocatoria dalgunhas das subvencións, que especificamente se detallen algúns requisitos no que ten que ver coa xustificación e un terceiro aspecto que para nós é fundamental e que dende logo coloca a moitas entidades non lucrativas nunha situación límite que é que o goberno municipal resolva en prazo as subvencións que convoca. Este informe se algo reflicte no seu contido é o escaso apoio público do Concello de Vigo ao tecido asociativo da cidade e o evidencia un dato no que se refire a un dos principais tecidos sociais da nosa cidade como é o movemento veciñal, apenas 8 de algo máis de 40 entidades que existen hoxe actuanes na cidade teñen recibido algunha subvención por parte da concellería de Participación Cidadá, tal e como ven recollido no informe, iso si, sabemos que hai que engadir algúns outros convenios, discretionais, onde non hai concorrência e onde o goberno decide a quen se lle outorgan recursos e a quen non, sobre todo a quen non, e vemos nos últimos anos como unha entidade como a Federación de asociacións de veciñais de Vigo que forma parte de organismos consultivos deste Concello, que é quen representa o maior número de entidades veciñais da cidade, deixou de recibir a axuda económica que se viña tradicionalmente outorgando a través de convenios que si se asinan con outras entidades, non sabemos cal é o

criterio para os que se asinan, sabemos cal o criterio para as que non, sabemos cal é o criterio polo que se denegan axudas a aquelas entidades que son incómodas, que non aplauden que non posan amablemente na foto, pero si que entendemos ademais que é fundamental que vostedes calendaricen mellor o calendario de convocatoria de subvencións para atender ás necesidades económicas de quen as reciben.

SR. PÉREZ CORREA: Evidentemente o que temos aquí é un informe que se basa sobre unha técnica de auditoría que é muestreo o que hai aquí é unha avaliación sobre un muestreo que realiza a empresa auditora sobre a realidade da política concesional e de subvencións deste Concello, vostedes acaban de aprobar un Plan Normativo que introducen por primeira vez un criterio para nós que é absolutamente importante, nos levamos anos reclamando a ordenanza reguladora de concesión de subvencións públicas, é máis este grupo municipal fixo unha proposta de regulamento con todo o articulado, con tódolos anexos porque entendíamos que evitábamos uns criterios arbitrarios que este Concello é moitos concellos e administracións públicas deste país fan con respecto a subvencións públicas porque das subvencións públicas existen as políticas posibles a través de libre concorrência e de concurso público pero existe a figura do convenio entre unha entidade pública e unha entidade privada que só se pode xustificar cando non hai unha opción plausible de facer unha convocatoria pública, algo disto no informe da auditoría está enriba da mesa sucintamente posto, se se di que moitas veces non se clarifican os requisitos de cumprimento para a concesión e a subvención dalgunhas subvencións feitas a algún colectivo se introduce o criterio de arbitrariedade, é dicir, a algunhas se lle se esixe unha documentación e a outras non, a algunhas se lles facilita a posibilidade de formular un convenio que evita a concorrência pública e a outras non, e ademais se pon claramente que en moitas ocasións incluso non se reclama a devolución cando falla documentación, nalgún caso concreto pois de non cumprir os requisitos ou que se tarda nese trámite, como se solventa todo isto, pois non é aquí poñéndonos as cantidades de subvencións, convenios para nós hai moitos convenios que asina o Concello con entidades privadas que vulneran a lei de contratos públicos porque debería ser baixo un libre concorrência porque non se xustifica a urxencia do convenio,

vostedes ese mecanismo o empregaron durante moitos anos, eu quero lembrar aqueles convenios infames dos plans de emprego que pola crise pois se consideraba que non había ninguén máis importante que unha asociación x para adxudicarlle sen ningún tipo de concurso público unha subvención directa a un plan de emprego, afortunadamente vostedes mesmos se emendaron e desapareceu ese formato e hai que presentar uns proxectos, os proxectos se avalían en libre concorrència e a partir de aí se establece o criterio da subvención pero vostedes comezaron cunha política absolutamente para nós que vulneraba o dereito que ten todo movemento veciñal, independentemente de quen sexa o seu presidente, todo o movemento asociativo independentemente de canto aplaude ou non o Alcalde, e toda a realidade e o tecido asociativo da cidade, isto é unha auditoría pequena sobre un mostrario relativamente pequeno e a nós nos gustaría que se comezara xa a traballar nesa ordenanza, é vital para este Concello porque cando esa ordenanza estea regulada, cando se poñen enriba da mesa os criterios, a discrecionalmente de a quen se lle da unha subvención ou con quen se asina ou con quen se permite un convenio directo pois entendemos que polo menos rematará ou haberá algún mecanismo de control que moitas veces non existiu. Esa arbitrariedade, creo que ademais queda claro porque nos temos constancia de que a documentación que se lle pediu a algunhas asociacións para xustificar determinados convenios, non foi a mesma que lle pedía a outras e é máis e dí o informe, non se lle pide proba fehaciente de movementos bancarios con determinadas cuestións, non é un tema menor, terá garantía e pedir o ingreso bancario de cando se fai un Plan Emprego hai un ingreso por un importe que coincide co salario e que coincide co convenio e cos dereitos non vaimos a atoparnos que estamos subvencionando pois por exemplo, un convenio coa Federación Provincial de Hostalería de máis de 75.000 euros, onde se introduce o convenio de oficinas e despachos e que estamos vendo que posiblemente esas persoas contratadas apenas cheguen aos 400 euros ao mes, e un convenio de 75.000 euros pois nos gustaría que acabara en emprego e non noutras cuestións e iso haberá que xustificalo tamén e aquí dí o informe de auditoría que os movementos bancarios e os ingresos bancarios e a consolidación bancaria debería de estar en tódalas subvencións públicas e esa recomendación quero lembrar que

este grupo municipal xa fixo nalgunha ocasión con respecto dalgúns convenios que finalmente non acababan en emprego e acababan noutras cousas.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Imos a ver, como se pode dicir aquí que se subvenciona aos cidadáns polo billete reducido de Vitrasa, non se subvenciona aos cidadáns se subvenciona á empresa, se compensa á empresa, porque está no prego, non é unha subvención aos cidadáns é unha subvención á empresa que está nun prego que se aprobou hai 25 anos e que se volven a prorrogar porque o prezo que se fixou foi o que ofertou a empresa hai 25 anos, coas regras de hai 25 anos, e se vostedes deixasen de mentir e cumprisen coa súa obriga e fixesen unha nova concesión se faría coas regras de agora, con máis competencia, con máis competitividade cun billete máis barato, con mellores rutas máis flexibles e sobre todo aforrándolle cartos ao Concello, como se pode dicir aquí, que sodes un exemplo en subvencións de política social? Ademais ao fío dun informe de auditoría que non ten nada que ver con isto e que son uns provocadores. A diferenza do Sr. Alcalde que minte con naturalidade a vostede cando minte se lle nota porque lle tembla a voz e se pon nervioso, o Sr. Alcalde non,ponse nervioso cando di a verdade, témbllalle á voz cando di a verdade, vostede é ao revés, política social un exemplo en subvencións, un concello precario en subvencións á política social con menor gasto por habitante en política social das grandes cidades de España, por favor. Lamentablemente este Plan de subvencións ten para o ano que ven e para o seguinte ten unha eiva moi importante non se auditarán xamais neste Concello mentres o Sr. Caballero sexa Alcalde, subvencións directas ao comercio e á hostalería da cidade, sería magnífico poder vir aquí cunha auditoría a subvencións directas, axudas directas ao comercio, á hostalería, non as houbo nin as haberá, non veremos esa auditoría porque se negan deliberadamente, menten primeiro dicindo imos a facer un plan económico de rescate colosal, vou a reunir a tódolos sectores, vou a falar con eles, moito falar moito reunir nin un euro en axudas directas, como lamentamos que efectivamente non se vexa nunha próxima auditoría subvencións deste tipo, o que teñen que facer vostedes é un plan estratéxico de subvencións que non fan e unha ordenanza xeral de subvencións tamén para darlle un pouco de regularidade e de normaticidade e de predecibilidade a isto, isto non é un problema de auditoría, este é un problema

político, a subvencións son as que convoca o Concello sen un plan estratéxico o que lle obriga a lei, pode facelo pero claro o que fai é que ao final sexan determinados sectores ou determinadas actuacións as que o Alcalde ou a Xunta de Goberno Local decide, non as que estableceu o Pleno nun Plan estratéxico.

Farano? Non, porque lamentablemente non queren absolutamente ningún control dese tipo, este non é un problema como digo de control de auditoría, vostedes son implacables na recadación, na subvención, no control, vostedes o que son é laxos completamente na execución orzamentaria, vostede o que son é, hai un desleixo absoluto, ano tras ano, acumulando remanentes, aquí haberá reintegros, algún, de poucas cantidades, menos mal que non van a servir para nada, quedarán na caixa esperando unha oportunidade de gastalos non sabemos canto, outro plan colosal que farán, ese é o verdadeiro problema, o problema que teñen vostedes é que hai é moito rigor na recadación, moito rigor nos ingresos e nos gastos o que hai moito rigor no control da subvención, o que hai é moi pouco interese en executar o orzamento e os cartos van quedando aí.

SR. ANEIROS PEREIRA: O que hai é moito rigor en todo, por parte deste goberno e particularmente por parte deste concelleiro como non pode ser menos, miren, eu non comparto a lectura que vostedes fan dese informe da auditoría porque vostedes falan da arbitrariedade pero parece que arbitrariedade para vostedes é a legalidade para os demais, a arbitrariedade é defender por dous grupos distintos a unha entidade, díganos en anónimo, que non cumpre coas súas obrigas e polo tanto, non pode recibir subvencións de ningunha administración pública, ese é o motivo polo que unha das entidades que vostedes citaron non poden recibir axudas por parte deste Concello nin por parte de ningunha administración pública, así de sinxelo polo tanto o criterio é público, transparente e claro é que está na lei, que está nas bases de execución e que está nas convocatorias das subvencións deste concello, que non estea ao corrente nas súas obrigas non pode percibir subvencións, así de claro llo digo, así de claro dío a Lei, sen nervo ningún, sen necesidade de que ninguén interprete nada, polo tanto, para estar ao corrente hai que cumprir coas obrigas e para participar nunha subvención hai que participar loxicamente nas convocatorias públicas, transparentes, con criterios obxectivos que se fan dende este Concello de Vigo, polo tanto, o primeiro criterio é estar ao

corrente, o segundo criterio presentar a solicitude, o terceiro criterio superar o proceso de baremación para en concorrencia competitiva, criterio xeral que aplica este goberno, este concello, conceder e conseguir esa subvención e despois loxicamente haberá que realizar a actividade para a que se subvenciona claro que si, e se non se fai claro que procede o reintegro ese é o motivo, pero mire non me fale vostede de execución orzamentaria cando a execución estaba no 93%, de que estamos falando? E tampouco me fale vostede de recadación, a que ven aquí a falar de recadación pero xa que vostede o saca, llo saco eu, ano 2018 presión fiscal 496 euros por habitante, gasto por habitante 901 euros con cargo ás arcas públicas municipais, polo tanto, a balanza é sempre favorable ao cidadán e si subvencionados aos cidadáns que fan uso do noso transporte público urbano, subvencionamos aos parados, aos pensionistas que poden facer un uso libre do autobús urbano na cidade de Vigo, subvencionamos aos estudantes, non subvencionamos outras cousas porque mire, se vostede fala de subvencións, voulle sacar de novo esta noticia de prensa a Xunta de Galicia subvenciona á sanidade pública ou ao hospital privado de Vigo? Que está a subvencionar con eses 6 millóns de euros adicionais? Está subvencionando a unha empresa privada, conta resultados dunha empresa nós subvencionamos ás persoas, ás empresas, ás asociacións, por certo a tódalas asociacións que se presentan ás convocatorias públicas libres e transparentes deste Concello de Vigo, con transparencia, non como a Xunta de Galicia ao que seu propio Consello de Contas lle afea o control.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

4(232).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES E OUTROS MEDIOS MECÁNICOS DE ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE TANTO EN FACHADAS COMO EN INTERIOR DE EDIFICIOS CONSTRUÍDOS DE USO RESIDENCIAL COLECTIVO E

**DOTACIONAL NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 103457/421
(REXISTRO PLENO 2733/421).**

ANTECEDENTES: Con data 27.11.2020, a técnica de Admón. Xeral de Licenzas co conforme do xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

“-Na data 26/11/2020, a técnica de administración xeral da oficina de licenzas, co conforme do Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe:

“O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

-PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza para a instalación de ascensores e outros medios mecánicos de accesibilidade tanto en fachadas coma en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional que coma Anexo I se incorpora á presente resolución.

-SEGUNDO: Proceder á apertura dun período de información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.

-TERCEIRO: De non presentarse reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, procedéndose a publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co disposto no artigo 70.2 da LRBRL e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo corpo legal.

Dito acordo foi publicado no BOP nº197 de 13/10/2020, así coma na sede electrónica do Concello de Vigo, estando en exposición pública no período comprendido dende o 14/10/2020 e hasta o 24/11/2020.

Durante o período de información pública e audiencia aos posibles interesados, constan presentadas alegacións polo Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos a 12/11/2020 (cod sol W493637-3327) e pola Asociación Empresarial Galega de Ascensores (AEGA) a 23/11/2020 (cod sol W496933-73).

Ditas alegacións foron obxecto de informe xurídico de data 26/11/2020 co seguinte tenor literal:

“Valoración das alegacións presentadas:

1.- Alegacións presentadas polo Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos a 12/11/2020 (cod sol W493637-3327):

1.1) Solicitan aclaración de a qué se refire con interese público acreditado para considerarse a extinción anticipada da cesión regulada no artigo 4.

O artigo 4.2 no seu derradeiro parágrafo literalmente establece:

“Cando a torre de ascensor ou demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza deba executarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal, a súa autorización levará consigo a cesión de uso do voo na porción de espazo libre ou de dominio público municipal necesario para a súa instalación e polo tempo no que se manteña a edificación. Cesión que concluirá anticipadamente cando un interese público acreditado considere necesaria a súa extinción.”

Dito interese público entenderase existente cando se trate dun interese extraordinario, inminente e perentorio, que impliquen a necesidade da ocupación pública do solo.

Modifícase por tanto a redacción do dito parágrafo polo seguinte:

“Cando a torre de ascensor ou demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza deba executarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal, a súa autorización levará consigo a cesión de uso do voo na porción de espazo libre ou de dominio público municipal necesario para a súa instalación e polo tempo no que se manteña a edificación. Cesión que concluirá anticipadamente cando un interese extraordinario, inminente e perentorio acreditado considere necesaria a súa extinción.

1.2) O Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos solicita se aclare, no caso das edificacións existentes anteriores as actuais esixencias do CTE, se nas novas instalacións de ascensores en fachada, os núcleos de comunicación deben ser dotados das condicións de iluminación e ventilación do CTE.

Literalmente o artigo 6.2 indica “(...) Dotarase ós núcleos de comunicación das condicións de ventilación e iluminación suficientes conforme o establecido no CTE. En casos excepcionais poderase localizar un pequeno vestíbulo exterior no nivel de rúa no acceso á cabina do ascensor”

Neste caso, é a propia aplicación do CTE aprobado polo RD 314/2006 de 17 de marzo a que define os supostos nos que os núcleos de comunicación deberán adaptarse, sen que unha Ordenanza xerárquicamente de rango inferior, poida contradicir o seu contido.

1.3) No mesmo documento de alegacións, plantexan aclaración sobre a distancia mínima de 1 metro entre o plano das xanelas polas que ventilan ou se iluminan as

dependencias habitables afectadas e o plano de cerramento do ascensor (artigo 6.4.b) toda vez que non especificábase se a distancia considérase no mesmo plano ou nun plano diferente. Así mesmo precisan coñecer se se refire á fachada principal ou fachada dun patio de luces.

As alusións referidas na presente Ordenanza refírense, en todo caso, ó plano enfrontado; e afectan a calquera fachada da edificación.

Co fin de aclarar as distancias amplíase o contido do artigo 6.4.b co seguinte tenor literal:

“b. A distancia mínima entre o plano das xanelas polas que ventilan ou se iluminan as dependencias habitables afectadas e o plano -enfrontado- do cerramento do ascensor será de 1,00 metro. Excepcionalmente poderase reducir a distancia se o uso da dependencia vivideira é de baño, aseo ou corredor. A distancia mínima será de aplicación tanto si a instalación proxéctase na fachada principal ou en patio de luces.

Si dita distancia fora superior a 2 metros, admitirase ademais que devandito cerramento sexa opaco.

Si a mesma fora entre 1 e 2 metros, os cerramentos da caixa do ascensor deberán ser elementos permeables á luz e ao aire tales como lamas de vidro ou mallazos metálicos, que en todo caso impidan introducir obxectos ou extremidades no oco do ascensor. “

2.- Alegacións presentadas Asociación Empresarial Galega de Ascensores (AEGA) a 23/11/2020 (cod sol W496933-73).

2.1) AEGA suxire que á hora de definir os conceptos urbanísticos que figuran no artigo 3, en concreto, a definición de ascensor do apartado 4, a mesma se vincule á ITC vixente, e non á aprobada por Real Decreto 88/2013 de 2 de febreiro.

Estimar a suxerencia e modificar a definición de ascensor do artigo 3.4 polo seguinte tenor literal:

“4. Ascensor. Para os efectos desta ordenanza entenderase por ascensor calquera aparello de elevación destinado ao transporte de persoas que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 2 da Instrución Técnica Complementaria AEM 1 “Ascensores” en vigor.

2.2) AEGA suxire que sexa unicamente por medio de Comunicación previa a forma de tramitar as instalacións reguladas na presente Ordenanza.

A ordenanza municipal reguladora para a instalación de ascensores non pode contradicir o principio de xerarquía das normas de carácter superior.

O artigo 142.2 da lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia así como o 351 do seu Regulamento de desenvolvemento aprobado por Decreto 143/2016 de 22 de setembro establecen que estarán suxeitos a licenza municipal os actos de edificación e uso do solo e subsolo que, con arreglo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

Neste sentido, a propia lei 38/1999 de 5 de novembro de Ordenación da Edificación (LOE), no seu artigo 2 advirte que terán a consideración de edificación e requirirán o correspondente proxecto as intervencións sobre os edificios existentes sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou parcial que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, da volumetría ou do conxunto do sistema estrutural.

Unha instalación exterior (tanto na fachada principal coma no patio interior) alteraría a configuración arquitectónica da edificación e precisan tramitarse por licenza.

Por todo elo, cómpre desestimar as alegacións achegadas neste punto.

2.3) A terceira alegación/suxerencia desta Asociación, refírese ó artigo 6, apartado 1. Características. Suxiren engadir a normativa técnica vixente, norma UNE-EN 81-70:2004/A1:2005, no que respecta ós ascensores de velocidade superior a 0,15m/s.

Estimar as alegacións, engadindo no texto o seguinte "Os ascensores que se instalen con velocidade superior a 0,15m/s cumprirán, donde sexa técnicamente posible, coas normas técnicas de ascensores vixentes".

2.4) Considérase así mesmo convinte, que cando no artigo 6, apartado 2 referente ó acceso, establece que a nivelación (a ras) nos accesos será perfecta" deberá admitir unha tolerancia de +/-10 mm coma máximo, recollendo así o fixado na normativa de aplicación vixente, na norma EN 81-70 e na Nova Directiva de Ascensores.

Estimar a aportación de AEGA e modificar o artigo 6.2 polo seguinte texto:

Acceso. O acceso ou desembarque ao ascensor no interior da edificación resolverase mediante comunicación directa a través de zonas comúns de circulación coa escaleira do inmovible e portal evitando, na medida do posible, banzos no percorrido desde a cabina ata a porta de vivendas. A nivelación (a ras) nos accesos terá unha tolerancia de +/- 10mm coma máximo.

2.5) Solicítase así mesmo aclaración do artigo 14.3, "no caso de ascensores ou outros medios mecanismos de accesibilidade e mobilidade universal tramitados mediante

comunicación previa (...)” coa finalidade de coñecer si esa comunicación previa é suficiente en todo caso o solo cando se opte pola instalación de medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade universal.

Reitérase o informado na alegación 2.2, desestimando a presente alegación.”

-Tras o informe das alegacións, efectúanse modificacións puntuais nos artigos 3.4, 4.2 e 6 (apartados 1,2 e 4b) do texto definitivo da presente Ordenanza e que a continuación se transcribe coma anexo I á presente resolución...

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e a Xunta de Goberno Local e o Pleno da Corporación decidiran co seu superior criterio, o que estimen oportuno.”

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta de acordo e o texto definitivo da presente Ordenanza que se transcriben na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 1.12.2020, ditamina favorablemente dita proposta.

A Xunta de Goberno Local, en data 11.12.2020, aproba a proposta mencionada.

DEBATE.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu dado que ademais este é o último Pleno do ano a verdade é que parto coa iniciativa e a esperanza de que esta ordenanza, polo tanto, esta norma do Concello de Vigo poida ser aprobada por todos, porque entendo ademais que o obxectivo que persigue é un obxectivo que seguro que compartimos todos nós, obxectivo ao fin e ao cabo é facilitar a accesibilidade a tódalas persoas e a accesibilidade fundamentalmente as súas propias residencias, aos edificios nos que viven, porque desafortunadamente atopámonos con situacións onde, especialmente na nosa cidade edificios de vivendas colectivas que foron construídos alá polos anos 60, 70 por poñer algún exemplo no Barrio de Coia temos bastantes, pois para poder implementar agora medidas de accesibilidade como é a instalación dun ascensor atópanse con claras limitacións técnicas económicas para poder executalos e con esta ordenanza estamos

posibilitando, abrindo a posibilidade de que se poidan resolver parte deses problemas económicos ou técnicos para a instalación deses ascensores e unha das formas para intentar solventar este problema é poder autorizar a instalación de ascensores en fachada, algo que a nosa normativa non permitía pero que agora imos poder facer, incluso cando a instalacións deses ascensores en fachada poidan supoñer a utilización dunha parte do dominio público por exemplo, dunha rúa ou dun espazo común e compartido, polo tanto, se establece nesta ordenanza cal é a forma de regular a solicitude para a instalación, a licencia ou comunicación previa para que se poda solicitar esta instalación destes ascensores teñen que estar xustificadas que non existe outra posibilidade dentro do propio edificio e cumprindo as condicións técnicas standar para que esta alternativa poda executarse e cando sexa preciso a utilización dese dominio público para a instalación, por exemplo dun ascensor en fachada, especificáanse de forma clara cales son as condicións dese uso, cal é a cesión dese uso en superficie por parte desa comunidade de veciños, cales son as condicións de mantemento que teñen que garantir ao longo da vida útil que teña ese elemento que se coloca no dominio público por outra banda cales son as condicións mínimas técnicas que debe deixar para garantir que non se interrompe o paso na vía pública, cal é a condición de urbanización que debe quedar na contorna dese elemento que se coloca nun dominio público, polo tanto, intentando regular tódolos aspectos técnicos, económicos, aspectos administrativos que permitan como non, dar, digamos cumprir ese obxectivo de permitir accesibilidade as súas vivendas a moitas familias, esta é unha actuación singularmente importante no momento no que estamos, no momento no que os cidadáns precisan gozar dun espazo común de socialización como é a rúa e pode desenvolver a súa vida, e onde o incremento de idade da poboación que en moitos casos habita esas residencias fai que en moitos casos as súas condicións de mobilidade diminúan e polo tanto cada día é máis apremiante poder facilitar a accesibilidade dos mesmos, o Concello de Vigo ten un programa específico para apoiar e axudar á instalación de ascensores, programa no que os ascensores tamén colocados nesta nova vía e forma de solución pois poderán tamén achegar a súas propostas para nese proceso de selección de subvencións, en proceso de concorrencia, poidan tamén ter unha axuda municipal e ademais nas áreas de rehabilitación integral, en particular en Coia nas áreas de

Bueu, Moaña, son as próximas poderase habiliarse solucións deste tipo para que moitos veciños desta zona estean esperando a día de hoxe.

Esta ordenanza someteuse a información pública durante un período de 30 días, durante ese período presentáronse alegacións por parte do consello galego de colexios de apareladores e arquitectos técnicos e a asociación empresarial galega de ascensores, ambos sobre todo pretendendo clarexar algunhas cuestións desta ordenanza, todas as que foi posible se incorporaron, as que cumprían as condicións xurídicas, e quero rematar dando as grazas aos servizos técnicos xurídicos da Xerencia, do Servizo de Licencias, ao Xerente e ao Secretario deste Pleno pola labor de axuda e apoio na redacción desta norma.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta aprobación definitiva como xa o fixemos na aprobación inicial, entendendo que esta ordenanza é un importante paso adiante para avanzarmos nunha cidade máis inclusiva, é certo que non abonda só coa ordenanza e hai algunhas cuestións que xa ven de apuntar a concelleira de Urbanismo que é que o goberno municipal terá que asumir tamén como tarefa nos vindeiros exercicios que é precisamente estimular, alargar a liña de apoio público de axudas para facer posible investimentos que en moitos casos son moi onerosos, moi custosos para facer posible que eses ascensores se poidan chegar a instalar, falamos sobre todo de contornas como o barrio de Coia, que é a contorna da cidade coa poboación máis avellentada, onde ademais non só se da un parámetro de idade senón tamén un parámetro de renda e neste sentido é máis importante alargar o apoio público. Non en tanto para avanzarmos de verdade nun Vigo máis accesible o BNG entendemos que tamén é necesario activar de verdade o consello local de accesibilidade para que se converta nun espazo efectivo de participación do tecido asociativo no ámbito da inclusión máis tamén para avanzar en políticas transversais de accesibilidade, non só en grandes formatos senón tamén no que ten que ver coa xestión en ámbitos, por exemplo os da concellería de Fomento, miren, nesta cidade se dan situacións como que unha comunidade de propietarios nunha rúa do meu barrio, do barrio que nacín como é Eugenio Arbones fixera un investimento importante para adaptar unha rampla para que puideran desprazarse persoas con mobilidade reducida e o problema que se atopan é que cando chegan á rúa o

aparcamento en batería impide o tránsito pola beirarrúa precisamente das cadeiras de rodas, isto tamén é avanzar en accesibilidade, o Concello de Vigo, o goberno municipal é coñecedor desta situación dende hai bastante meses e este caso pois segue sen resolver.

SR. PÉREZ CORREA: Obviamente isto era unha necesidade imperiosa deste Concello, temos non só o caso de Coia, donde durante moitos anos a problemática da instalación dos ascensores creo que hai moita xente que xa desistiu ao longo dos anos de propoñer a posibilidade de colocar ascensor senón tamén temos pois antigas unidades de vivendas sindicais herdadas do Ministerio franquista de Vivenda, moitas delas con posibilidade agora a través desta ordenanza de ocupar o dominio público e polo tanto, de colocar medidas de acceso e unha das cuestións que para nós iría perfecto é que esta ordenanza teña suficiente publicidade para que toda esa xente que ao longo, estamos a falar de 20, 30, 40 anos incluso que intentaron ver a posibilidade de colocar ascensores foron desistindo ao longo do tempo que saiban que xa hai un instrumento que o vai a facilitar e coa posibilidade importante ademais de utilizar o dominio público, nesta cidade estamos moi acostumados a que se utilice de maneira impune moitas veces o dominio público con negocios, en terrazas incluso sen licencia, pero bueno, é bo que teñamos unha ordenanza que regula a posibilidade de utilizar o dominio público para unha cuestión absolutamente esencial, e logo obviamente esta a cuestión do financiamento, hai determinadas axudas en materia de rehabilitación de ARIS, en materia de subvención para a colocación de ascensores que non se completa o orzamento, é dicir, que hai incluso as veces máis orzamento que solicitudes se fan, iso pode ser ou ben porque o importe da subvención é escaso ou ben porque non hai un coñecemento importante disto, por exemplo, a Inspección técnica de edificios hai unha liña de subvencións que salvo que neste ano se teña mudado pois historicamente a xente non o empregaba ou non sabía moitas veces que hai axudas para pasar as ITES dos edificios. Nós cremos que é un bo momento para publicitar esta ordenanza e tamén para propoñer incluso fondos que veñan dos diferentes, tanto do goberno central como dos fondos europeos moitos deles ligados a reactivación económica que tamén poida ser unha parte importante deses fondos acaben na subvención directa a un elemento que non deixa de ser

fomentar a accesibilidade e a eficiencia en moitos edificios, nós felicitamos que o traballo dos técnicos e do persoal municipal que participou na elaboración e que estea ben publicitada e que os veciños/as de Vigo que durante moitos anos tentaron que as súas vivendas tiveran un ascensor que por primeira saiban que esa longa espera que tiveron moitas comunidades de propietarios se pode resolver.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós imos apoiar tamén esta ordenanza como fixemos na aprobación inicial e daquela dicíamos que efectivamente había un bo traballo técnico detrás, hoxe nos unimos a esta felicitación aos técnicos municipais polo traballo realizado na elaboración e na tramitación desta ordenanza, é unha ordenanza tipo da FEMP que se está aprobando en moitos municipios e algúns xa o teñen dende hai anos e está ben que se aprobe aquí, é ademais a única ordenanza que se vai aprobar este ano do Plan Normativo que se aprobou para o ano 2020, de 18 normas, hai un momento aínda que non había ningunha aprobada, agora haberá unha de dezoito. O Alcalde dirá que é un éxito do Plan Anual Normativo Municipal, un gran éxito, un éxito inmenso, aprobamos unha de 18 e como a excepción confirma regra nós imos apoiar esta norma excepcional, útil pero excepcional porque é a única que aprobaron neste ano, co cal excepcionalmente nós imos votar a favor.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Dende logo xa dicía que dado que a idea é construtiva que creo que todos estamos de acordo en que ven a cubrir unha eiva e polo tanto a solventar un problema, pois non podo máis que agradecer que todos a apoiemos pero si que me gustaría precisar algunhas cuestións, o Concello de Vigo leva tempo, non é agora con esta norma, senón leva tempo apoiando aos cidadáns, as comunidades de propietarios de edificios colectivos de Vigo, sobre todo aqueles máis antigos, que desexan mellorar a accesibilidade dos seus edificios e polo tanto, non é o primeiro ano no orzamento do 2021 senón que dende o ano 2015 xa temos unha axuda establecida para apoiar a instalación dos ascensores, por outra banda xa temos incorporados moitos máis bloque de edificacións nas áreas de rehabilitación integral de Coia para que podan tamén complementar e incrementar a accesibilidade aos seus edificios tamén porque como ben saben os elementos

comúns como é a instalación dun ascensor pois son subvencionables dentro dos programas de subvencións das tarefas de rehabilitación integral, áreas que poden chegar para persoas maiores de 65 anos ou persoas que teñen baixo nivel de renda ou a subvención do Ministerio pode chegar ata o 65% do importe total do custe desa intervención, polo tanto, un apoio importante á rehabilitación e é certo que existen vivendas sindicais que tamén nos gustaría que puideran acollerse estas áreas de rehabilitación integral e a estas axudas, desafortunadamente solicitamos á Xunta de Galicia que varios bloques de vivendas sociais en Vigo poidan constituír unha área de rehabilitación integral e a Xunta de Galicia rexeitou a iniciativa municipal, polo tanto, agora iremos un por un avaliando aqueles que temos máis urxentes, en calquera caso como saben Vigo é a única cidade de Galicia que cada ano nas convocatorias de subvencións das ARIS temos recursos porque somos os únicos que gastamos os recursos que nos dan ano a ano.

Sr. Marnotes eu teño pouca memoria pero dentro da pouca que teño creo recordar que dende logo está non é a única ordenanza municipal que aprobamos este ano, eu lembro por exemplo a de praias pero xa non vou a citar ningunha máis, en calquera caso me parece que vostede como sempre, aínda cando ven a dicir que apoia algo que é bo para a cidade lle custa tanto Sr. Marnotes, que non é capaz nin de recoñecer que o fai e o fai porque iso é bo para a cidade e bo para todos, únese vostede á construción da cidade e deixe xa de dicir mentiras e por outra parte de apoiar sistematicamente ao goberno da Xunta de Galicia en contra de Vigo.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros da Corporación (presencial e telematicamente), dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

-PRIMEIRO: Aprobar o informe de alegacións da técnica de administración xeral de data 26/11/2020 que consta no expediente.

-SEGUNDO: Aprobar definitivamente a ordenanza para a instalación de ascensores e

outros medios mecánicos de accesibilidade tanto en fachadas coma en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional no termo municipal de Vigo.

-TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos alegantes e, ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 da lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto íntegro da Ordenanza no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LBRL.

-CUARTO: Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 112.3, 114 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (Disposición Transitoria Terceira), 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

ANEXO I

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES E OUTROS MEDIOS MECÁNICOS DE ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE TANTO EN FACHADAS COMA EN INTERIOR DE EDIFICIOS CONSTRUIDOS DE USO RESIDENCIAL COLECTIVO E DOTACIONAL NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.
(Expte 103457/421)

PREÁMBULO

I. “Correspóndelles aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.”

O artigo 9.2 da Constitución refunde a finalidade subxacente da actividade pública concretada na idea de procurar unhas condicións obxectivas de integración das e dos cidadás; por outra banda a configuración do Estado como “social” esixe a intervención dos poderes públicos para que a igualdade dos individuos sexa efectiva. Dende esta visión a eliminación de obstáculos arquitectónicos de accesibilidade e mobilidade é unha aposta das administracións o fin de acadar unha digna calidade de vida.

O Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSRU), no artigo 3.3.e) sinala, “Os poderes públicos formularán e desenvolverán, no medio urbano as políticas da súa respectiva competencia, de acordo cos principios de competitividade e sustentabilidade económica, social (...) *En particular: garantirán o acceso universal da cidadanía, de acordo cos requirimentos legais mínimos, ós edificios ...*”

II. No marco descrito o TRLSRU no artigo 24.4 indica, “*Será posible ocupar as superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores u outros elementos que garantan a accesibilidade universal cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución, e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos libres, dotacións e demais elementos do dominio público*”. En idéntico xeito pronúnciase o artigo 13.2 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas en Galicia.

Nos preceptos transcritos os lexisladores estatais e autonómicos dan resposta a un baleiro legal e a unha demanda reclamada pola máis elemental idea de mobilidade vertical e polo dereito á cidadanía de gozar dunha vivenda digna e accesible entendendo este termo, non como accesibilidade económica -cuestión que lles corresponde ás políticas de vivenda protexida- senón como accesibilidade funcional.

III. O vixente Plan xeral de ordenación municipal do 1993 (PXOM 1993) non garante na súa normativa nin nas súas previsións unha solución á problemática de accesibilidade dos edificios carentes de ascensor, isto non impide que o Concello de Vigo -poder público comprometido coas políticas de accesibilidade- co fin de elevar a calidade de vida das e dos seus cidadás, no marco da súa competencia no outorgamento de licenzas urbanísticas, artigo 143.2. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no uso da súa potestade regulamentaria, artigo 4 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, desenvolva unha resposta mediante unha norma que posibilite actos de edificación (torre ascensor) en solos de dominio público ou privado para corrixir efectos dispares no goce dos dereitos garantidos na Constitución.

A presente ordenanza -complementaria ás de edificación do vixente PXOU 1993- debe entenderse como unha norma especial para o desenvolvemento dos artigos 3.3 e 24.4 do R.D lei. 7/2015 e como a materialización dunha política de colaboración da Administración municipal desenvolta dende o seu compromiso co principio de igualdade material, artigo 9.2 da Constitución, no seu concepto máis amplo pois garante a prevalencia da accesibilidade (interese particular) fronte a utilización do voo do solo público (interese xeral) conforme ás necesidades básicas dos individuos. Para este fin, impulsa e estimula a instalación dun equipamento esencial (ascensor, rampa...) no uso residencial colectivo.

IV. A ordenanza segue a síntese das que en similar sentido teñen aprobado outras grandes cidades. Neste sentido mostra tres obxectivos básicos, (i) incorpora as previsións normativas ditadas con posterioridade á aprobación do vixente plan xeral, en concreto o TRLSRU que, como se ten exposto, permite a ocupación de superficies de espazos libres ou de dominio público indispensables para a instalación de ascensores; (ii) Concreta as condicións técnicas e xurídicas que resultan de aplicación na instalación das torres de ascensor no marco da referida normativa; (iii) Disciplina o procedemento formal para a tramitación das solicitudes o obxecto de asegurar unha actuación uniforme dos servizos municipais que redunde en eficiencia e axilidade ofertando un marco de seguridade xurídica.

Na normativa de aplicación subxace a pretensión de favorecer a accesibilidade universal sen distinguir o solo nin polo o seu destino nin pola a súa titularidade. No sentido exposto a ordenanza incorpora a posibilidade de torres de ascensor sobre espazos libres privados aos que se lles aplicarán as condicións xerais establecidas para as torres en espazo público. Tamén menciona a posibilidade da instalación de ascensor no interior dos edificios e a posibilidade de outorgar licenzas sobre espazos de dominio público ou privados para a instalación doutros axustes razoables de pequena entidade.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto da presente ordenanza garantir e fomentar no ámbito do término municipal de Vigo o cumprimento das medidas de igualdade material que permitan o acceso e a utilización das edificacións conforme coas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación. A este efecto regula as condicións técnicas, urbanísticas, administrativas e procedimentais no suposto de autorización de instalación dunha torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso residencial colectivo ou dotacional así coma de determinados elementos que permitan realizar axustes razoables tales como ramplas, plataformas elevadoras e outros medios mecánicos similares en edificacións que, carecendo destas ou non reunindo as condicións de accesibilidade ou mobilidade, deban instalarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal.

É tamén obxecto da Ordenanza a instalación de ascensores e outros medios mecánicos similares relativos a facilitar a accesibilidade e mobilidade en solo privado exterior o edificio ou no seu interior.

Artigo 2. Réxime xurídico.

1. A instalación da torre ascensor ou dos restantes medios de accesibilidade e mobilidade como ramplas, plataformas elevadoras e outros medios mecánicos similares, ben sexa sobre terreos de dominio público ou de propiedade privada, rexerase polo disposto na presente ordenanza que desenvolve o previsto nos artigos 3.3 e 24.4 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana; pola Lei 2/2016, de 10 de

febreiro, do solo de Galicia; polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e pola normativa técnica de aplicación.

2. As obras precisas para a instalación destes elementos de mobilidade e accesibilidade no interior do edificio encádranse, segundo o Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia, nas de *adecuación funcional de edificio*. Son obras que afectan aos elementos comúns da edificación e que teñen por obxecto proporcionar ao edificio mellores condicións no relativo aos requisitos básicos do Código Técnico da Edificación ou mellorar as súas condicións de accesibilidade.

Os promotores das actuacións previstas nesta Ordenanza atópanse excepciónados do cumprimento exacto das condicións de habitabilidade se, como consecuencia da configuración física da edificación ou de singulares determinacións do planeamento, resultase imposible o cumprimento íntegro das determinacións destas normas.

3. Respecto ao procedemento para súa tramitación administrativa, no non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na Ordenanza municipal de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do 28 de outubro de 2013 ou norma que a substitúa.

Artigo 3. Conceptos urbanísticos. Edificio existente; torre de ascensor; axustes razoables.

1. *Edificio existente*. Para os efectos desta ordenanza teñen a consideración de edificios existentes aqueles cuxa solicitude de licenza de obras sexa anterior á entrada en vigor do Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación (CTE) en materia de accesibilidade. No suposto de edificios cuxa solicitude de licenza sexa posterior á devandita norma, enténdese que cumpren as condicións de accesibilidade polo que non se poderán acoller ao previsto nesta ordenanza sen prexuízo de ser susceptibles de axustes razoables.

Teñen tamén a consideración de edificios existentes aqueles construídos con anterioridade ao ano 2010, aínda que non se teña constancia da solicitude de licenza.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación os edificios existentes de usos e tipoloxías diferentes ao de residencial de vivendas colectivas e equipamento de carácter público.

2. *Tipoloxía residencial*. Para os mesmos efectos, considérase edificio de tipoloxía residencial de vivenda colectiva o composto por máis dunha vivenda, sen prexuízo de que poida conter outros usos distintos do residencial.

3. *Torre ascensor*. Para os efectos desta ordenanza ten a consideración de torre de ascensor a construción ou instalación integrada polo espazo necesario para a maquinaria e o recinto ou espazo vertical por onde se despraza a cabina do ascensor, as plataformas de embarque e desembarque deste, así como as superficies complementarias que, no seu caso, resulten imprescindibles dispoñer para establecer a comunicación entre as plataformas e o núcleo de comunicación vertical resultante da actuación.

As torres de ascensores e os demais elementos de accesibilidade regulados nesta Ordenanza tales como rampas, plataformas elevadoras e similares dado o seu interese xeral e prevalente sobre outros aspectos da ordenación urbanística, non computan os efectos de edificabilidade, ocupación de parcela, volume máximo edificable, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións. Tampouco supoñen alteración da cualificación do solo. Consecuencia do anterior poderán instalarse en edificios que teñan esgotado a edificabilidade máxima asignada no correspondente Plan.

As torres de ascensores e aos demais elementos de accesibilidade e mobilidade non lles resultarán de aplicación as condicións de posición da edificación establecidas no planeamento urbanístico.

4. *Ascensor*. Para os efectos desta ordenanza entenderase por ascensor calquera aparello de elevación destinado ao transporte de persoas que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 2 da Instrución Técnica Complementaria AEM 1 "Ascensores" en vigor.

5. *Axustes razoables*. Para os efectos desta ordenanza enténdese por axustes razoables en materia de accesibilidade aquelas modificacións e adaptacións necesarias que garantan a todas as persoas o exercicio do dereito de accesibilidade en condicións de igualdade sempre que non impoñan unha carga desproporcionada.

Conforme co artigo 10.1.b) da Lei 49/1960 do 21 de xullo, da propiedade horizontal (LPH), será desproporcionada a carga cando o custo da instalación que se vai realizar, descontadas as posibles subvencións ou axudas públicas percibidas, exceda na súa repercusión anual, de doce mensualidades ordinarias de gastos comúns. Cumprindo a condición exposta as obras e actuacións necesarias para garantir axustes razoables en materia de accesibilidade universal teñen carácter obrigatorio.

Artigo 4. Condicións xurídicas para a implantación de torres de ascensores e demais medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade.

1. A instalación de torres de ascensores ou doutros elementos como rampas ou plataformas elevadoras nas condicións previstas nesta Ordenanza está suxeita a licenza urbanística ou comunicación previa.

2. A obtención de título habilitante, no caso de que a instalación sexa urbanisticamente viable, outorgarase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución para garantir as condicións básicas de accesibilidade será posible ocupar as superficies de espazos libres privados que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos mecánicos, así como superficies comúns de uso privativo tales como vestíbulo, descansos, zonas de circulación ou paso, sobrecubertas, saíntes, soportais e outros espazos libres tanto se se sitúan no chan, como no subsolo ou no voo; asegurarse sempre a funcionalidade dos espazos libres.

Cando a torre de ascensor ou demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza deba executarse ocupando espazos libres ou de dominio

público de titularidade municipal, a súa autorización levará consigo a cesión de uso do voo na porción de espazo libre ou de dominio público municipal necesario para a súa instalación e polo tempo no que se manteña a edificación. Cesión que concluirá anticipadamente cando un interese extraordinario, inminente e perentorio acreditado considere necesaria a súa extinción.

3. Os efectos desta Ordenanza consideraranse dominio público:

Solo demanial de titularidade e uso público.

Solos patrimoniais adscritos a un uso ou servizo público por máis de 30 anos.

Solos nos que se atope constituída unha cesión de uso público de superficie.

4. Cando para a instalación de torres de ascensores e demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta ordenanza sexa necesaria a ocupación de terreos de dominio público non municipais será precisa a autorización da Administración titular do solo, neste suposto a Administración municipal poderá solicitar da Administración titular a cesión de uso do espazo que resulte necesario.

TÍTULO I

Condições para a instalación de ascensores e outros medios de accesibilidade e mobilidade

Artigo 5. Xustificación e condicións xerais de localización de torres ascensor en fachada.

1. Nos edificios construídos de uso residencial colectivo poderase autorizar a instalación de torres de ascensores apegadas ás fachadas ben ocupando espazos libres ou de dominio público (vías públicas), ben ocupando espazos privados, cando na solicitude de licenza se xustifique que, polas características da edificación, tal solución é a única técnica ou economicamente viable para a corrección da carencia de accesibilidade universal e que dita solución, no caso de uso residencial colectivo, non afecta nin ás vivendas nin aos locais existentes.

En todo caso xustificárase que a instalación de ascensor non é posible no interior do edificio ben no oco de escaleiras, ben no patio interior xa sexa aberto ou de luces. Entenderase que non é posible a instalación do ascensor no interior do edificio nalgún dos seguintes casos:

- a. Cando non exista espazo suficiente nas zonas comúns ou no oco de escaleiras.
- b. Cando non sexa posible garantir o cumprimento das esixencias básicas do CTE e os seus documentos de apoio.
- c. Cando a instalación afecte a elementos ou espazos obxecto de protección.
- d. Cando non sexa posible a ocupación de zonas privativas conforme á LPH

A autorización outorgarase considerando o mantemento da edificación e que dela non se deriva deterioro significativo da funcionalidade e calidade urbana do espazo libre, das redes de infraestruturas e servizos existentes nin das dotacións e demais elementos de dominio público afectados.

Os servizos urbanos existentes serán retranslocados fóra do espazo ocupado pola instalación.

2. A solución adoptada integrarase coa fachada do edificio no referente á forma e dimensións da torre de ascensor e dos materiais empregados.

3. A solución permitirá o funcionamento do espazo público en relación coa rede viaria, uso peonil e accesibilidade. Quedará garantido o acceso de vehículos de emerxencia.

A solución para a instalación da torre no exterior do edificio observará un ancho mínimo de paso de 1,50 metros. Excepcionalmente reducirase a 1,20 metros no suposto que as características do espazo público a faga inviable.

4. Aplicaranse as medidas de sinalización establecidas na normativa de accesibilidade.

Artigo 6. Condicións particulares da instalación de torres ascensor na fachada dos edificios.

1. *Características.* Non se permitirá a instalación de ascensores de velocidade igual ou inferior a 0,15m/s se han de servir mais de dous niveis ou a un percorrido superior de 3,20 metros; estarán dotados de sistemas de tracción que garantan un baixo consumo eléctrico; evitarase a instalación de ascensores hidráulicos agás por razóns excepcionais e construtivas.

Os ascensores que se instalen con velocidade superior a 0,15m/s cumprirán, donde sexa técnicamente posible, coas normas técnicas de ascensores en vigor.

2. *Acceso.* O acceso ou desembarque ao ascensor no interior da edificación resolverase mediante comunicación directa a través de zonas comúns de circulación coa escaleira do inmovible e portal evitando, na medida do posible, banzos no percorrido desde a cabina ata a porta de vivendas. A nivelación (a ras) nos accesos terá unha tolerancia de +/- 10mm coma máximo.

Dotarase ós núcleos de comunicación das condicións de ventilación e iluminación suficientes conforme o establecido no CTE. En casos excepcionais poderase localizar un pequeno vestíbulo exterior en nivel de rúa no acceso á cabina do ascensor.

3. *Distancia a fachadas.* Dependerá en cada caso da disposición do ascensor sobre o espazo público.

4. *Distancia a xanelas.* Evitarase que as actuacións incidan negativamente nas condicións de salubridade e hixiene das dependencias habitables existentes no edificio ou nos edificios lindeiros.

Os documentos gráficos do proxecto reflectirán a disposición de todas as xanelas das vivendas que ventilan ou iluminan a través dos espazos onde poida existir incidencia da torre ascensor con indicación do uso das devanditas estancias.

Son dependencias habitables o conxunto de pezas nas que se desenvolve a vida das persoas que ocupan vivenda que teñen obrigatoriamente iluminación e ventilación natural ao exterior. Son pezas habitables as estancias e as cociñas.

Considerarase que non existe a dita incidencia negativa cando se poida verificar que:

a. Non se produce ningunha interferencia de luces rectas entre a instalación de ascensor e os ocos de xanela existentes na fachada do edificio.

b. A distancia mínima entre o plano das xanelas polas que ventilan ou se iluminan as dependencias habitables afectadas e o plano enfrontado do cerramento do ascensor será de 1,00 metro. Excepcionalmente poderase reducir a distancia se o uso da dependencia vividera é de baño, aseo ou corredor. A distancia mínima será de aplicación tanto si a instalación proxéctase na fachada principal ou en patio de luces.

Si dita distancia fora superior a 2 metros, admitirase ademais que devandito cerramento sexa opaco.

Si a mesma fora entre 1 e 2 metros, os cerramentos da caixa do ascensor deberán ser elementos permeables á luz e ao aire tales como lamas de vidro ou mallazos metálicos, que en todo caso impidan introducir obxectos ou extremidades no oco do ascensor.

5. *Acabados exteriores e peche perimetral.* Serán acordes cos materiais e cores das edificacións existentes. Serán duradeiros, integrados coa contorna e de aspecto lixeiro co fin de xerar o menor impacto visual. Procurarase o uso de elementos permeables á luz e ao aire en todo caso o cerramento impedirá introducir obxectos ou extremidades no oco do ascensor.

6. *Instalacións.* Dispoñerase da instalación de recollida e evacuación de augas pluviais ata a rede pública. Non se realizarán actuacións antiestéticas, inconvenientes ou lesivas non integradas tales como condutos eléctricos ou de telecomunicacións apegados á fachada visibles desde a vía pública. Instalaranse baixo molduras, canalizacións ou condutos integrados na fachada.

7. *Cuarto de máquinas.* Situarase en todo caso no interior do volume da edificación ou sobre o recinto de percorrido da cabina. Será accesible desde zonas comúns e cumprirá as condicións de illamento acústico previstas na normativa municipal sobre Protección do Medio Ambiente e contra ruídos e vibracións. Permitiranse casetóns que deban localizarse por riba das pendentes de cuberta e sexan obrigatorios en virtude da normativa sectorial.

8. *Obras de urbanización.* Os remates de execución de obras de urbanización para realizar no espazo público, tales como pavimentado e bordos, entre outros, utilizarán materiais de idénticas calidades e características aos existentes. As obras complementarias de urbanización asegurarán o mantemento e correcto funcionamento das redes de infraestruturas e servizos urbanos que, no seu caso, discorran por estes espazos. Garantirán as modificacións necesarias que se mantén e resolve axeitadamente o interese público destes espazos. A estes efectos depositarase con carácter previo á obtención da licenza ou título que corresponda, fianza ou aval bancario que garanta a reposición dos servizos urbanísticos que puideran verse afectados pola execución das obras.

Cando a afectación ao dominio público supoña a alteración das infraestruturas ou as condicións e características do mobiliario urbano, prazas de aparcamento ou plantacións situadas naquel os custos de modificación serán asumidos polos propietarios do edificio no que se solicite implantar o ascensor.

Artigo 7. Ascensores no interior dos edificios.

1. Comprende aquelas situacións posibles que non modifican o sólido capaz orixinal do edificio, é dicir, non se altera o fondo edificado do inmovible, nin as fachadas, nin este sofre unha distorsión perceptible desde o exterior salvo a eventual aparición do casetón da maquinaria nos planos de cuberta. As ditas situacións poden ser:

a. No interior do edificio, preferentemente na caixa de escaleiras.

b. En patio interior. Situación que comprende tanto os patios de luces como os patios abertos a fachada, pero sempre ao interior dos planos que configuran as fachadas orixinais do edificio.

c. En situacións especiais. Situación concreta e particular que deberá explicarse no proxecto.

2. Permítese unha redución da dimensión mínima do patio resultante que estivese establecida con carácter xeral pola normativa urbanística ou sectorial de aplicación; en todo caso a superficie do patio resultante redución non será inferior o 25% da dimensión mínima establecida con carácter xeral para os patios na normativa urbanística.

3. Non serán de aplicación as alturas libres mínimas en función dos usos regulados na normativa urbanística polo que poderán manter as alturas existentes. No caso de que sexa indispensable unha redución da altura admitiranse alturas libres mínimas de ata 2,40m en usos residenciais e espazos comúns de circulación do uso residencial e de 2,10m en zonas de circulación de uso garaxe-aparcamento, que poderán chegar a 2,00m en prazas de aparcamento e rochos. Estas reducións non superarán o 20% da superficie útil do recinto considerado.

4. Poderán eliminarse as prazas de aparcamento e/ou rochos imprescindibles, aínda que se incumpra a dotación mínima de prazas de garaxe aparcamento e rochos dos usos residenciais imposta como obriga na licenza de construción da edificación. Ademais da necesaria xustificación técnica, será requisito indispensable contar coa conformidade do propietario do elemento que se elimina.

5. En todo caso a instalación dun ascensor interior non supoñerá a desaparición dos ocos de acceso ao patio salvo que se acredite que é imprescindible a súa desaparición para tal instalación, neste caso deberán dispoñerse ocos substitutivos ou, en todo caso, medios alternativos para o acceso ao patio.

6. No suposto que a instalación dun ascensor no interior do edificio imposibilite a escaleira deste conforme coa normativa técnica aplicable poderase autorizar a instalación de torres de escaleiras encostadas ás fachadas coa ocupación de espazos libres ou de dominio público (vías públicas). As torres de escaleiras, dado o seu interese xeral e prioritario sobre outros aspectos da ordenación urbanística, non

computan para os efectos de edificabilidade, ocupación de parcela, volume máximo edificable, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións; tampouco supoñen alteración da cualificación do solo.

Artigo 8. Instalación de ramplas e plataformas elevadoras.

1. As ramplas e plataformas elevadoras poden colocarse:

a. De forma preferente, no interior da edificación, ben sexa en zonas comúns ou, no caso de que fose imprescindible, con afección a propiedades particulares.

b. Cando a colocación dos devanditos elementos no interior do edificio sexa inviable técnica ou economicamente, ou resulte incompatible co seu grao de protección, as persoas interesadas poderán solicitar a instalación destes elementos polo exterior do edificio, ocupando espazos privados de uso público ou espazos públicos. Quedará suxeita esta ocupación á pertinente autorización municipal, ou da administración titular.

2. Toda solución exposta debe integrarse formalmente coa fachada do edificio no referente á súa composición, forma e dimensións, materiais e cores empregadas. Así mesmo, debe asegurarse a funcionalidade dos espazos libres, redes e infraestruturas e servizos urbanos, dotacións públicas e demais elementos do dominio público que puidesen verse afectados, en particular os percorridos peonís e rodados e que en todo caso queda garantido o acceso para vehículos de emerxencia.

3. No caso de que a proposta contemple a localización en solo de uso público deberá xustificarse, achegando e detallando as razóns que, no seu caso, impidan a localización no interior do edificio. Para a localización dos devanditos elementos polo exterior da edificación, sobre espazos de dominio privado ou público, quedando sometidos á previa obtención de licenza urbanística e de calquera outro título habilitante necesario.

4. Os servizos técnicos municipais poderán, tras o exame da documentación achegada, requirir a información que consideren precisa sobre calquera emprazamento posible, todo iso con obxecto de perfeccionar a proposta en canto á súa localización definitiva.

Artigo 9. Seguridade de utilización e accesibilidade. Seguridade en caso de incendio.

1. No referente ás condicións de seguridade de utilización e de accesibilidade a instalación dunha torre ascensor nun edificio existente aterase ao establecido no CTE así como ás Ordenanzas municipais sectoriais de aplicación.

2. Co fin de garantir a accesibilidade universal deberase dispoñer dun itinerario accesible que comunique a cabina do ascensor tanto coa vía ou espazo público como coas vivendas segundo a definición establecida no Documento Básico de Seguridade de Utilización e Accesibilidade (DB SUA) do CTE.

3. Cando se dean as circunstancias de inviabilidade de cumprimento do CTE ou dos seus documentos interpretativos propoñeranse solucións alternativas e autorizaranse modificacións no trazado das escaleiras non estritamente axustadas ás disposicións

específicas da normativa vixente en materia de accesibilidade atendendo á mellora na accesibilidade xeral que representa a torre ascensor; tal solución non supoñerá o incumprimento da normativa vixente de Protección contra Incendios.

4. No referente ás condicións de seguridade en caso de incendio, a instalación dunha torre ascensor nun edificio existente aterase ao establecido no CTE así como ás Ordenanzas municipais e sectoriais de aplicación.

5. As obras de mellora da accesibilidade mediante torre ascensor no exterior dun edificio existente non reducirán as condicións esixibles de aproximación dos vehículos de emerxencia á contorna do edificio ou os seus lindeiros nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

6. Nos casos de edificios de vivenda colectiva nos que se autorice a instalación de torre ascensor e que carezan das instalacións de iluminación, sinalización de emerxencia e extintores conforme a normativa, esixirase a colocación destes elementos nos percorridos de evacuación con independencia doutras melloras que poidan resultar obrigatorias en cumprimento do CTE.

TÍTULO II

Normas sobre procedemento

Artigo 10. Procedemento e solicitude de licenza de torres ascensores ou outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade no exterior dos edificios.

1. En todo caso será preciso tramitar expediente de solicitude de licenza urbanística para a instalación de torres de ascensores ou outros medios de accesibilidade e mobilidade no exterior dos edificios, ocupen ou non, espazos de dominio público, conforme co procedemento definido na norma reguladora de tramitación de licenzas urbanísticas coas especialidades previstas nesta ordenanza.

2. O procedemento iniciarase mediante a presentación da solicitude de licenza urbanística en modelo normalizado. A solicitude acompañarase da documentación xeral prevista na Ordenanza reguladora para a tramitación de licenzas urbanísticas no procedemento de licenza de reestruturación e considerando a documentación específica desta Ordenanza.

3. Nos supostos de edificios existentes sometidos ao réxime de propiedade horizontal, ademais da documentación xeral, achegarase certificación literal do acordo de instalación da torre ascensor expedida polo secretario ou administrador da Comunidade de Propietarios co visto e praxe do presidente; tal certificación, ademais de mencionar que o acordo foi adoptado consonte coas normas que rexen o funcionamento da Comunidade de Propietarios, mencionará a aprobación do proxecto de obras achegado á solicitude.

4. Se o inmovible non estivese sometido ao réxime legal de propiedade horizontal por non resultar obrigatorio conforme as normas de Dereito privado, ademais da documentación xeral esixible, farase constancia expresa desta circunstancia e achegarase o documento notarial ou rexistral que o acredite.

Artigo 11. Documentación específica.

1. Será esixible a seguinte documentación específica:

a) Memoria xustificativa subscrita polo técnico redactor do proxecto, que analice e acredite que a instalación do ascensor exterior é a única solución técnica ou economicamente viable conforme o sinalado no artigo 5.1 desta ordenanza.

O estudo de inviabilidade económica considerará o sinalado no artigo 2.5 do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

b) Proxecto de obras asinado polo técnico competente que, ademais da esixida regulamentariamente, incluíra as determinacións e documentación seguinte:

- Informe no que se sinale que o proxecto cumpre coa normativa urbanística aplicable o coa indicada nesta ordenanza.

- Memoria descritiva da solución adoptada dende o punto de vista urbanístico, construtivo e compositivo.

- Reportaxe fotográfica do estado actual do edificio e da súa contorna e, no caso de edificios protexidos, fotocomposición da imaxe final.

- Orzamento da actuación.

- Plano a escala suficiente da contorna afectada grafiando percorridos peonís e rodados existentes e definindo a incidencia da torre de ascensor proxectada sobre os mesmos.

- Descrición e planos detallados que recollan a solución urbanística adoptada no caso de que a implantación da torre de ascensor produza interaccións coa urbanización existente ou afecte á viabilidade e/ou a elementos urbanos.

- Planos do estado actual e reformado da edificación en plantas, seccións e alzados.

- Memoria, planos e orzamento que definan o deseño final e as obras necesarias para a reposición e/ou reforma da vía pública ou zona verde afectada pola actuación coa indicación dos servizos existentes e solución proposta.

2. Previamente á comunicación de inicio de obras o solicitante achegará carta de pago acreditativa do depósito do aval, ou o seu equivalente en metálico, referido á reposición ao estado orixinal dos espazos públicos ou zonas verdes.

Artigo 12. Informes.

1. A Xerencia Municipal de Urbanismo emitirá informe técnico nos seguintes aspectos:

a) Validación ou aceptación da Memoria xustificativa presentada na que se analizará e acreditará que a instalación do ascensor exterior é a única solución técnica ou economicamente viable.

b) Que da instalación non se deriva deterioro significativo da funcionalidade e calidade urbana do espazo libre, das redes de infraestruturas e servizos existentes nin das dotacións e demais elementos de dominio público afectados.

c) Que o proxecto intégrase da documentación xeral esixida na normativa municipal e da específica desta ordenanza.

d) Que o proxecto cumpre coas condicións particulares sinaladas na presente ordenanza.

2. No suposto de que o ascensor se localice en terreos de dominio público municipal a Xerencia Municipal de Urbanismo dirixirase a Área competente en materia de Patrimonio ou á competente en materia de parques e xardíns para os efectos de que no prazo de dez días emitan informe no cal se determine o custe de reposición da vía pública ou zona verde e dos elementos preexistentes co fin da constitución do aval para a súa reposición ao seu estado orixinal.

3. A Xerencia Municipal de Urbanismo dirixirase á área competente en materia de seguridade e mobilidade nos casos en que a actuación incida no tráfico viario e peonil así como no acceso de vehículos de emerxencia.

4. Cando o edificio forme parte dun conxunto de similares características, a fin de salvaguardar a unidade do conxunto urbano, o informe técnico prescribirá que o modelo autorizado sexa referente a instalacións futuras no mesmo ámbito.

5. Tras os informes técnicos emitirase informe xurídico respecto á normativa aplicable que conterá a proposta de Resolución en relación á solicitude formulada.

Artigo 13. Actuacións en edificios catalogados ou declarados BIC.

1. Nos edificios protexidos polo seu valor cultural nos que resulte necesaria a súa adaptación ás condicións mínimas de accesibilidade e esta entre en contradición coa normativa de protección do patrimonio cultural poderán autorizarse solucións alternativas ou innovadoras respecto ás esixencias técnicas que resulten sostibles e respectuosas coas características e elementos de valor cultural do edificio.

2. A concesión de licenza de torre ascensor en edificios incluídos no Catálogo do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC) ou no Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello (PEPRI Casco Vello) requirirán informe favorable das respectivas Comisións Técnicas de Seguimento. A autorización supeditarase á determinación e execución das medidas que en cada caso se estimen necesarias para a preservación e o mantemento dos inmobles nas condicións determinadas no dito réxime.

Outorgada a autorización do parágrafo anterior a proposta remitirase para informe do órgano autonómico competente na xestión do réxime de protección aplicable.

Artigo 14. Resolución.

1. O procedemento de licenza finalizará coa resolución. No caso de ser favorable, autorizará a localización, as obras precisas e a instalación solicitada con inclusión da

lexitimación para a ocupación privativa de espazos libres do dominio público conforme o réxime descrito na presente ordenanza.

2. A licenza urbanística conterá como prescrición os seguintes aspectos:

Obriga de obter a conformidade das empresas subministradoras para a modificación das redes de servizos afectados pola instalación do ascensor, debendo dar cumprimento á solución final.

O custo das obras necesarias para o desvío do trazado dos servizos urbanos afectados así como os de retirada, instalación ou desprazamento dos elementos preexistentes na vía pública como mobiliario urbano ou sinalización, corresponderalle titular da licenza.

3. No caso de ascensores ou outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade universal tramitados mediante comunicación previa, estarase ó disposto no artigo 146 da lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia así coma nos artigos 360 e seguintes do Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento e a Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa de 28 de outubro de 2013 ou norma que a substitúa.

Artigo 15. Inicio de obras. Inspección e supervisión das obras e instalacións.

1. O/a titular da licenza comunicará cunha antelación de 15 días a data de inicio de obra e/ou replanteo.

2. O Concello de Vigo inspeccionará a correcta execución das obras da instalación da torre de ascensor en fachada e supervisará as mesmas nos termos autorizados.

Disposición adicional primeira. Ascensores en solo privado exterior o edificio.

As disposicións e condicións xerais de instalación de torres de ascensores con ocupación do espazo público reguladas no Título Preliminar, I e II desta ordenanza serán de aplicación á instalación de torres de ascensores en solos privados exteriores salvo as específicas para ocupación do espazo público, unha vez constatada a imposibilidade técnica ou económica da súa instalación no interior da edificación.

Cando non sexa técnica ou economicamente viable ou, no seu caso, incompatible co seu grao de protección, poderanse aplicar solucións alternativas que permitan alcanzar o maior grao de adecuación ás condicións de accesibilidade universal.

Disposición adicional segunda. Outros axustes razoables en materia de accesibilidade.

1. As previsións desta ordenanza relativas as torres ascensor en espazos libres e de dominio público serán de aplicación ás pequenas actuacións dirixidas a salvar reducidos desniveis de acceso mediante ramplas ou mediante plataformas mecánicas ben inclinadas, ben verticais ou outros elementos análogos.

2. Cando, aínda considerando as tolerancias, resulte urbanística, técnica ou economicamente inviable alcanzar o cumprimento do CTE e os seus documentos interpretativos ou, no seu caso, iso resulte incompatible coa natureza da intervención

ou co grao de protección do edificio, poderanse aplicar, baixo o criterio e responsabilidade do proxectista ou, no seu caso, do técnico que subscriba a memoria, aquelas solucións que permitan o maior grao posible de adecuación efectiva ás condicións básicas de accesibilidade.

3. A posible inviabilidade ou incompatibilidade de aplicación ou as limitacións derivadas de razóns técnicas, económicas ou urbanísticas xustificaranse no proxecto ou na memoria, segundo corresponda, e baixo a responsabilidade e o criterio respectivo do proxectista ou do técnico competente que subscriba a memoria. Na documentación final da obra deberá quedar constancia do nivel de prestación alcanzado e dos condicionantes de uso e mantemento do edificio, se existen, que poidan ser necesarios como consecuencia do grao final de adecuación efectiva alcanzado e que deban ser tidos en conta polas persoas propietarias e usuarias

Disposición adicional terceira. Modificación da Ordenanza fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público.

Engádase no artigo 1, Feito Impoñible, da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público un apartado 2 co seguinte contido:

2. Non constituirá feito imponible para o devengo de taxa polos aproveitamentos especiais sinalados no apartado a) do artigo 1 a instalación o servizo da edificación de torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso dotacional ou residencial colectivo que carezan de instalación de ascensor.

Disposición transitoria primeira. Axudas para a instalación de torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso residencial colectivo

Para facilitar os obxectivos contemplados nesta Ordenanza poderán establecerse axudas públicas a través das actuacións subvencionables acollidas aos programas que convoque o Concello de Vigo de conformidade coas bases reguladoras que ao seu efecto se establezan.

Disposición transitoria segunda. Procedementos iniciados

Os titulares de procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes da resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación segundo a normativa que lle resultase de aplicación.

Disposición final primeira. Interpretación da Ordenanza.

As mencións na presente ordenanza a normas específicas entenderase extensiva á norma que por promulgación posterior a substitúa.

Corresponde á concellería delegada da Área competente en materia Urbanismo a coordinación das actuacións comúns que se realicen para desenvolver a aplicación desta Ordenanza e fixar mediante Instrución os seus criterios interpretativos.

As definicións dos conceptos regulados nesta Ordenanza serán interpretados e aplicados conforme á Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana de Galicia e conforme o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da lei do solo de Galicia.

Disposición final segunda. Publicación e entrada en vigor.

Conforme o artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da recepción do acordo de aprobación na Administración do Estado e na Administración da Comunidade Autónoma.”

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

5(233).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DECRETAR A GRATUIDADE DO APARCADOIRO DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO, ASÍ COMO Á CESIÓN AO CONCELLO DA PARCELA 5 DO COMPLEXO HOSPITALARIO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO GRATUÍTO. REXISTRO PLENO 2740/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2020, número 2740/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O goberno de Núñez Feijoo castigou á cidade de Vigo co único hospital privado de Galicia. Puxo en marcha un sistema de privatización para favorecer ao sector empresarial que non tivo continuidade en Galicia.

Esta operación de converter a sanidade nun negocio demostrouse de forma permanente co canon que anualmente figura nos Orzamentos da Xunta pero tamén as sentenza en contra do SERGAS sobre a obrigaón de abonar IBI e IVE/IVE.

Se isto fose pouco, para descubrir a gran mentira de Núñez Feijoo, en datas recentes coñecemos que un fondo de investimento francés fíxose coa maioría das accións da sociedade concesionaria do Hospital Alvaro Cunqueiro. Esta operación demostra que o Hospital de Vigo foi concibido como un negocio e non para a atención sanitaria pública. Todo un pelotazo que significa que o Hospital de Vigo, que foi concibido como 100% público polo goberno de Touriño, agora sexa propiedade dun fondo de investimento que acabará especulando co tarde ou cedo, porque un fondo sempre busca a máxima rendibilidade.

O que sempre quixo negar Núñez Feijoo queda ao descuberto, aínda que xa era evidente. O Hospital Álvaro Cunqueiro foi concibido polo goberno da Xunta do PP en beneficio das empresas e non pensando na atención sanitaria pública.

Co paso dos anos demostrárase o que xa anticipamos desde o primeiro momento, ao final a concesión terá un custo desorbitado que só beneficiará ao sector privado e minguará a calidade da asistencia sanitaria.

A esta forma de concesión privada únese o copagamento ao que se obriga aos pacientes e familiares á hora de ter que pagar o aparcamento, unido ao custo que tamén significa para os propios traballadores do Hospital.

Desde o primeiro día da súa posta en funcionamento, toda a sociedade viguesa reclamou a gratuidade do aparcamento á que se negou sistematicamente o goberno de Núñez Feijoo, noutra volta de tuerca máis para encher de beneficios á sociedade concesionaria, hoxe propiedade dun fondo de investimento.

Desde o Concello de Vigo realizamos todas as propostas posibles, desde a esixencia da gratuidade do propio aparcamento ata a petición de cesión e inclusive de venda das parcelas do Complexo Hospitalario que hoxe non son utilizadas e sobre as que non se ten previsión de utilización. Todo isto negouse e é indigno ver como as viguesas e vigueses teñen que pagar todos os días do ano as tarifas do aparcamento a unha empresa privada e as parcelas sobre as que o Concello quere construír un aparcamento gratuíto están abandonadas sen ningunha utilización.

Todo o que poida facer o goberno da Xunta denegouse. E só o que se puido facer o goberno de Vigo executouse en beneficio das viguesas e vigueses. Hoxe, cinco anos despois, o único aparcamento gratuíto nese Hospital é o construído polo Concello de Vigo.

Por iso volvemos insistir na gratuidade do aparcamento propio do Hospital e na petición de cesión ou venda por parte da Xunta ao Concello para a construción doutro aparcamento máis que será como o xa construído totalmente gratuíto para traballadores, pacientes e familiares.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade do aparcamento do Hospital Alvaro Cunqueiro.
- Instar á Xunta de Galicia á cesión ao Concello de Vigo, de forma gratuíta ou por adquisición, da Parcela 5 do Complexo Hospitalario para a construción dun aparcamento que terá a consideración de gratuíta.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Imos a falar dos problemas dos vigueses/as das solucións a estes problemas e imos a ver agora como se posiciona cada un, tódolos días centos de vigueses desexarían que se aprobase esta moción pero o que realmente desexan as viguesas/es dende hai 5 anos, é que a Xunta de Galicia asumise o contido desta moción. Durante 5 anos, máis de 1.800 días, semanas, meses e anos canto haberemos pagado as viguesas/es no aparcadoiro do hospital Álvaro Cunqueiro. Esta moción será aprobada, estou completamente seguro a incógnita e ver si o Sr. Feijóo acepta o contido desta moción aprobada polo Pleno do Concello de Vigo. O hospital privado foi un engano masivo aos vigueses, oímos repetir moito a palabra mentira esta mañá e a mentira máis gorda, máis importante, máis substantiva é ter repetido que tiñamos un hospital público cando certamente era un privado, se pasou dun custe de 400 millóns a 1.300 millóns, despois dun informe nunhas horas da que era candidata do Partido Popular, o Sr. Feijóo o dicía antes como ben di o meu compañeiro o Sr. Losada, leva adosando a palabra público ao hospital Álvaro Cunqueiro e por máis que se empeñe este está en mans privadas, porque o debate está fulminado, non o dicimos nós o di a Inspección de Facenda que di que a sociedade concesionaria ten que pagar un IVE do 21% e non do 10%, non o dicimos nós, dío o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que ditamina que era legal cobrar o IVE por esa concesión. E aínda sucedeu algo peor, se o anterior xa non era a pouco, substantivo e importante e é que a concesión outorgada polo goberno do Sr. Feijóo é obxecto de especulación, de aqueles que só pretendían do negocio consentido polo goberno do Partido Popular, xa comezaron a facer caixa,

non esperaron moito tempo, en só 5 anos xa venderon a concesión a un fondo, e evidentemente as preguntas que nos debemos facer é despois de todo isto que garantías de viabilidade ten ese hospital, esa concesión despois desta operación especulativa, que custe final acabaremos pagando, seguro que máis dos 1.300 millóns de euros e tamén algo moi importante alguén pensa que non afecta esta situación ao que é a calidade da asistencia sanitaria, pois evidentemente que a afecta, pero vaíamos ao aparcadoiro, o aparcadoiro o pagamos tódolos días, unha agresión á economía das cidadás de Vigo e dos cidadáns, dende o primeiro día é un auténtico copago, me preguntaba antes canto haberemos pagado neste 5 anos e seguro que por encima dos 2 millóns de euros, e aquí o importante e por iso falaba de problemas e de solucións, é que a Xunta de Galicia sempre foi insensible a este custe que lle supón aos cidadáns de Vigo e é moi importante, a Xunta de Galicia en ningún momento achegou solucións, hoxe nos atopamos cun aparcadoiro o propio das instalacións baleiro, morto de risa, iso si, pagado por todos nós, pero tamén nos atopamos cuns terreos que están mortos de risa e repletos de herbas, e ante este atraco diario de todo o que é ir a consultas, de todo o que ir a visitar a persoas que están alí hospitalizadas ante este atraco como digo diario, é obrigado dar solucións, a Xunta de Galicia non deu ningunha solución dende o primeiro momento que denunciámos esta situación, por contra o Concello de Vigo é o único que foi exemplo de preocupación e apoio ás viguesas/es o único aparcadoiro gratuíto ao que se pode acceder na contorna do hospital Álvaro Cunqueiro é o aparcadoiro do Concello de Vigo pero é evidente que non chega, que non é suficiente para satisfacer as necesidades de traballadores e das persoas que van ao hospital, por iso nesta moción dicimos que necesitamos máis e por iso ofrecemos o que primeiro, o aparcadoiro debe de ser gratuíto como sempre dixemos, pero segundo, é necesario os terreos ben por cesión ou ben por venda a este Concello.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O aparcadoiro de pago do hospital Álvaro Cunqueiro é apenas o exemplo máis evidente do modelo privatizador que impuxo o Partido Popular neste hospital e que se converte este aparcadoiro nun imposto á enfermidade, este modelo privatizador converteu a área sanitaria de Vigo na verdadeira zona cero da desfeita sanitaria, temos un hospital privatizado, reducido en servizos que

multiplicou case por 4 o seu custe e no que decisións sobre aspectos tan importantes como a limpeza, nun contexto de pandemia as toma unha UTE privada, empresas privadas, que provocan que nun hospital en plena segunda vaga de Coronavirus se estivera a limpar os baños públicos do hospital menos veces que nun centro comercial, a única beneficiaria deste modelo privatizador é a UTE, a mesma a que cada ano a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo lle entrega por volta de 108 millóns de euros, en diferentes partidas, algunhas tamén queremos dicilo bastantes opacos nas contas xerais da Xunta de Galicia, e por iso que o BNG apoiando esta moción do Partido Socialista entendemos que non se trata só de reclamar ao respecto do aparcadoiro senón do que se trata é de precisamente impugnar este modelo que quixo converter en negocio privado a saúde das viguesas/es e por iso o BNG lles formulamos unha emenda de engadego precisamente na liña de instar ao goberno galego a rescatar a concesión do hospital Álvaro Cunqueiro para garantir a súa xestión 100% pública, para garantirlle ás viguesas/es o seu dereito a ter un hospital 100% público, unha proposta que o BNG tamén vehiculamos a través dunha emenda aos orzamentos da Xunta de Galicia e que eu dende logo estou certo, vostedes non deberan ter ningún problema en asumir toda vez o seu líder galego o Sr. González Caballero hai apenas 15 días nas portas do propio hospital sumou a esta proposta do rescate concesional para poñer fin a esta política privatizadora.

SR. PÉREZ CORREA: Dende Marea de Vigo queremos lembrar que este debate ven en marcha do Pleno pois como o Guadiana e aparece de súpeto, cando non sei se por recheo ou porque non hai outra iniciativa máis urxente se propón, que o aparcadoiro era privado, que a xestión dos servizos non directamente sanitarios ía ser privado se sabía cando o Partido Popular e o Partido Socialista asinaron un acordo orzamentario aquí que lle ía a dar os servizos públicos e que facilitou a apertura dese hospital, que non se esqueza, o único que se intentou é escamotear o nome de que os servizos eran para o Álvaro Cunqueiro pero vostedes agora nos veñen a intentar remediar ademais algunhas cuestións que para este grupo municipal foron demagóxicas porque foi este grupo municipal o que trouxo aquí ao Pleno que sabendo que ían a ser o aparcadoiro e outros servizos privados, sabendo que o Partido Popular non quería que houbera un aparcamento gratuíto

propuxemos no seu día, ao inicio á lexislatura anterior, a posibilidade de facer un aparcadoiro municipal, literalmente o Alcalde de Vigo nos dixo que nós viñamos aquí a branquear ao Sr. Feijóo e 15 días despois o Concello de Vigo que votara en contra desa moción que traía a Marea de Vigo para abrir un aparcadoiro municipal, abre un aparcadoiro municipal, aparcadoiro municipal que por certo que lle recomendo que visiten e verán que necesita un mantemento importante porque está practicamente levantado todo o firme dende o día que se fixo e a nos nos parece correcto que ante a política privatizadora do Partido Popular e as políticas do Partido Popular a reacción dun goberno supostamente progresista pois sexa intentar buscar servizos públicos gratuítos para veciños nunha situación ademais nun hospital que se fixo nunha ubicación cando menos discutible sen un plan de transporte, eu que son veciño de Beade deberían de ver como estar os firmes de Beade dende que hai un tráfico constante de persoas que atravesan vías secundarias para ir ao Hospital Álvaro Cunqueiro que está xerando unha mobilidade, cando menos bastante inusual nunha parroquia rural, pero oíndo o debate da cuestión nós estamos de acordo, ademais queremos que haxa un debate sosegado e tranquilo sobre esa parcela que vostedes piden porque si é certo como di o SERGAS que esa parcela é para unha posible ampliación sanitaria si é para un uso sanitario deberíamos poñelo en dúbida porque non sabemos como van a ser as nosas realidades hospitalarias coa COVID-19 ou como pode darse a necesidade doutros espazos hospitalarios, pero iso terán que dialogalo de maneira natural e apelando ao fin de ano e as boas maneiras e xeito de atender á política, pois polo menos que haxa un diálogo entre o Concello e o SERGAS para clarificar se esa parcela vai a ter un uso hospitalario real, se vai a ter usos subsidiarios privatizados como o resto dos servizos para hospitalarios, dende logo que non, e ademais que nos gustaría? Que no Plan Xeral non se diga isto, o Hospital Álvaro Cunqueiro, a posta en funcionamento do novo hospital público no ano 15 ou o seu proxecto de Plan Xeral provocou a reordenación integral da área sanitaria de Vigo ao dotala dun hospital público situado na vangarda tecnolóxica, eu lle pido que nas modificacións que poidan facer retiren este texto da súa proposta de Plan Xeral porque non é un hospital público, é un negocio que parasita os servizos públicos e polo tanto, o Plan Xeral de Vigo non debe recoñecer como un hospital público de vangarda o que para nós non é así. E nós estamos de acordo en que se poña aquí

cando non teñen moción para encher porque quixeron limitar as mocións dos grupos municipais pois veña collemos isto lle cambiamos a data, poñemos catro cousas máis e volvemos a pedir o mesmo que pedimos, pois creo que debe ser a cuarta ou quinta vez, a nós nos gustaría que se propuxera en consonancia co que expresa o seu grupo parlamentario no Parlamento de Galicia o Plan de rescate do hospital Álvaro Cunqueiro que este ano nos vai a custar xa corenta e pico euros so de canón ao que se suman os servizos hospitalarios se supera os 70 millóns de euros o que supón o maior investimento, o maior gasto que ten agora mesmo o SERGAS en toda Galicia, case o 15% do orzamento do SERGAS e pagar un canon a unha concesionaria privada que logo vende a grupos de inversores porque o que está facendo é charaneando un negocio público. Estamos de acordo non só coa moción, nos gustaría clarificación sobre o uso desa parcela por parte de SERGAS pero bueno, se a queremos para un aparcadoiro público ao mellor non é o máis urxente agora mesmo en política hospitalaria nunha situación post COVID-19, pero se vostedes queren propoñela estamos de acordo e por suposto porque ademais nós presentamos unha proposta cuantificada de rescate como grupo de Alternativa Galega de Esquerda hai algunhas lexislaturas, comezar a traballar xa nun rescate que ao mellor non son os 200 case 300 millóns de euros que queda por pagar da concesión e moito menos e nos aforramos pagar un canón que xa supera os 40 millóns de euros anualmente que é unha das maiores vergoñas que se ten feito en política hospitalaria no conxunto do estado español.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade ao redor do Álvaro Cunqueiro nos últimos 10 anos se escribe a maior hipocrisía política que houbo en Galicia e sobre todo na cidade de Vigo, a intervención agora mesmo do voceiro de Marea, acaba de ratificar esa realidade que el sabe que é hipocrisía por parte do Partido Socialista porque nós estabamos onde estábamos e eu vou a lembrar para os que dicían que tiñan pouca memoria, unha concelleira acaba de dicir que tiña pouca memoria, eu lle lembro que no bipartito cando gobernada o BNG e o Partido Socialista se presentaron maquetas millonarias que non lle fixeron ningún favor á sanidade pública, moitos cartos públicos para as maquetas pero nin un só euro para a sanidade, cando chegou o Sr. Feijóo e tiña o compromiso de facer o hospital que buscou fórmulas e fixo un hospital, puxo un hospital en marcha como o que

vostedes socialistas hipócritas xestionan en Baleares con Tomás Vicens como o principal Valedor e non presentan estas mocións e non presentan estas PML porque o hospital balear é fantástico, bueno pois ese mesmo sistema que se buscou ante unha crise conseguiu que en Vigo tivéramos un hospital, pero é que vostedes estiveron instalados na campaña antihospital, lle dixeron que non dende o principio, vostedes lle dixeron que non a un hospital público a Vigo cando facía tanta falla, todos sabíamos que era necesario un hospital público en Vigo, que sería de nós agora nesta pandemia sen ese hospital, sen esa estrutura, non só en persoal, si vimos que se habilitaron pavillóns, que se habilitaron centros con camas porque non había espazos hospitalarios, a verdade é que recoñezo que non é nin medio normal que utilicen o Cunqueiro sempre como arma política. Miren, eu lle digo que xeraron moita confusión coas súas mentiras e lles vou a recordar moitas das mentiras que ademais eu encontrei na hemeroteca, non é teña tanta memoria para lembralas, mire, dixeron vostede por exemplo, que se ía cobrar por durmir nunha cadeira de brazos nunha habitación, era mentira, que ían cobrar pola comida era unha mentira, que tiña ratas, era unha mentira, que reducía a súa capacidade á metade, era mentira, que lle impoñían copago aos pacientes, outra mentira, que a falla de laboratorio ía matar a xente, que a xente ía morrer, isto se dixo nun Pleno, era mentira, que os médicos ían cobrar polas altas, era mentira, é que o voceiro municipal o Sr. Marnotes, fala das mentiras porque están todas na hemeroteca, e se caen polo seu propio peso, e no 2015 a xente saíu confundida con todas estas mentiras á rúa, pero é que despois só no 2016 cando o hospital comezou a andar xa sen ratas, sen cobrar as cadeira de brazos, se ter copago, a xente non saíu, saíu a xente que quería botar ao Sr. Feijóo da Xunta de Galicia, iso si, se vostedes queren votar ao Sr. Feijóo da Xunta de Galicia falando do Cunqueiro permanentemente sigan aí pero é que a Vigo non lle fai ningún fraco favor, Vigo ten este hospital e agora mesmo acaba de dicir o voceiro de Marea de Vigo, e necesitamos ter servizos cómodos para o hospital, efectivamente o aparcadoiro, falamos aparcadoiro a ver se vostedes fan algo máis pola sanidade pública consigan o alumeado de POVISA por exemplo, porque non garanten ou poñen prazas públicas tamén no aparcadoiro de Pintor Colmeiro para que a xente que utilice sanidade pública en POVISA teña tamén prazas gratuítas, sabemos que no Cunqueiro é un aparcamento dos máis baratos de Galicia, en tódolos hospitais de

España hai sistema de aparcadoiro cos hospitais públicos tamén, pero se vostedes pretenden o hospital gratuíto haberá que buscar algunha fórmula, tamén habiliten vostedes as parcelas e como dicía o voceiro, os accesos e o transporte público cómodo, que a xente de Beade ou de Bembrive ten que ao centro para despois subir outra vez ao Cunqueiro, que non arranxaron aínda o tema de Vitrasa, eu creo que de verdade e logo veu un ministro socialista a presumir de hospital, é de todos eh!, sempre o digo, non é da Xunta de Galicia nin do Sr. Feijoo, é de todos, un hospital público de tódolos vigueses que temos a sorte de telo en Vigo, pois ven a presumir e o Alcalde vaise facer unha foto con el, porque só non o pisa pero co ministro vai a facerse unha foto con el. Mire, a asistencia sanitaria é pública e o Álvaro Cunqueiro é público, corresponde ao SERGAS o 100% de dereito de propiedade, é un sistema de xestión que están empeñados en dicir que lles custa moito máis aos galegos e non é certo, e eu lle digo, falan da externalización dos servizos cando vostedes utilizan as concesionarias nas Deputacións e neste propio concello, que son os sistemas de xestión, entón é tan hipócrita o seu discurso para o Cunqueiro o Sr. Font tan hipócrita que vostedes nos virá a dicir que o sorteo, que os concelleiros do PP, que se dicimos, que se non dicimos porque non sabe dicir outra cousa, vostedes utilizan o Cunqueiro como unha arma e unha ferramenta política e é un hospital público, unha infraestrutura sanitaria, a mellor de España, mais moderna e son incapaces de recoñecelo, miren, eu lles digo que nos poderíamos pedirlle tamén aquí que no Meixoeiro e aproveitamos para facelo tamén poidan facer un aparcadoiro municipal e habiliten un aparcamento gratuíto porque é moi incomodo e se aparca moi mal ao redor, que a Xunta de Galicia vai a mellorar os accesos tamén a ese hospital e ao Nicolás Peña, que está implicada coa sanidade pública, polo tanto, nós cremos que vostedes se instaloron na negación do hospital como arma política para botar ao Sr. Feijóo e ao Partido Popular da Xunta de Galicia, leva a súa carta maioría absoluta, seguen instalados nese debate e fagamos algo para mellorar os accesos ao hospital, o transporte público ao hospital e por suposto o aparcadoiro.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Egerique oíla falar a vostede de hipocrisía falando do hospital, certamente é asombroso porque a súa falla de rigor é increíble, mire, cando fala de Baleares quen iniciou o modelo en Baleares foi o Sr. Matas do Partido

Popular e todos sabemos onde está, quen falou de ratas foron os pacientes, quen pagaron o aparcadoiro dende o primeiro día foron os pacientes, e quen falou de que podía morrer xente no Álvaro Cunqueiro foron os técnicos de laboratorio, os profesionais da sanidade cando compareceron aquí no Pleno, non o dixemos nós o dicían os usuarios, o dicían os profesionais aos que sempre nós destacamos o seu traballo, pero xa vexo que non queren falar de aparcadoiro, xa vexo que non queren solucionar cal é o problema dos que teñen que ir día a día e teñen que pagar un auténtico copago á sanidade, mire, o absolutamente innegable é que hoxe o hospital de Vigo é dun fondo de investimentos francés, esta é a realidade, non hai outra realidade, e hai unha realidade que é nos orzamentos da Xunta de Galicia que vostede vota a favor onde hai unha cantidade anual para pagar ese hospital privado, esta é a realidade e non outra, e dende logo o hospital de Vigo o que tiña previsto o goberno do Sr. Touriño era un hospital público, era un hospital que ía custar 400 millóns de euros e co sistema ao que vostedes someteron a Vigo que foron incapaces de trasladar a ningunha outra cidade galega isto se converteu nun custe de 1.300 millóns inicialmente, porque antes me preguntaba canto acabaríamos apagando, hai que lembrar que a concesionaria agora en mans dun fondo de investimento ten determinadas reclamacións sobre a Xunta de Galicia, sobre as condicións da concesión e polo tanto, xa llo dicía anteriormente, non somos nós, foi a inspección de Facenda, foi o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia quen claramente di que ese é un hospital privado, polo tanto, mantemos a nosa proposta, esta é unha proposta que traeremos ano tras ano cantas veces sexan necesarias pero a realidade é que mañá como hoxe os que vaian ao hospital Álvaro Cunqueiro só poderán aparcar gratuitamente no aparcamento do Concello, e nos aparcamentos da Xunta de Galicia da propia instalación terán que pagar. Sobre a parcela, xa o dixemos se nun momento determinado era necesario para a ampliación de instalacións se podería reverter perfectamente, polo tanto, demos tódalas opcións.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Presidente, unha cuestión, como formulei unha emenda que se clarexe se acepta ou non acepta.

SR. LÓPEZ FONT: Non a aceptamos porque entendemos que estamos falando de aparcamento, o día que vostede a queira presentar sobre o que é o rescate da concesión estaremos encantados de debatelos, pero hoxe toca posicionarse sobre aparcadoiro.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente).

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2020 (Rex. Nº 2740/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(234).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ACOMETER, DE FORMA INMEDIATA, A REFORMA INTEGRAL DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO. REXISTRO PLENO 2741/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2020, número 2741/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Sociedade Filharmónica de Vigo impulsou no ano 1956 a creación dun conservatorio elemental na cidade de Vigo. O Concello de Vigo contribuíría deste xeito ao progreso cultural da nosa cidade. A primeira sede estivo no antigo edificio de Facenda, propiedade da Caixa de Aforros de Vigo, na rúa Velazquez Moreno. O conservatorio contaba con algo máis de 150 alumnos e dependía administrativamente do Concello. No ano 1964 trasladábase á rúa Policarpo Sanz 24, onde hoxe se ubica o Centro Social. Cando se tramita a solicitude de grado profesional, o Concello de Vigo, aluga tres pisos máis na rúa Progreso para darlle espazo aos máis de 1000 alumnos que tiña nese momento. No ano 1975 otorgouse o grado profesional. O Conservatorio chegou a ter 3000 alumnos e o Concello, no ano 1982 mercou o chalet da familia Álvarez, no Castro, e acometeu unha importante reforma para a súa apertura.

Ata o ano 1991 a xestión do Conservatorio Superior era do Concello de Vigo, a partir desa data a xestión e as competencias pasarían a mans Xunta de Galicia. A Xunta no ano 1991 fai una reforma e ampliación das instalacións para habilitar novos espazos e poder aumentar a oferta formativa. Dende o ano 1991, a Xunta non faría ningunha inversión ata o ano 2003 no que se fixo un anexo.

Dende o ano 2003 a Xunta de Galicia ten totalmente abandonado o Conservatorio Superior de Música de Vigo. Os mestres e alumnos levan anos denunciando o mal estado das instalacións e reclamando unha reforma integral que solucione os graves problemas de inundacións, calefacción, falta de material, problemas de insonorización.... En resumen, reclaman unhas instalacións dignas nas que poidan dar e recibir clase nunhas condicións axeitadas.

Nestes anos de protestas e reclamacións, dende o Concello, estivemos en permanente contacto coa comunidade educativa do conservatorio. Unha comunidade educativa que está farta de promesas incumpridas por parte da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia ten totalmente abandonada a educación na cidade de Vigo e o maltrato ao Conservatorio Superior de Música de Vigo é un exemplo máis da nefasta xestión do goberno autonómico en materia educativa.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a acometer, de forma inmediata, a reforma integral do Conservatorio Superior de Música de Vigo.”

DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAZ: A sociedade filharmónica de Vigo no ano 1956 impulsou a creación dun conservatorio elemental na cidade de Vigo, o Concello contribuía deste xeito ao progreso cultural da nosa cidade, a primeira sede estivo no antigo edificio de Facenda propiedade da extinta Caixa de Aforros de Vigo, na rúa Velázquez Moreno, e no ano 1964 trasladábase ese conservatorio á rúa Policarpo Sanz 24, cando se tramita a solicitude de grado profesional o Concello de Vigo aluga tres pisos máis para darlle cabida aos máis de 1.000 alumnos que tiña nesas datas, e no ano 1982 un alcalde socialista, o Sr. Soto o Concello adquiría o chalet da familia Álvarez no Castro, bueno, pois no ano 1991 a xestión do Conservatorio Superior do Música de Vigo pasa a mans da Xunta de Galicia, ata esa data era do Concello de Vigo, e no ano 2003 o que sucedeu foi que a Xunta de Galicia abandonou de forma totalmente absoluta e radical o conservación e mantemento dese conservatorio. Os mestres e alumnos do conservatorio superior de música de Vigo veñen dende hai moitos anos reclamando por activa e por pasiva actuacións para a mellora das súas instalacións e xa co Sr. Marnotes lle gusta moito poñer vídeos imos poñer un vídeo das cascadas que poderían parecer do Niagara pero realmente son as cascadas do Conservatorio Superior de Música de Vigo, as escaleiras, ese é o estado no que están os alumnos/as do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Dende o ano 2014 esas reclamacións foron a máis porque as instalacións foron empeorando cada vez máis e xa a prensa recollía nesas datas os solos do Conservatorio de Vigo no Atlántico Diario e denunciaban e cito textualmente “o ataque da Xunta de Galicia ao Conservatorio” e denunciaban os drásticos recortes aplicados pola administración autonómica, pois a Xunta Delegada do Conservatorio dende o ano 2015 comezou unha serie de actuacións de forma coordinada, mandaron máis de 30 escritos á Inspección Territorial da Xunta de Galicia, á Consellería e no ano 2019 eu mantiven unha reunión coa Xunta de Delegados do conservatorio e inmediatamente despois curiosamente a Sra. Porro, aos dous días convocou a Xunta de Delegados do Conservatorio, que sucedeu? O Sr. Marnotes falaba de mentiras pois eses días que La Voz de Galicia recollía “o

Conservatorio de Vigo fai augas, ratas, goteiras e apagóns no Conservatorio de Vigo, arañas xigantes e regatos de chuvia dentro do Conservatorio Superior de Música de Vigo, alumnos e profesores levan soportando goteiras ao menos dende o 2014, ano no que caeu parte do teito” ben, pois despois desa reunión da Sra. Porro cos alumnos e o Sr. Marnotes falaba de mentiras, a resposta da Sra. Porro foi a seguinte, “la Xunta promete arreglar las deficiencias del Conservatorio Superior, Corina Porro recibe a una delegación de alumnos y toma buena nota”, moi ben tomou boa nota, hai dúas opcións ou a Sra. Porro, previa a unhas eleccións autonómicas que foi esa celeridade para ter esa reunión cos alumnos e mentiu deliberadamente o que lle pasa habitualmente á Sra. Porro e aos señores do Partido Popular de Vigo é que non reclaman nada ao Sr. Feijóo ou que o Sr. Feijóo fai o de sempre, ignorar a cidade máis importante de Galicia, pero é máis dicía textualmente “serán arregladas tras la valoración de los técnicos y reclamará que haya una dotación para estas mejoras en el presupuesto de 2020”, pois señores do PP nin asignación no 2020 e o que é peor nin asignación no 2021, non fixeron nin unha soa actuación para mellorar estas problemáticas no Conservatorio Superior de Música de Vigo pero que é máis, saben canto lle adica a Xunta de Galicia nos orzamentos do 2021 a tódolos conservatorios profesionais e superiores da comunidade autónoma de Galicia, a todos eh!, 50.000 euros, vostede creen que con 50.000 euros se poden solventar isto, esta é a situación na que están os alumnos, así están as instalacións do Conservatorio Superior de Música de Vigo, pero claro a quen lle estraña o maltrato continuado do Partido Popular á educación nesta cidade, o que fai esta situación do Conservatorio Superior de Música de Vigo é poñer de manifesto unha vez máis o maltrato continuado á educación pública na cidade de Vigo e o que ten que facer o Sr. Marnotes ao mellor hai pois que dirixirse tamén á Xunta de Galicia, ir ao Conservatorio igual que vai a ver outras actuacións pola cidade, pois diríxase ao Conservatorio e reclame como lle dicía a miña compañeira a Sra. Caride que non pasa nada, son boas medidas para que avance a cidade, pois Sr. Marnotes, lle invito a que visite o Conservatorio Superior de Música de Vigo, iso si, acuda cun paraugas e poida reclamarlle ao Sr. Feijóo as melloras para este conservatorio.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O certo é que como xa ven de relatar o Conservatorio Superior de Música de Vigo, leva preto de dúas décadas padecendo o total abandono da Xunta de Galicia, cun estado lamentable das súas instalacións, se cadra neste permanente paseo fotográfico que ultimamente está a facer a Delegada da Xunta de Galicia en Vigo a Sra. Fernández Tapias, unha das súas paradas debera ser esta, para atender aqueles asuntos dos que efectivamente dixeran a súa predecesora tomaba boa nota. Chove dentro do Conservatorio, zonas inundadas, temperaturas por debaixo dos 10 grados, falla de insonorización nun conservatorio e dende logo situacións tamén moi preocupantes no que ten que ver cos medios tecnolóxicos absolutamente desfasados ou coa falla de mantemento dos instrumentos que están en moi mal estado. A isto engádese a falla estrutural tamén de persoal que dende logo limita a oferta docente neste centro, non en tanto o BNG imos apoiar esta moción do Partido Socialista mais si que quixéramos facer mencións, subliñar que nos resulta algo curioso que na moción do grupo Socialista esqueceran supoñemos que por de maneira accidental todas e cada das reivindicacións da Xunta Delegados/as do Conservatorio que ten que ver con asuntos de competencia municipal e que quixera simplemente facer mención a tres aspectos que estou certo que o Concelleiro de Educación coñece, como é a mellora da conexión do servizo de bus co conservatorio que é moi deficiente o amaño da rúa Manuel Olivié e a súa contorno e o acondicionamento para intentar atender un problema estrutural que se ten na zona que é o tema do aparcadoiro. É evidente que o Conservatorio Superior de Música non merece estar nas condicións nas que está e tamén é un síntoma da política educativa do Partido Popular, a súa única preocupación estes días é de defender o ensino privado que segrega por xénero e que defende unha concepción concesional da educación pero iso si non ten ningún reparo en ter conservatorios onde chove dentro.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: A necesidade dunha reforma integral do Conservatorio Superior de Música de Vigo e a súa reivindicación por parte da comunidade educativa do centro, tanto do alumnado como do profesorado, é unha realidade que dende lonxe, efectivamente, non só deficiencias do circuíto eléctrico, goteiras, tamén descoido alarmante da finca puxo un panorama co que levan convivindo preto de 300 alumnos e 60 profesores, saíron á rúa para mobilizarse con pancartas

que esixían unha reforma integral do centro o seu mantemento activo así como tamén sinalaban a falla de profesorado por baixas e non sempre se estaban a cubrir, reivindicacións que non tiveron éxito porque a Xunta de Galicia segue sen actuar hoxe por hoxe debidamente, no aspecto estrutural e no docente para mellorar as condicións en que se imparte o ensino superior de música en Vigo, sen éxito dicimos porque de certo a xuntanza que a comisión de alumnado tivo coa daquela delegada da Xunta de Galicia, hai un ano, para comunicar directamente a situación que atravesaba o centro non tivo consecuencias efectivas, o compromiso que manifestou a Sra. Porro non foi máis alá en realidade de meras declaracións á prensa, agora ben non esquezamos neste punto que o Conservatorio Superior de Música de Vigo non é o único edificio público oficial que fai augas nesta cidade, defectos estruturais das construcións certamente e tamén un mantemento dubidoso son responsables de goteiras e de filtracións en edificios públicos cada vez que na nosa cidade se produce unha tromba de auga e isto ven tamén dende hai demasiados anos e referímonos a edificios de titularidade tanto da Xunta de Galicia como municipais porque caldeiros recollendo goteiras como sabemos todos/as as presentes aparecen na casa do Concello dende hai moito tempo, pero o Museo do Mar e o centro arqueolóxico do Areal que son dependentes da Xunta de Galicia viven tamén nesta mesma situación e hai que sinalar que os pavillóns municipais son puntos especialmente sensibles, o das Travesas, Navia, Candeán e mención a parte merecen as pistas de atletismo cuxos usuarios reiteran denuncias dende hai demasiado tempo porque as inundacións levan aos deportistas a ter que buscar outras alternativas particulares, en ocasións ou ter que entrenar en condicións impropias nunha cidade como é Vigo, e tamén o Museo do Marco do que falaremos a continuación, existiron goteiras e filtracións e o Concello iniciou as obras para solucionar o problema pero o mantemento do Marco segue sendo un punto sensible, porque o deterioro da fachada xa foi sinalado por este grupo municipal e por esta concelleira nomeadamente hai tempo en Comisións Informativas e a fachada do Marco segue descoidada e desconchándose. Nós votamos a favor desta moción e consideramos urxente un compromiso co mantemento dos edificios públicos tanto por parte da Xunta de Galicia como por parte do goberno local.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: O Conservatorio de Vigo todos sabemos que necesita un arranxo, é certo, fixo o señor concelleiro do Partido Socialista un percorrido un pouco pola historia non, é a reunión que mantivo a anterior delegada e exalcaldesa a Sra. Porro cos membros do Conservatorio e o compromiso que a Xunta de Galicia xa ten enriba da mesas e que as obras vanse licitar pois no primeiro trimestre do ano 2021, saben que en marzo houbo unha pandemia, houbo un parón en moitas actividades e arranxos de infraestruturas, sobre todo de Galicia e en toda España, polo tanto, estean tranquilos que imos tamén votar a favor, imos apoiar a reforma estrutural, primeiro o arranxo das goteiras e dos temas máis inminentes e despois unha reforma estrutural do propio conservatorio, lembraba tamén o concelleiro e o voceiro do Bloque Nacionalista Galego o esquecemento que hai en toda a parte municipal, como falábamos antes do Álvaro Cunqueiro no tema dos accesos, do aparcadoiro e nos aquí tamén estamos traballando por Vigo e sabemos que todo o que está a orredor dalgunha infraestrutura da Xunta de Galicia, todo o que ten que ver con accesos e arranxos municipais, a verdade é que aquí sempre se votan balóns fora falando da Xunta de Galicia, falando do Sr. Feijóo, falando do que non fai, vai arranxar ese conservatorio, está xa en marcha, nós cremos que tamén é un compromiso, é fundamental que se faga, vai a arranxalo de forma absoluta e radical, empregando tamén o vocabulario do propio voceiro do Partido Socialista, e bueno a verdade é que vostede sempre presume de que se reúne con moita xente, consegue moitas cousas, vostede pois é o campión do grupo Socialista e do goberno municipal, alégrome moito pero non fale vostede de que a Xunta de Galicia abandona a educación, as infraestruturas educativas porque iso non é certo o sabe de sobra, primeiro gustaríame dicir que dende ano 2003 no que dicía vostedes no que o Conservatorio pasou a mans da Xunta de Galicia de moitas cores políticas, pois investíronse preto de 1 millóns de euros en arranxos, é verdade que non é suficiente, estamos nunha realidade que fai falla outro arranxo pero nós temos que falar tamén dos edificios municipais e de tódalas eivas que teñen e sobre todo vostede tamén pode coller o paraugas sen que eu lle poña un vídeo cando eu teña que cruzar agora o corredor mesmo da Casa do Concello. Miren, no prazo dun mes está o proxecto técnico, verano vostedes e falaremos de que xa ten arranxado o conservatorio e que as reunións cos delegados da Xunta de Galicia dan os seus froitos e falando de infraestruturas educativas en educación

pública por favor, Sr. Gómez non repita xamais vostede aquí todos eses temas porque eu podo repasarlle outra vez tódalas obras que se están a facer e ademais as que están en previsión de facer, sempre dicía que de en Pleno en Pleno cando presentaban vostedes mocións sobre educación e enchendo eu a cantidade de follas de investimentos que había nos propios centros que sabe vostede que nos últimos 10 anos pois poderíamos destacar, rehabilitación totais de CEIP que eran antigos porque as súas construcións foron doutras épocas, do anos 80 e que necesitaban arranxos por suposto, do CEIP Virxe do Rocío con 2,5 millóns de euros, do Saladino Cortizo 1,6 millóns de euros, dos centros de ensino como o Castelao de Navia, ou o Pintor Laxeiro, o IES de Teis, de tódalas pequenas obras que se estiveron facendo, a min me gustaría falar de vostedes e do Partido Socialista e que están agora maltratando tódolos centros concertados, educación especial de Vigo tamén, é certo, porque a Xunta de Galicia non abandona a educación pública pero vostedes a abandonan neste momento e hai hipocrisía da que falo sempre que moito as medallas nos centros concertados educativos, moito aplausos e moita festa pero logo fan leis que as maltratan, tanto aos centros concertados como a educación especial, asuma iso tamén, asúmano tamén porque iso aí vostedes danse a volta e vótanse para atrás. Mire, a Xunta de Galicia encargará proximamente o proxecto técnico de rehabilitación do Conservatorio Superior de Música de Vigo que nos interesa, co obxectivo de licitar as obras no ano 2021, interésanos moitos que se arranxe por suposto e a obra pois constata toda a importancia da mellora da infraestruturas, isto vai a aprobarse por unanimidade porque nós defendemos Vigo e sabemos cando a Xunta de Galicia ten que investir en Vigo e inviste en Vigo nas necesidades que hai, repetirémolo aquí, non estamos a defender á Xunta de Galicia, estamos defendendo a cidade e esta moción preséntaa vostede precisamente porque o necesita a cidade e os cartos que van saír da administración autonómica para mellorar as infraestruturas do Conservatorio de Vigo e como dixó a Sra. Méndez falaremos despois do Museo Marco.

SR. GÓMEZ DÍAZ: Só fallaría que a Xunta de Galicia non fixera algunha obra sendo a súa competencia a educación, só faltaría, o problema son tódalas obras que está asumindo o Concello de Vigo que son competencia autonómica ante a desatención

permanente absoluta, e coñecida por toda a comunidade educativa desta cidade da Xunta de Galicia.

Fala de que xa prometeu a reforma, primeiro dixo que a ían licitar no primeiro trimestre, agora xa dixo que se licitará ao longo do 2021, de todas formas alégrome se así é, veremos, chamen aos alumnos e aos mestres do conservatorio porque eu falei hai dous días con eles e si este goberno ten un defecto, que se reúne con moita xente, que fala con moita xente, non o fai só este concelleiro, facémolo os 20 concelleiros deste Concello encabezados polo Alcalde de Vigo porque si escoitamos á cidade, si escoitamos as necesidades de tódolos cidadáns/ás de Vigo e ao mellor deberían tomar boa nota porque ao mellor é o reflexo do que lles pasou nas pasadas eleccións.

O Sr. Pérez Iglesias falaba do dossier de deficiencias que aportaron os alumnos, ese dossier o teño aquí e nesa reunión que tiveron con eles recollían diferentes deficiencias que era o edificio principal, biblioteca, resto de aulas, planta cero, planta 1, planta 2 e o modulo novo, é certo que faláron dun problema co aparcadoiro na contorna do conservatorio querían sobre todo que se asfaltara a parte do aparcadoiro aquel que está na zona do Castro para que puideran aparcarse alí e se faláron das beirarrúas que están na contorna do Castro, iso é certo o falamos cos alumnos pero as principais reclamacións evidentemente eran das instalacións do edificio porque pasan como comentabades moitas horas neseas aulas recibindo unha formación que é decadente, que as instalacións están nefastas, que os propios instrumentos, falaba con algún profesor do conservatorio que son instrumentos moi caros de moito valor ademais, están sufrindo as inclemencias meteorolóxicas e estanse vendo afectados, como un piano e outros instrumentos, eu creo que é bo e esperemos que sexa certo que a Xunta de Galicia vai facer esa reforma, a verdade é que os alumnos teñen dúbidas porque esas promesas viñan do ano 2019 no que non se fixo absolutamente nada, foron dous técnicos por alí a facer inspeccións do edificio e o resultado foi cero, non se fixo absolutamente nada, é certo que despois os alumnos hai un día, o día 12 de decembro, volveron a saír nos medios de comunicación reclamando a reforma do Conservatorio, entón esperemos que sexa certo, xa pasou o primeiro trimestre o resto do ano iso é o reclamamos, iso é o queremos que o conservatorio sufra unha reforma integral porque o que me temo votarán a facer pequenos traballos de

bricolaxe que non chegarán para nada e ao mellor teñen que propoñerse outra solución ou buscar outra ubicación para o conservatorio ou senón terán que facer unha reforma integral do chalet Álvarez no Castro.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes a Sra. Silva Rego e o Sr. Pardo Espiñeira).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2020 (Rex. Nº 2741/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(235).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A INCREMENTAR O APOIO ORZAMENTARIO AO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO DE VIGO (MARCO). REXISTRO PLENO 2742/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2020, número 2742/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O sector da cultura tamén atravesa un momento delicado como consecuencia das medidas que se deberon adoptar polo COVID.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, establece como competencia exclusiva da Xunta de Galicia a relativa a “museos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal”. Tamén corresponde á Comunidade autónoma “ou fomento dá cultura”.

Anteas noticias e publicidade institucional que está a aparecer nos medios de comunicación sobre a toma en consideración, polo goberno da Xunta de Galicia, das dificultades polas que atravesa o sector cultural, desde Vigo debemos reclamar un maior apoio orzamentario para o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO).

Para tan importante instalación cultural, a achega da Xunta de 100.000 euros ao ano é unha cantidade insuficiente e claramente discriminatoria fronte a outros museos galegos especialmente o CGAC.

Á gravidade desta situación engádese que a Xunta de Galicia hai anos que tiña unha maior achega ao MARCO. Nunha decisión incomprensible foise reducindo a mesma e nunca máis se normalizou esta situación cando as necesidades son cada vez maiores.

Todas as xustificacións que se poidan dar para incrementar partidas noutros museos son tamén válidas para o MARCO.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a incrementar o apoio orzamentario ao Museo de Arte Contemporáneo de Vigo (MARCO) ata 500.000 euros anuais.”

DEBATE:

PRESIDENCIA: Imos a parar porque hai un problema co marcador de tempos.
Solventado o problema pasamos á moción.

SR. LOSADA ÁLVAREZ: Efectivamente esta moción trata de falar dunha cuestión que consideramos dende o grupo Socialista e dende o goberno municipal moi relevante, estamos vendo como especialmente neste contexto é imprescindible trasladar a mensaxe de que a cultura importa e estamos vendo como o goberno autonómico está trasladando esa mensaxe dunha maneira abrumadora en termos de publicidade e propaganda en tódolos medios de comunicación habidos e por haber na comunidade autónoma pero moi escasamente en termos de traslado de fondos ao apoio da actividade cultural e dos profesionais da cultura, non sei exactamente quen me vai a dar a réplica no caso do Partido Popular pero a verdade despois desa actuación, desa sobreactuación inicial do voceiro, esa especie de Macvet de pacotilla pero dende o sótano 20 que sempre é un sitio frustrante para a vehemencia, a min me gustaría moito que por unha vez o Partido Popular fora capaz de abandonar a publicidade, a propaganda, as follas e follas, ducias case diría centos de páxinas que continuamente aparecen nos xornais nesta comunidade autónoma dunha forma insisto, absolutamente abrumadora e que houbera resolucións e convocatorias no DOGA, que a verdade me parecen moito máis interesantes para o sector, e no caso do Marco quero comezar polo que comezo case sempre, polo Estatuto de Autonomía de Galicia e comezo polo artigo 27.19 competencias exclusivas da comunidade autónoma á promoción da cultura, eu entendo que ao Partido Popular lle custa isto do Estatuto de Autonomía de Galicia Alianza Popular de feito se abstivo e no título VIII da Constitución, non crían niso, seguen sen crer moito aínda que é verdade que utilizan de maneira digamos, ía dicir escandalosa pero despois de que nos chamaran mentireiros, hipócritas, en fin outras lindezas similares. Eu pediría amparo á presidencia, estiven absolutamente calado excepto unha vez, e espero que o Sr. Marnotes faga o mesmo. Creo quen se retrata cando insulta non é o insultado, como vostedes ben sabe Sr. Marnotes.

Insisto, Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei de Museos presentada hai escasamente un mes, na que por suposto o conselleiro falou de cooperación institucional en fin, unha linguaxe desta practicamente celestial e por certo un 12% máis de investimentos para os museos galegos, para o conxunto do sistema galego de museos, non exclusivamente para os museos de titularidade autonómica. Ata aí o marco xeral, logo temos a parte da recorrente publicidade e

propaganda, seguro que lembra o Sr. Marnotes hai aproximadamente un ano, o día 14 de xaneiro do ano 2020, en véspera das eleccións como na entrega dos premios galegos da cultura, o Sr. Feijóo e despois a Sra. Porro como amplificadora eficaz das mensaxes da presidencia da Xunta de Galicia, falaban desa sede do Centro Galego de Arte Contemporáneo na cidade de Vigo un deses espazos de creatividade artística no Consorcio do Casco Vello, por certo sen ter falado co resto dos membros desa institución do Consorcio do Casco Vello de Vigo, evidentemente naquel momento pedimos un convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello, nin se nos respondeu, iso si o convenio viuse no proxecto de orzamentos do ano 2021, 25.000 euros aparecen para ese Centro Galego de Arte Contemporáneo subsede Vigo, nestes orzamentos, e fronte a isto temos os datos que aparecen para outras instalacións museísticas e de carácter cultural nos orzamentos da Xunta de Galicia, Centro Galego de Arte Contemporáneo 1,3 millóns de euros, a Fundación Cidade da Cultura nos seus múltiples ramificacións 12,7 millóns de euros, museo do Mar de Galicia 830.000 euros, museo do Pobo Galego 530.000 euros, Consorcio da Cidade de Santiago que todos sabemos que a parte cultural e a máis importante 2.785.000 e para Consorcio, para a promoción da Música Sinfónica de Galicia que son tan indecentes que nin o escriben porque se avergoñan 2.700.000 euros, Museo Marco de Vigo 100.000 euros, non hai máis preguntas señoría.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Teño que principiar por recoñecer que teñen moito valor para traer unha moción sobre o Marco porque despois do intenta felizmente fallido de desmantelar o proxecto museístico do Marco, con argumentos delirantes como que Arte Contemporáneo era elitista e onde chegaron a cualificar por boca do Alcalde agora ausente mais unha vez, aos artistas como grupo de presión, hoxe traen unha moción en defensa do Marco, o BNG estivemos en favor dese proxecto que se impulsou baixo unha alcaldía nacionalista dende o primeiro momento e por iso imos apoiar a moción que traen porque coincidimos na necesidade dun maior investimento, dunha maior achega económica, non só da Xunta de Galicia, o BNG vimos de rexistrar unha emenda aos orzamentos no Parlamento de Galicia onde demandamos que se incremente por volta de 450.000 euros a achega que fai a Xunta de Galicia de apenas 100.000 euros, senón que tamén demandamos do goberno español, do Estado, unha achega por importe como mínimo 100.000 euros

nunha emenda que o seus deputados votaron que non. Mais a situación do Marco é tamén a evidencia de que é fundamental e urxente un Plan de dinamización da rede museística de cidade para que esta se torne unha realidade, para que deixe de ser un logotipo ou unha denominación oficial e para articular unha verdadeira oferta cultural expositiva na cidade, o BNG lle propuxemos no debate dos orzamentos municipais para o ano 2021, 7 emendas que incrementaban en 600.000 euros, menos da metade do que se van gastar en proxectos como as becas de inglés e moito menos do que se van gastar, ou do que teñen previsto gastar en financiar aeroliñas privadas, precisamente para aumentar a dotación económica destinada ao fortalecemento da rede museística da cidade, vostedes dixeron que non mais unha vez.

E por último, causa algo rubor e llo digo sen acritude que dende esa bancada se intenta asear a propaganda institucional, só abonda con votar ollo a algún exemplar da prensa dominical deste semana para ver como o Partido Popular e o Partido Socialista, Xunta de Galicia e Concello compiten por ver quentem máis cota cos cartos de todas/os.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: De novo dende hai anos lexislaturas enteiras a Xunta de Galicia como tamén o Ministerio de Cultura do Estado veñen reducindo o seu compromiso co Museo de Arte Contemporáneo de Vigo, abandonando o proxecto dun gran centro referencial da arte contemporánea na cidade e en toda Galicia e así é insostible. O compromiso da Xunta de Galicia do Partido Popular co Museo Marco é ridículo, e foino neste ano especialmente porque este ano comezou, non o esquezamos como ben lembrou o concelleiro o Sr. Losada, cun anuncio da apertura dunha sede do CGAC no Casco Vello de Vigo, tratámolo neste Pleno e o Partido Socialista neste Pleno demandou a esa proposta do Partido Popular, metros cadrados, orzamentos para un novo contedor do que nós consideramos xa naquel momento que sería un novo contedor de eventos do Partido Popular, un contedor autofalante do Partido Popular ou simplemente un mero provocador anuncio electoral mais, é dicir, un contedor inexistente, en todo caso non é un espazo para a ampliación das capacidades creativas de toda a cidadanía de Vigo, por iso, nós ante este anuncio e ante este debate xa naquel negámonos a este suposto caramelo da Xunta de Galicia do Partido Popular ao noso ver o que cumpría en que

o goberno local solicitase un compromiso real por parte da Xunta de Galicia co espazo para a arte contemporánea de Vigo xa existente, é dicir, o Marco, non entrar nesa competencia e da que alardeaba o Sr. Feijóo, senón fortalecer, fomentar e potenciar o Marco. Unha competencia é o Marco, da que alardeou o Sr. Feijóo nada menos que na súa intervención dos premios da cultura galega celebrados como digo en xaneiro de 2020, é dicir, de xeito simbólico pero o mais significativo dez anos despois de que os premios nacionais da cultura desaparecesen, 10 anos despois de que o Partido Popular liquidase os premios nacionais da Cultura, os premios que naceran no 2008 a imaxe e semellanza de xeito análogo aos premios nacionais existentes no Estado, e polo tanto, 10 anos despois de que o noso veciño escritor meritoriamente recoñecido xa para a historia o Sr. Agustín Fernández Paz, renunciase a este premio humillante xa non nacional, xa sen dotación económica en que o Partido Popular converteu os premios nacionais de cultura. Quero lembrar moi brevemente como necesario homenaxe e recoñecemento ao Sr. Agustín Fernández Paz, algunhas das súas palabras explicando a renuncia, “nin a actual Xunta de Galicia nin o seu presidente responsables ante a historia de legislar por vez primeira contra a nosa cultura, poden atribuírse agora o papel de benfeitores da cultura galega, polo tanto, xulgamos lexítimo non aceptar ningún premio que veña hipotecado por agresións contra a cultura”, pecho a cita, volvendo a situación do Marco o compromiso do Partido Popular da Xunta de Galicia debe ser claro e lamentablemente o goberno local debe saber, debe ser consciente, tamén dende onde fala, cando esixe financiamento e apoio a calquera proxecto museístico porque a rede museística de Vigo segue a ser un páramo, un pozo negro, onde está a rede museística de Vigo, que vai ser do Verbum que acontece coa Pinacoteca, unha realidade de abandono que está afectando incluso a nivel laboral porque non escoitaron vostedes, non dialogaron, non se reuniron co tecido artístico da cidade cando se estaba demandando o centro de fotografía para o contedor que vostedes designaron e entregaron á Deputación de Pontevedra, se falamos do Marco nos sempre defendimos que no Padroado debe estar a representación da sociedade civil a través do tecido cultural da cidade, e tamén defendemos sempre que dende o municipal se respecten os principios da axenda 21 para a cultura, consistentes en facilitar un diálogo comprometido cos creadores/as para impulsar o talento e os

movimentos culturais, a posta a disposición dos espazos públicos da cidade como espazos de relación e de encontro, tamén en tempos de pandemia atendendo loxicamente ás obrigas de seguridade sanitaria. Votaremos por suposto a favor desta moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Máis memoria porque, unha ten uns anos xa, e eu falaba antes de hipocrisía, non se me ocorre outra palabra de verdade e a historia do Marco tamén é unha historia nos últimos 6, 7 anos rodeada de mentiras, rodeada de hipocrisía porque é un levantamento entre comillas da cidade, non só do BNG, da cidade, dos artistas, do tecido cultural que apoiamos algúns concelleiros dalgúns partido políticos para que o Marco non se desmantelara e estamos xa neste momento, non vou agora a facer leña da arbore caída, estamos neste momento todos apoiamos que o Marco se mantivera como estaba menos o Sr. Caballero e os seus, Sr. Losada, e vostede segue atrapado no Estatuto de Autonomía e nos orzamentos da Xunta de Galicia pero tamén debería de revisar porque falounos dos orzamentos da Xunta de Galicia onde vai a investir pois os cartos en diferentes museos e diferentes actividades culturais, pero tamén debería coller o ROF, debería coller as competencias municipais, debería coller tamén os orzamentos municipais para saber que se destina aos museos en Vigo como esta rede museística de Vigo, porque vostede agora viste coma min o traxe de concelleiro, polo tanto, imos falar tamén de competencias municipais Sr. Losada, eu creo que podemos falar aquí, presentamos unha emenda no Partido tamén un concelleiro o Sr. Relova, do Partido Popular, debates intensos coa Sra. Silva e daquela concelleira e deputada de Madrid que solicitaban pois fervorosamente e moi vehementemente e valga a redundancia, a que a Deputación volvera a entrar outra vez no Padroado do Marco cando houbo unha reestruturación coa crise e pedía insistentemente a Deputación de Pontevedra unha asignación para este museo tan importante para Vigo. Agora a Sra. Silva e o Partido Socialista presiden a Deputación de Pontevedra, nós facemos unha emenda e pedimos tamén que a Deputación aporte 100.000 euros como fai a Xunta de Galicia a un museo municipal que é o museo Marco, tamén, por que non? Porque denostar sempre e totalmente a Xunta de Galicia cando realmente hai outras administracións que cando vostedes non as gobernan lles piden moito e fan moita política con elas pero

cando están alí nada de nada, porque din que a Deputación se volca con Vigo pero eu non creo que iso sexa certo.

Mire, o Museo Marco é propiedade do Concello de Vigo como lle digo encargado da súa xestión, a Xunta de Galicia colabora con esta institución a través do Padroado nós tamén.

PRESIDENCIA: Sra. Egerique se lle está parando a imaxe, pode esperar un momento que avisemos a informática, por favor.

SRA. MARNOTES GONZÁLEZ: Se non pode falar ela, continúo coa intervención.

Imos a ver Sr. Losada está ben que cite ao Estatuto de Autonomía de Galicia e diga que a cultura é unha competencia exclusiva da comunidade autónoma pero algunha competencia terá o Concello tamén, hai un concelleiro de Cultura que acaba de falar para algo estará.

E o museo é propiedade do Concello tamén algunha competencia terá o Concello sobre a súas propiedades. A achega da Xunta de Galicia é de 100.000 euros que é a maior que fai a ningún museo municipal en toda Galicia, nós pedimos aquí na emenda que presentamos que se sume tamén a Deputación de Pontevedra, nos gustaría saber se van aceptar a emenda porque o que non imos aceptar aquí é coma sempre que utilicen as mocións para castigar a Xunta de Galicia para encubrir unha eivas.

PRESIDENCIA: Nos escoita agora Sra. Egerique?

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sra. Egerique continúo eu se non che importa.

Aquí o tema da conexión telemática é bastante complexo non imos facer, aquí incluso houbo unha dúbida de se votara ou non unha concelleira socialista porque non estaba ben conectada, quero dicir, eu terei que pedir desculpas.

Volvendo outra vez ao debate nos imos votar en contra desta achega, nós cremos que a Xunta de Galicia vai a facer unha achega que é maior que fai en tódolos museos da rede de museos de Galicia, o concello ten competencia e a Deputación tamén, e hai máis museos en Vigo, e fagamos tamén realidade Sr. Losada, esa nova sede do Centro Galego de Arte Contemporánea no Casco Vello de Vigo, hai

unha implicación na Xunta de Galicia de actividade cultural e ten demostrado o seu compromiso co conxunto do sector cultural vigués e tamén non só coas infraestruturas senón tamén co propio sector coas entidades e cos colectivos e coas empresas do eido cultural que teñen o seu plan tamén específico. Dito isto, Sr. Losada nós esperamos que a Deputación de Pontevedra tamén poña cartos como dixeron antes os meus compañeiros, se pare ese intento de desmantelamento que felizmente non puido ser do Marco.

SR. LOSADA ÁLVAREZ: En primeiro lugar, en relación e como foi un punto común aos tres grupos da oposición, en relación co intento de desmantelamento do Marco que como vostedes ben saben se fai unha análise é unha falacia o que era o intento de conter por parte dun grupo concreto de artistas ou do ámbito cultural dunha instalación municipal, e de feito o Marco nin se desmantelou nin se ía desmantelar e hoxe ten unha dirección de primeiro nivel internacional, agora que o Marco é un museo municipal do Concello de Vigo non dun grupo de presión cultural determinado, e dende logo mentres eu sexa concelleiro asumo absolutamente esa traxectoria, só fallaría, por certo exactamente o mesmo que no caso do excentro de fotografía transferido á Deputación, non se fan contedores baixo o goberno presidido polo Sr. Caballero “ad hoc”, “ad hominem”, para determinadas persoas, non se fan contedores culturais con nomes e apelidos porque iso se chama totalitarismo e nós non o compartimos en absoluto, entón creo que iso quería que quedara claro porque esta especie de mantra que non se axusta en absoluta á realidade, o Marco era un museo municipal e polo tanto, a dirección máis alá da artística, a dirección global do proxecto é do Concello, non é dun grupo de abaixo asinantes. Creo que xa pode quedar claro.

Eu non sei se a rede museística municipal é un páramo, dous páramos ou unha campaña, eu sei que son gratuítos, todos a min me gustaría saber en cantas cidades de Galicia e por certo algunhas delas gobernadas durante tempo polos grupos da oposición, acontece isto, entón está ben o dos paramos pero tamén está ben contar toda a película porque senón dá a sensación de que falamos só dunha parte e eu creo que non convén falar só dunha parte, haberaos tamén gratuítos eu digo que haber en cantas cidades toda a rede municipal de museos é gratuíta.

Ben, outro tema que quería deixar claro, en relación coa Deputación, Sr. Marnotes, a Deputación non ten competencia no museo municipal, por certo, vostedes teñen que recordar quen suprimiu a subvención, o convenio co Marco da Deputación, o Sr. Louzán, eu non sei por que o fixo, supón que quería adicar cartos a seguir facendo campos de herba artificial por toda a provincia de maneira compulsiva pero en todo caso foi o Sr. Louzán quen suspendeu esa achega ao Marco.

Non estou atrapado no Estatuto de Autonomía de Galicia e nos orzamentos, só lle lembro á Xunta de Galicia, á administración autonómica, ás obrigas que ten como goberno de tódolos galegos, dos 2.700.000 tamén dos 300.000 vigueses/as e eu entendo que iso a vostedes lles molesta porque aquí os resultados que teñen xa saben cal é, a lotería primitiva, 3, 11, 18, 20, lles molesta, lle molesta a vostede, lle molesta ao presidente da Xunta de Galicia, lle molesta moito, lle molesta tanto que é incapaz de recoñecer que é moito fácil que os avións cando hai malas condicións climatolóxicas aterren en Oporto a que aterren en Bilbao ou en Vitoria. Non imos aceptar esa emenda, por suposto.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente).

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2020 (Rex. Nº 2742/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(236).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REGULAR UN PLAN DE INDEMNIZACIÓN AO SECTOR DA HOSTALERÍA DE VIGO QUE COMPENSE ECONOMICAMENTE O PECHE DA ACTIVIDADE TOTAL OU PARCIAL CON MOTIVO DA PANDEMIA DA COVID19. REXISTRO PLENO 2743/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2020, número 2743/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“As decisións adoptadas, desde o ámbito sanitario, de peches totais ou parciais da actividade económica, como consecuencia da pandemia COVID, supuxo unha diminución da actividade económica e está a colocar a moitos negocios en situación límite de supervivencia.

Esta situación está a ter unha especial incidencia na actividade da hostalería de Vigo. Ao período de confinamento inicial están a unirse, desde os primeiros días de novembro, peches totais e parciais que agravan, aínda máis, a súa situación.

A persistencia en non poder realizar a súa actividade en condicións de total normalidade obriga á adopción de medidas de compensación a un sector que xera cifras moi significativas de emprego no ámbito de autónomos e de persoal asalariado.

Desde a Xunta de Galicia, a Administración competente en ditar os peches de actividade, non se tomaron medidas inmediatas e simultáneas á paralización da actividade hostaleira. Despois de demandas e mobilizacións do sector, establecéronse unhas axudas claramente insuficientes e moi tardías.

Neste momento, coa prolongación das medidas de peche de actividade parcial e ante a incerteza dos próximos meses, é obrigado que a Xunta de Galicia, a Administración con competencias neste sector económico, adopte de inmediato un Plan de Indemnización para o sector da hostalería da cidade de Vigo.

Un Plan de Indemnización que aborde a situación de agora e tamén a que se poida producir. Que regule os tipos de indemnización para cada decisión sanitaria que se adopte e que permita a súa execución inmediata. Dado que só unha decisión deste tipo pode salvar a un sector gravemente danado.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a regular un Plan de Indemnización ao sector da hostalería de Vigo que compense economicamente as decisións de peche de actividade total ou parcial que se adoptaron e que se poidan adoptar no futuro como consecuencia da pandemia do COVID.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: De apoio á hostalaría todos falan, todos parece ser que lle preocupa a situación da hostalaría e a moitos só parece preocuparlles que sexa o Concello de Vigo o que instaure un programa de apoio á hostalería esquecendo quen ten a competencia, porque evidentemente e o acabamos de ver na moción anterior, cando aquí se lembra cal son as competencias exclusivas por parte da Xunta de Galicia algúns certamente lles chirría, pois ben, para aqueles que dalgunha forma buscan cal é resposta do Concello á situación do sector, só fai falla ver o presuposto de 2021 que xa está aprobado e que entrará en vigor o día 1 de xaneiro, tan cercano, neste orzamento se configura un apoio ao sector da hostalería xa de 3 millóns de euros en concepto de terrazas pero ese é un concepto que ven xa de 9 anos, polo tanto, o que é o noso apoio económico ao sector da hostalería nos últimos anos está solo por este concepto en torno aos 30 millóns pero tamén a eliminación de taxas municipais, tamén a promoción da cidade durante estes 13 anos que permitiu por exemplo, xa sei que a algúns non lles gusta que o digamos que o ano pasado no Nadal houbera 4 millóns de visitantes os hoteis estiveran cheos, tanto en Vigo como na provincia e que á vez houbera bares e establecementos de hostalería que se quedarán en días puntuais sen existencias, pero para o que nos preocupa verdadeira cal é a situación do

sector, insisto que levamos anos, pero debemos de situar o problema hoxe, no seu contexto, dicindo evidentemente que a competencia é exclusiva da Xunta de Galicia, que nin imos a branquear o que lles corresponde nin imos a ser cómplices do branqueo que poidan pretender algúns, polo tanto, o apoio da Xunta de Galicia ao sector ata o momento foi ridículo e insuficiente e non o digo eu, non o dicimos nós, senón que o di o sector.

Traemos esta moción, se poderá dicir que insistimos neste tema pero é que a situación cambia evidentemente en días, non estamos hoxe en relación co sector da hostalería e coa súa situación, non estamos no mesmo escenario que no Pleno do mes pasado e certamente esta cercano no tempo pero a situación cambiou radicalmente e é urxente dar respostas. Lembro que o peche da hostalería en Vigo a principios de novembro, parecía ao mellor era ilusorio e unha utopía, parecía situar ese peche nun espazo temporal corto, se pensaba que a principios de decembro se puidera estar noutra situación distinta e que a situación mellorase e que polo tanto, puidesen reanudar a actividade en situación de total normalidade ou nunha situación máis favorable, lamentablemente isto non foi así e está claro que as decisións de carácter sanitario que se toman da Xunta de Galicia tamén proceden e proveñen dunha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, como queira que é unha competencia exclusiva, esas decisións se toman e se executan como corresponde, polo tanto, digo que isto cambiou, antes pensando nese ámbito temporal se pedían axudas para o sector e para conseguir a súa estabilidade pero hoxe xa non estamos nesa situación, hoxe por iso insistimos e nós denominamos na nosa moción que o que se necesita é un Plan de Indemnización por parte da Xunta de Galicia que estea totalmente regulado, que recolla as situacións que se poden dar porque evidentemente o tempo demostrou que poden ser varias, de feito onte se tomou a decisión de ampliar unha hora máis o peche nuns determinados días, polo tanto, nós aquí o que pedimos baixo esa forma de Plan de Indemnización ao que entendemos que está obrigado o goberno da Xunta de Galicia é de que calquera decisión que se tome no ámbito sanitario se debe de corresponder, unha decisión inmediata de indemnizar aos negocios de hostalería porque esta é certamente a única maneira de darlle estabilidade e garantía a un sector tan importante na actividade económica e no emprego.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Miren, o sector da hostalería está nunha situación límite e como mínimo merecen ao respecto de non ser utilizados como arma arreboladiza e que a única resposta que se debe por parte do goberno municipal sexa que nesta ventanilla non toca, dende logo, o que hai que face é atender ás reivindicacións dun colectivo que leva semanas mobilizándose pedindo un plan de rescate que inclúa axudas directas de tódalas administracións, tamén do Concello de Vigo, vostedes non tiveron nin tan sequera a capacidade como goberno de executar a partida miserenta de 50.000 euros que estaba prevista para axudas ao tecido comercial para o ano 2020, vostedes insisten en destinar 0 euros a un plan de rescate adicional ao comercio e hostalaría de Vigo pero si que non teñen reparos en querer gastar preto de 3 millóns de euros en subvencionar ás grandes aeroliñas privadas. E aquí non hai ningún tipo de branqueo Sr. Font, o Bloque Nacionalista Galego lle reclamamos á Xunta de Galicia do Partido Popular en sede parlamentaria, un Plan de rescate como mínimo de 200 millóns de euros o que vostedes teñen que explicarlle ao conxunto da cidade, o que lle teñen para explicar ás hostaleiras/os tamén por extensión ao conxunto do comercio é por que o Concello de Vigo non fai o que outros concellos si, porque o Concello de Vigo se nega a despregar axudas directas para rescatar este sector mentres subvenciona aeroliñas privadas, mentres concellos tamén gobernados polo Partido Socialista como o de A Coruña ou Lugo tamén o fan, ou o Concello de Pontevedra para que actualicen o argumentario van ter que falar máis que o seu correligionario alí e concelleiro Sr. Agutín Fernández, o concello de Pontevedra, digo porque supoño se me reprochará, ten en marcha un plan chamado supera 20 do que case un terzo das axudas directas foron precisamente para o sector da hostalaría, vostedes cero euros, por que en Vigo non, Sr. Font? Porque vostedes xogan ao canto peor mellor e podemos admitirlle ese xogo noutras cuestións pero non cando estamos a falar do risco certo de que millares de postos de traballo desaparezan e centos de negocios voten o feche.

SR. PÉREZ CORREA: O debate competencial cando se está a falar dunha situación económica grave, cando se está falando de que a partires de xaneiro poden pechar numerosos negocios da hostalaría nesta cidade, cando estamos a falar co sector servizos e máis do 60% do emprego nesta cidade, dentro del o sector da hostalaría

é unha parte substancial dese sector, o debate competencial ou dicir que non é competencia municipal é un debate obsceno, é case un insulto colectivo á cidade, porque vostedes saben como sabemos ler todo o mundo en que se gastan vostedes os recursos públicos, que vostedes asumen competencias impropias dunha maneira feliz e dunha maneira absolutamente aberta cunha salvidade, que vostedes queren asumir gasto competencial impropio sempre e cando poidan bailar o Alcalde ou poida facerse unha foto e a pobreza e a exclusión social e o que está a pasar nesta cidade non é inaugurable, non pode dar o Alcalde axudas á hostalería e logo ir a bailar cos hostaleiros como se fora un salvador, ten que dalas e asumir que todo o que den ás administracións locais vai ser moi pouco con respecto á situación que nos estamos xogando a partires do 1 de xaneiro e o outro día teñen a indecencia de presentar unha especie de controloadores covid, que logo falaremos dese convenio coa Federación Provincial de Hostalería, que enriba van a ser xente que lle vai a dicir a un hostaleiro se o está a facer ben ou mal no seu negocio, esa xente lle vai a dicir a un hostaleiro se o está facendo ben ou mal no seu negocio e vostedes dirán que esa é a gran achega municipal ao sector da hostalería, hai unha cuestión que é cando menos é bastante discutible, se tódolos concellos o fan, sabendo moitos deles que é un gasto impropio pero que gastos impropios vostede a mansalva e máis, poderíamos discutir incluso se todo o dispendio de gasto social que asumiu o Concello de Vigo é un gasto propio ou impropio porque a Lei de Bases fala que o Concello o que ten é que identificar os casos de pobreza, exclusión social, a situación de xente que viven en rúa pero nós estivemos durante meses e ademais creo que con bo criterio, pagando competencias que terían que ser asumidas pola comunidade autónoma pero claro servían para facer unha rolda prensa dicindo que damos 3.000 ou 4.000 axudas aínda que as axudas foran 200 euros ou cento e pico de euros, e saír cunha estadística poñéndonos medallas sobre o que pasa nunha situación de pandemia e as medidas que toma o Concello de Vigo. Vostedes teñen unha manobra orzamentaria máis remanentes, máis, esperemos que o aprobado no Parlamento de Galicia que é unha infamia, que excluía aos concellos dos fondos europeos, esperemos que non sexa a Xunta de Galicia a que xestiona iso porque sería un auténtico desastre, sumando os fondos europeos van a superar os 300 e pico largos de millóns de euros de recursos orzamentario municipais e o debate non é

competencial, e o debate o dicía o propio informe ás nosas emenda ao orzamento deste ano, é un debate de oportunidade política, e é unha cuestión de prioridades, non é o debate competencial, iso é rotundamente falso como se pode facer un informe dun interventor, un secretario que di si a 3 millóns de euros para liñas aéreas ou 2 millóns de euros para becas de inglés, pode perfectamente como están a facer tódolos interventores e secretarios de tódolos concellos deste país dicir que a prioridade política ou a prioridade económica neste exercicio é gastar niso, é unha cuestión de prioridade, vostedes poden coller unha partida importante do remanente do superávit, incluso do orzamento e adicalo a unha cuestión que é central na hostalería, mire, voulle a explicar na hostalería a taxa de terrazas é menos do 5 % do custe anual de ter un negocio, menos do 5%, hai unha media de entre 100 euros e 60 de euros dependendo do tipo de negocio que é o que lle supón as taxas de terrazas e vostedes seguen co mantra de que son esas taxas as que solucionarán á hostalería, boten unha man a pagar alugueiros, boten unha man a pagar a servizos esenciais, boten unha man como están botando outras administracións e vou a entrar nunha cuestión, eu sei canto puxo o goberno do Estado, está no orzamento no BOE, insuficiente? Posiblemente, eu sei canto puxo a Xunta de Galicia, esta no DOGA, insuficiente? Por suposto, dos 84 millóns de euros prometidos apenas estaban executados 7 millóns de euros á hostalería no mes de decembro, pero si que non sabemos canto poñen vostedes, porque non existe, non hai ningunha, nin nos 33 millóns de euros do remanente, nin nos 264 millóns de euros do orzamento e nin sequera unha previsión de que co superávit dos cartos non executado neste exercicio se poidan habilitar esas axudas, se vostedes non o queren facer porque é máis fácil agora vir con esta moción dicindo que é competencia autonómica, estou de acordo que é competencia autonómica pero as luces de Nadal tamén son promoción comercial e se nos poñemos un pouco exquisitos tampouco é competencia local poñer luces.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Eu comprendo que estean de baixón, están de baixón, levan aquí toda a mañá oíndo o que non queren oír, de baixón está tamén o Alcalde, aguantou o chaparrón non abriu a boca e se mudou, eu invitille que escoitara aquí aos voceiros da oposición non lle interesou nin sequera o tema do aparcadoiro do hospital público Álvaro Cunqueiro, digo "igual se queda, igual le

parece algo importante” non o fixo e se foi. Hai que ter un rostro de cemento para vir ao Pleno de Vigo, non con axudas directas á hostalaría senón para pedir que o fagan outros, hai que ter unha cara dura, unha e outra vez durante un mes e durante outro Pleno tras Pleno negándose a conceder axudas directas aos autónomos, aos comerciantes, á hostalería e vir hoxe aquí no Pleno do baixón do grupo Socialista a pedir que o poñan outros, hai que ter descaro para vir a pedir aquí o que o goberno de Madrid se nega a facer, indemnizar á hostalería, o Real Decreto Lei que aprobou as medidas urxentes de apoio ao sector turístico hostalería e ao comercio, o famoso Plan de rescate non ten axuda directa ningunha, o goberno aproba o Plan de Rescate ao turismo e á hostalería sen axudas directas, os hostaleiros españois consideran insuficientes as axudas do goberno de España, ven o programa pouco realista pois como veñan a Vigo e vexan as axudas que da o Concello non as van considerar insuficientes, vanas a considerar moi deficientes, porque son cero axudas directas e digo que é un famoso plan de recuperación porque o goberno anunciou no mes de outubro, insinuando que ía haber as axudas directas e aprobouno no tempo de desconto a finais de ano sen elas, hai que ter cinismo para que o goberno de Vigo lle negue axudas directas á hostalería, para que o goberno de Madrid lle negue axudas directas á hostalería a agora veñan aquí a pedir a este Pleno que a Xunta de Galicia indemnice á hostalería, de indemnización saben vostedes ben, xa fixeron unha, a primeira de moitas a de Vitrasa, esa foi a indemnización que fixeron vostedes, e ademais miúdo argumento, como a Xunta de Galicia ordena o peche entón que pague, é un argumento tan simplista coma todos os seus, é un argumento tan falso porque neste país estamos en estado de alarma, hai un Real Decreto do mes de outubro polo que se declarou o estado de Alarma para conter a propagación da Covid, prorrogouse ese estado de Alarma ata maio e establece en todo o territorio nacional que a autoridade competente é o goberno da nación, e as comunidades autónomas actúan como autoridades delegadas, dando conta ao goberno e coordinándose no Consello Interterritorial do sistema nacional de saúde, a vosa ignorancia, a súa ignorancia non é tal, é manipulación, é mentira aquí quen ten que indemnizar porque ademais así o dixo e aprobou un Real Decreto Lei para iso, é o goberno do Sr. Sánchez que fixo un Plan de Rescate que non lle valeu a ningún, non lle valeu nin a vostedes que están a pedir aquí como sempre o

comodín da Xunta de Galicia, esta moción o que ven a dicir en realidade é que o Plan de Rescate que aprobou o goberno de Madrid non vale para nada, e iso que o Real Decreto Lei di literalmente “este Real Decreto Ley busca aliviar la situación de empresas y autónomos especialmente los relacionados con la actividad turística, hostelera y comercial para permitir que puedan mantener su viabilidad y no se vean avocados al cierre”, pois o dito, nada de nada, o Concello non pon un can, o goberno de España tampouco e vostedes van a facer agora o camiño de Santiago do victimismo, a ruta xacobeá da infamia botando balóns fora, pois mire a Xunta de Galicia puxo enriba da mesa xa 90 millóns de euros en axudas directas, 374 millóns no total das axudas, canto puxo o goberno de Madrid, cero euros, canto puxo o goberno de Vigo, cero patatero.

SR. LÓPEZ FONT: Vostede si que está de baixón Sr. Marnotes, o que pasa cada un o disimula a súa maneira, e está de baixón porque lle deben ir moi mal as cousas e a verdade é que a cada intervención o ton de vergoña allea que produce é certamente maior. Mire non entendo absolutamente nada, non entendo nada porque negar que este goberno apoia ao sector da hostalería é incompreensible pero é o que fan vostedes, está en orzamentos a eliminación da taxa de terraza, supón mal que lles pese a calquera de vostedes 3 millóns de euros, e o que teñen que facer é ir a preguntar a cada un dos hostaleiros canto pagaban anteriormente de taxas de terraza e a incidencia no seu negocio e no emprego, iso é o que fai este goberno e claro que é un ámbito competencial, claro que si, da mesma forma que ninguén lle discute as decisións que se toman en ámbitos sanitario porque estivo pedindo o Sr. Feijóo permanentemente o que se tomasen as decisións nas comunidades autónomas, evidentemente que se debe corresponder a decisión sanitaria coa decisión de indemnizar ao sector, ninguén de vostedes falou de como se debería articular este plan de indemnización, claro que corresponde á Xunta de Galicia o axudar e o fixar aos sectores, e xa con algunha apreciación do voceiro de Marea de que estamos en contra de dar axudas sociais Sr. Pérez Correa, estamos en contra de dar axudas sociais? Isto é certamente incompreensible, aquí non hai ningún mantra, aquí hai unha realidade de que o sector da hostalería se beneficiou de toda a promoción da cidade que fixo este goberno. E Sr. Pérez Iglesias, non é que llo vaia a reprochar, é que non teño que actualizar ningún argumentario, o

Concello de Pontevedra non axudou á hostalería nunca, cero euros, polo tanto, esta é a realidade, o noso presuposto é un orzamento equilibrado, é un orzamentos que axuda no social, que axuda aos sectores económicos e o que é evidente é unha cousa, todos vostedes que negan que a competencia é da Xunta de Galicia e que debe establecer un plan de indemnización inmediatamente, están branqueando ao goberno do Sr. Feijóo, por suposto que si, e hai que dicilo claro e hai que dicilo a aqueles que son prexudicados neste momento e a máxima Sr. Marnotes é o que decide pechar debe de indemnizar.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Presidente hai unha emenda que entendo que non está admitida.

PRESIDENCIA: Non está admitida.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente o Sr. Estevez Rodríguez).

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2020 (Rex. Nº 2743/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(237).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE REALICE UNHA ACHEGA DE RECURSOS ECONÓMICOS CONSONTE COA POBOACIÓN RESIDENTE NA CIDADE. REXISTRO PLENO 2744/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2020, número 2744/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A pandemia xerada polo COVID19 puxo de manifesto, con maior intensidade que nunca, a importancia do Estado e das Administracións Públicas para garantir as condicións de vida dos cidadáns. Os distintos poderes públicos do Estado tiveron que facer fronte a necesidades e, polo tanto, a gastos imprevistos e atípicos pero necesarios.

O Goberno do Estado adoptou medidas financeiras para achegar recursos económicos para poder facer fronte as necesidades das persoas e, especialmente, aos gastos derivados da pandemia.

A Comunidade Autónoma de Galicia recibiu 17.010.652 euros do Goberno do Estado, para atender ás necesidades do COVID19 da poboación residente en Galicia, derivados do Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo.

Dende entón e ata principio de decembro non se ingresou ás Corporacións Locais cantidade algunha por parte da Xunta de Galicia. Ademais, se creou un Fondo Extraordinario de 16.000 millóns de euros para determinados gastos.

Durante este tempo, o Concello de Vigo viu atendendo, cos seus propios recursos, ás necesidades das persoas que precisaban atención social, ás familias, aos colexios, á desinfección de espazos públicos ou de uso público, á compensación polos contratos, á redución de taxas e ás horas adicionais dos empregados públicos.

Se temos en conta o que reprenta a poboación de Vigo no contexto de Galicia, lle deberían corresponder, como mínimo, un 10 por cento dos fondos percibidos do Estado. Sen embargo, nada diso sucede coa Administración autonómica.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguinte

ACORDO

- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que realice unha achega de recursos económicos consonte coa poboación residente na cidade e que, en ningún caso, será inferior ao 10 por cento dos recursos percibidos do Estado.”

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Para defender esta moción na que chegado este punto do penúltimo día do ano, xa podemos facer un balance das achegas de cada unha das administracións á situación xerada pola pandemia do coronavirus durante esta ano 2020, e que dende que se decretou o estado de alarma o pasado 14 de marzo deste mesmo ano e os distintos gobernos basicamente o goberno central, sobre todo o goberno local no caso de Vigo, viñemos desenvolvendo unha serie de medidas para paliar os efectos sociais, sanitarios e de crise económica que ten esta pandemia mundial que nos acecha. Polo nosa parte, pola parte do goberno municipal non só fixemos fronte aos gastos ordinarios senón que tamén fixemos fronte a gastos extraordinarios, en primeiro lugar axudas de emerxencia, máis de 10.000 axudas concedidas ás persoas que precisaron axuda por parte desta administración municipal, tamén axudas de comedor, esa tarxeta monedeiro que na época dura da pandemia, na época de restrición de saída da casa as persoas que precisaban, sobre todo os rapaces/as desta cidade, que precisaban da alimentación, de becas de comedor, puideron usar esa tarxeta monedeiro, a habilitación dos coidadores de barrio para facilitar que as persoas maiores puidesen facer as súas compras ordinarias, saír á farmacia, dispor polo tanto dos medicamentos, se fixo con cargo aos orzamentos municipais, a axuda no fogar, o servizo extraordinario de axuda no fogar, tamén se fixo cos orzamentos municipais, servizo de Xantar na Casa para as persoas que o precisaban, o servizo de Teleasistencia e como non a axuda económica e loxística digamos ás persoas vítimas de violencia de xénero agravada na situación de confinamento domiciliario, polo tanto, singularmente para as mulleres vítimas de violencia de xénero, máis de 50 mulleres con axudas económicas deste Concello, máis de 20 mulleres con aloxamentos alternativos para esas mulleres vítimas de violencia de xénero e por

suposto mantendo o centro de emerxencia, o centro de acollida de persoas vítimas de violencia de xénero con máis de 30 de mulleres, con atención domiciliaria á infancia, máis de 25 unidades familiares atendidas durante esta situación, o dispositivo para persoas sen fogar, cos dous albergues municipais co convenio tamén co bispado para dispor dun espazo alternativo co aloxamentos alternativos en hostais sen pensións, o contrato para o pavillón do Berbés e tamén facendo outras accións sanitarias por parte do Concello de Vigo como a desinfección dos 50 centros de ensinanza infantil e primaria da cidade, 8 escolas infantís municipais, as 5 escolas de ensinanzas especiais, as 2 bibliotecas con cargo a este Concello, a compra de 200 ordenadores para estudantes dos colexios, o servizo de desinfección na rúa e parques infantís con 82 xornadas día e noite de desinfección, con atomizadores, a contratación de persoal, as horas extraordinarias de Policía e de Bombeiros para atender estas medidas e por suposto a compra do material para prever a COVID-19, para prever esta situación, todo elo acompañado tamén de dous, aprazamentos da redución da taxa do lixo comercial nun 25%, da redución da taxa dos Vados, da redución da taxa da auga comercial, da redución da taxa das terrazas da que se veu a falar hai un intre, tamén da redución de impostos, un 20% de redución do imposto de obras para realizar aquelas obras sen custo fiscal para quen o fai e por suposto coa conxelación dos impostos municipais, para este ano 2020 pero tamén para o ano 2021, polo tanto, ese é o noso curriculum pero enfronte temos que a Xunta de Galicia pese a percibir fondos do estado, pese a percibir grandes contías de cartos, eses fondos que percibe a Xunta de Galicia non se trasladan nin á xente nin por suposto á administración máis preto aos cidadáns que é o Concello, que son os concellos, que é polo tanto, neste caso o Concello de Vigo, resulta irrisorio ver como a Xunta de Galicia non fixo ningunha actividade sanitaria, ningunha transferencia extraordinaria e de fondos para esta cidade, outras comunidades autónomas singularmente gobernadas tamén polo Partido Popular como é a de Andalucía, achegan eses recursos económicos ás cidades, podo poñer como exemplo a cidade de Córdoba que recibiu de forma extraordinaria 1 millón de euros da comunidade autónoma de Andalucía, no caso de Vigo cero euros, polo tanto, recibimos cero da Xunta de Galicia, non hai actividade sanitaria da Xunta de Galicia en Vigo, polo tanto, o que reclamamos é que a Xunta de Galicia atenda a Vigo como primeira cidade de

Galicia e transfira fondos dos que percibe do estado e que non os adique a dar 6 millóns de euros adicionais unha concesión dun hospital, unha sociedade privada.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Mais dunha moción “dèjà vu” do grupo Socialista a redor dunha cuestión que lle ocupa moito e ese permanente pin, pan, pun entre Concello e Xunta de Galicia, Xunta de Galicia e Concello, entre o Sr. Caballero e o Sr. Feijóo e o Sr. Feijóo e o Sr. Caballero, que vostedes presentan como unha contraposición antagónica moi acentuada pero que en grande medida é unha farsa, é unha farsa porque vostedes o Partido Socialista ou tamén o Partido Popular cambian de posición en relación a esta cidade no seu voto do que votan en Vigo, en Santiago de Compostela ou en Madrid en función de quen goberna ou de quen lles da as ordes. O BNG coincidimos en demandar, en esixir que a Xunta de Galicia transfira a esta cidade os recursos que nos corresponden, e tamén somos os primeiros en defender aquí e no Parlamento de Galicia a fin da política de abandono que aplica o goberno do Sr. Feijóo contra a principal cidade galega, o problema do grupo Socialista é que vostedes non teñen credibilidade, porque ao tempo que nos traen mocións como esta reclamando máis recursos á Xunta de Galicia, os seus deputados/as no Congreso xunto tamén á bancada de Unidas Podemos votan en contra das emendas que o BNG reclamábamos que a administración xeral do Estado destinase 45,5 millóns de euros máis de investimento na nosa cidade, vostedes votaron en contra de que estado investise 45,5 millóns de euros dos que 10 millóns destes ían destinados a unha cuestión tan importante neste contexto de pandemia como un Plan de reactivación e reindustrialización nunha cidade na que hoxe hai 9.100 postos de traballo menos dos que había en 2009, dos que xa estamos por riba ou preto dos 24.000 parados, onde temos sectores estratéxicos ao borda da desertización. Nós coincidimos na petición pero non conten co noso voto a prol para esta farsa, para esta novo “dèjà vu”.

SR. PÉREZ CORREA: 260.000 millóns de euros, esta é a cifra do orzamento do Estado para o ano que ven ao que o BNG e o Partido Popular decidiron votar que non porque era máis importante un tramo de AVE ou quilómetros de cemento nunhas estradas, iso é absolutamente rigoroso, nunca viviremos posiblemente unha política orzamentaria tan grande e espero que a próxima vez que se fale dos

orxamentos, se fale dos máis de 600 millóns de euros á Galicia en política de dependencia que vai asumir por primeira vez na historia no 2.500 millóns e as transferencias que van a recibir os concellos, falaremos diso, os concellos van a recibir grazas aos orxamentos xerais do Estado, os mesmos anticipos a conta a pesares dunha caída brutal da recadación, quen pode votar en contra disto? Pois podo entender que o faga o Partido Popular e o Vox, non podo entender que algunhas formacións que se din da esquerda pretendan seguir co orxamento dos anos 90, onde poñíamos 1.000 millóns de euros ao AVE, logo executábamnos 200 pero facíamos o alegato a favor desas cuestións, eu esta batalla como a imos a vivir durante todo o ano 2021, pois veremos a onde chegan os recursos, a onde chega realmente os recursos do orxamento do Estado por primeira vez que non son as necesidades que tiñamos noutra época, agora fai falla reforzar dependencia, reforzar axudas sociais, e reforzar a capacidade financeira dos concellos que van a recibir o mesmo carto que recibían no ano 20 a pesares de que a recadación caeu, eu vou a ser absolutamente dilixente en tamén defender os incumprimentos que faga o goberno de coalición con respecto á execución orxamentaria, pero que por primeira vez ao non estar vinculado gran parte do investimento a obras ou a cemento senón a políticas sociais veremos ao longo do ano 2021, e teremos tempo a discutir sobre que se votou no Congreso dos Deputados e quen votou e quen quedou retratado no Congreso dos Deputados e por que o digo? Porque o Estado reaccionou dunha maneira inmediata metendo inxección directa ás comunidades autónomas sen saber aínda cal ía ser o impacto do alcance da situación da crise económica, Galicia recibiu cartos para pagar os comedores escolares, do Estado, que non é competencia do Estado, porque hai unha vicepresidencia dirixida polo Sr. Pablo Iglesias que dixo que ningún neno quede sen comedor, porque non haxa recursos nas comunidades autónomas, a Xunta de Galicia non é só que non sabía nin que facer, a miña filla está nun colexio que ten un comedor financiado pola Xunta de Galicia e durante meses non se sabía que ía pasar cos nenos becados ao 100%, é dicir, os nenos que comen gratuitamente nos comedores, e tivo que vir o Concello de Vigo e axudar a eses rapaces a pesares de que eran comedores de competencia autonómica, 17 millóns de euros que recibiron, inxección de recursos que entraron porque hai entrada contable na Xunta de Galicia e que incluso de maneira absolutamente obscena o

Sr. Feijóo dicía, aínda que me dean axudas para contratar profesores ou persoal sanitario, que o vou a utilizar no que me dea a gaña, esta moción é oportuna porque a día de hoxe aínda non sabemos cal é a transferencia dos 300 millóns de euros de fondos que ían directamente aos concellos porque os concellos estaban asumindo competencias que non eran súas e os concellos estaban asumindo á xente que se quedaba en ERTE e que non cobraba porque a xestión inicial dos ERTEs colapsou os servizos públicos, viñan ao Concello de Vigo, entre outras cousas porque a Xunta de Galicia nin sequera había posibilidade de entrar porque había dous gardas de seguridade que imposibilitaban calquera tipo de xestión, e ademais este concelleiro fala con concelleiros de todo o estado, é máis, podo dicir que un a un das grandes cidades nos reunimos os concellos e dicimos oe que as vosas comunidades autónomas que están facendo cos recursos que lles transferiu o estado? A única comunidade xunto a Ceuta e a Melilla, pero a única comunidade que non sabíamos en que se gastou eses cartos era a comunidade autónoma de Galicia, durante os 6 meses da pandemia, obrigando a facer modificacións orzamentarias aos concellos, obrigando a algúns concellos a paralizar pagos importantes para ter recursos para poder pagar comedores escolares ou para poder reforzar os servizos sociais, e iso é unha evidencia como que é tan fácil como ver agora mesmo os orzamentos da Xunta de Galicia, onde os orzamentos da Xunta de Galicia din claramente que a maior inxección económica que teñen son transferencias do Estado, que os plans de reconstrución COVID-19 son transferencias do Estado, que a gran parte do que imos pode facer en sanidade fronte ao gasto case consignado que temos de pagar entidades privadas sanitarias como pode ser o canón do Álvaro Cunqueiro son transferencias do Estado, e en vez de colaborar se propón un bloqueo pactado no Parlamento de Galicia que eu escoitei ao BNG e ao PP dicir o mesmo, que a Xunta de Galicia xestione todo, fondo europeos tamén e o mesmo día que se adique a fondos europeos se adique a Xunta de Galicia, deixa 1.400 millóns de euros de fondos europeos sen executar, a que estamos? O cartos é para os concellos, os concellos teñen que ter acceso aos fondos europeos porque xestionaron mellor que a Xunta de Galicia multiplicada por 20.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Mentira, mentira, tras mentira, Sr. Font, o Concello de Pontevedra claro que ten axudas directas para a hostalaría, ten o Plan Supera o que pasa é que vostedes que teñen un discurso en Madrid e outro aquí, o que non sabía era que tiñan un discurso en Vigo e outro en Pontevedra, ata a Deputación de Pontevedra é vostede sábeo mellor ca min, non Plan Concellos permite que os fondos que se destinan poidan ser tamén para que os concellos axuden aos sectores castigados pola crise, se para o PSOE de Vigo a hostalaría non é un sector castigado pola crise pois entón apaga e vámonos, mentira, Vigo é a única cidade galega que non ten axudas directas ao comercio e á hostalaría e agora xa as 4 deputacións. O goberno do Estado creou un fondo COVID para as comunidades autónomas, un Real Decreto Lei con 16.000 millóns e polo de agora repartiu 6.000 millóns, con eses cartos se paga o gasto sanitario, preguntar á ministra se os cartos deses fondos eran para transferir aos concellos nun consello de política fiscal e financeira dixo que non, que ían a ter o seu propio fondo e o presidente da FEMP, o Sr. Caballero que digo que vostedes teñen un discurso en Madrid e outro aquí, pediu apremio ao goberno para dispoñer xa o fondo COVID para os concellos, Xunta do Goberno da FEMP do 23 de novembro de 2020, a que están xogando vostedes, a mentir e a confundir á xente, as comunidades autónomas reciben fondos do Estado mediante un fondo COVID, e o goberno se comprometeu a crear un fondo COVID para as entidades locais e señores de Marea, o representante de Podemos na FEMP di grupo municipalista da Federación de Municipios e Provincias formada por IU, Podemos e Comúns mobilizará aos seus Alcaldes/as se o ministerio de Facenda non outorga o fondo de 3.000 millóns prometidos aos municipios para facer fronte aos gastos derivados da pandemia de coronavirus o Sr. Pedro del Cura, alcalde de Rivas Vaciamadrid, ou sexa que tampouco poden ter vostedes un discurso en Madrid e outro en Vigo, quen ten que poñer os cartos a disposición dos municipios é o goberno de Madrid que é ao que se comprometeu, ten que crear o fondo, os fondos que van para as comunidades autónomas son para pagar os gastos das comunidades autónomas, o que non pensaba eu é que viñan vostedes, non me estraña que o Alcalde se vaia coas mocións do PSOE, se o desautorizan, vostedes non se dan conta que con esta moción están vostedes desautorizando a posición dos socialistas na FEMP que están pedindo que se destinen recursos específicos do goberno ás entidades locais, como que se fale en Madrid e unha

cousa aquí é o que se fala é outra da igual. Os fondos, “la FEMP apremia al gobierno para disponer de 3.400 millones de euros en el fondo COVID”, o problema non é que a Xunta de Galicia non transfira fondos aos concellos, a Xunta de Galicia os recibe, é que Madrid non transfira os gastos aos concellos, non, por que non os transfira? Terá que explicalo a ministra, igual porque non lle saíu ben o famoso Real Decreto Lei dos remanentes, aínda estamos esperando polos 5.000 millóns que viñan de propina, por entregar os fondos, xa está ben de tanta mentira, de tanta demagogia e de tanta manipulación, a ministra prometeu un fondo COVID para os concellos e incumpriu a súa promesa, a FEMP reclama os cartos ao goberno central, o presidente da FEMP llo reclama publicamente ao goberno central e veñen vostedes aquí a pedir que un discurso para a Xunta de Galicia, enganar vos a vos, os cartos que o goberno vai ás comunidades autónomas vai para os gastos das comunidades autónomas, para os gastos do COVID dos concellos o goberno prometeu un fondo que non chega, onde está ese fondo, pero entón que di aquí o Sr. Caballero? “Apremia al gobierno para disponer ya de los 3.400 millones de 2020 en el fondo COVID”, o presidente da FEMP ao goberno de Madrid, miren, esta moción é o de sempre, a moción que está para encubrir as eivas de vostedes, non presentan aquí axudas directas ao comercio, non presentan axudas directas á hostalería, as axudas sociais que fixeron para o COVID-19, foron apenas 1.400.000 euros máis que o ano 2018, teñen vostedes unha política social precaria e agora como a encobren? Facendo como lle dicía antes o camiño de Santiago das lamentacións, cando o que teñen que facer é poñerse a traballar e non utilizar este Pleno dunha maneira tan demagoxica e por certo, xa ninguén o cree, tampouco os hostaleiros lles creen.

SR. ANEIROS PEREIRA: Nisto hai que poñer un pouco de sensatez, tranquilidade e sosego porque esta vehemencia na defensa do Sr. Marnotes é digna dos mellores anais deste Concello, quedará rexistrada tamén como unha defensa chabacana do que non fai o goberno do Partido Popular porque mire, nós si que falamos cunha voz única, este goberno municipal sempre quixo estar en primeira liña de defensa das persoas que precisaban axuda nesta situación de pandemia, sempre, dende o primeiro momento, é importante tamén documentarse respecto das datas nas que se amosan eses recortes de prensa, porque claro cando se reivindicaban ese fondo

COVID-19, para os concellos estábamos falando deses decretos de remanentes nos que vostedes no Congreso votaron en contra e no que se prevían eses 5.000 millóns adicionais a fondo perdido para os concellos, como ben o dixo o Alcalde era un acordo excelente para os concellos pero vostede votaron en contra e por certo tamén votou en contra no Congreso dos Deputados o Bloque Nacionalista Galego, polo tanto, nós falamos sempre cunha voz única, miren, por primeira vez creo que en 5, 6 anos estou de acordo co que manifestou, ao 95% o voceiro de Marea de Vigo, por primeira vez porque responde á situación real, vostedes votan Partido Popular, BNG, votan en contra do que favorece a Galicia e logo pretenten branquear a súa posición defendendo cuestión distintas no Parlamento de Galicia fan pinza co Partido Popular e no Parlamento do Estado pois votan en contra daquelo que favorece a Galicia para tamén branquear dalgún xeito a súa medida. Mire, o que si que que é certo e están aí, os números non enganan, é que hai un primeiro fondo de 300 millóns de euros de servizos sociais, primeiro fondo, segundo fondo, 16.000 millóns de euros tamén para as comunidades autónomas, do primeiro fondo, dos 300 millóns, Galicia recibiu 17 millóns 10.652 euros, os números non enganan, Vigo recibiu dese fondo cero euros, outras comunidades autónomas como Euskadi, Asturias, Murcia, tamén gobernada polo Partido Popular, Cataluña ou Castela León, trasladaron directamente eses recursos aos concellos do seu ámbito territorial, por que a Xunta de Galicia non o fai? Por que a Xunta de Galicia non trata igual aos concellos, que quere a Xunta de Galicia? Gardar eses cartos? Quere pagar cartos ás concesionarias, aos fondos de inversión donos de edificios hospitalarios, que transfira a comunidade autónoma de Galicia aos concellos o importe corresponde por poboación e polo tanto, que transfira á Vigo eses recursos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias

González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2020 (Rex. Nº 2744/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

10(238).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DENDE O 19.11 AO 21.12.20. EXPTE. 932/1102 (REXISTRO PLENO 2735/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 19.11 ao 21.12.20) incluídas no expediente 932/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

11(239).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS DENDE O 19.11 AO 21.12.20. EXPTE. 933/1102 (REXISTRO PLENO 2736/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 19.11 ao 21.12.20) incluídas no expediente 933/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

12(240).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO SOBRE A POLÍTICA XUVENIL DO CONCELLO DE VIGO. REXISTRO PLENO 2738/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2020, número 2738/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

SOBRE A POLÍTICA XUVENIL DO CONCELLO DE VIGO

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Vigo foi durante anos un exemplo referencial en materia de políticas para a mocidade. Após décadas de inercia e de desatención, a partir do ano 1999 e baixo o impulso do Goberno municipal liderado por unha alcaldía nacionalista, o Concello de Vigo despregou un importante esforzo por atender as necesidades da poboación máis nova. Un esforzo público que xermolou no programa “Móvetes con Vigo” e que posteriormente cristalizaría en iniciativas de éxito como o programa de lecer alternativo “Noites Vivas” e nun apoio institucional sen precedentes ao tecido asociativo xuvenil. Non se tratou dunha actuación limitada senón de carácter transversal, desenvolvéndose para alén da área delegada de Xuventude en ámbitos como a política cultural, deportiva, educativa ou de igualdade.

Froito desa visión audaz e comprometida coa mocidade viguesa desenvolveuse tamén unha importante aposta por dotar a cidade de espazos e programas que permitisen consolidar e alargar a oferta de actividades e servizos no ámbito xuvenil. O reforzo dos servizos da Casa da Xuventude e do seu Centro de Información e Documentación Xuvenil, lograra daquela converter o chalé El Pilar nun verdadeiro nodo base dunha rede de espazos que continuaría coa posta en marcha, en marzo de 2001, do programa Súbete ó Castro e a apertura anos despois do Punto Xove, sob un modelo decididamente descentralizado.

O Súbete ó Castro permitiu recuperar unha dotación practicamente abandonada, como era a vivenda e conserxería do depósito de auga, para a converter nun vizoso espazo de servizos e actividades para a mocidade nunha localización privilexiada no cerne dun dos pulmóns verdes da cidade. De entre as moitas accións desenvolvidas e das que se beneficiaron millares de mozas e mozos, cómpre salientar a labor realizada no que ten a ver co apoio á creación musical da cidade, albergando un dos primeiros locais de ensaio municipais, ofrecendo un amplo programa de formación musical gratuíta ou impulsando os CastroConcertos, que mereceron o recoñecemento como unha das mellores iniciativas de promoción musical a nivel galego e que serían unha importante plataforma para o lanzamento de grupos hoxe consolidados da escena musical viguesa. Aliás, o Súbete ó Castro impulsou outras iniciativas de éxito como a Liga de Improvisación para Xóvenes Afeccionados (Lixa) e sediou os primeiros esforzos municipais na promoción da cultura e deportes de carácter urbano, nomeadamente no ámbito da BMX e o skate.

O Punto Xove, instalado desde o ano 2007 na rúa López Neira , non era apenas unha extensión descentralizada da propia Casa da Xuventude, senón que respondía ao afán municipal por ofrecer unha alternativa saúdabel a un modelo de lecer nocturno ligado ao consumo de alcol en pleno centro da cidade, chegando a atender nun só ano a máis de 25 mil mozas e mozos da nosa cidade.

En 2011 a política xuvenil municipal daba un importante salto adiante coa apertura do Vigo Sónico, en Valadares. Un proxecto ambicioso, froito da colaboración iniciada entre a Dirección Xeral de Xuventude da Xunta bipartita e a Concellaría de Xuventude, como un complexo dedicado fundamentalmente ao apoio á creación musical da mocidade, albergando 5 salas de ensaio, 4 cabinas de formación ou un estudo de gravación, das que fixeron uso varias centenas de grupos e artistas. Vigo Sónico desenvolvía ademais un amplo programa de actividades de diverso tipo, de carácter formativo e tamén de lecer alternativo, e as súas instalacións foron utilizadas por un importante número de asociacións e colectivos para a realización de eventos.

Todo o que se ten relatado describe un importante esforzo municipal, que con diferentes intensidades e graos de compromiso acabou por ser asumido por diferentes gobernos municipais, de diverso signo político, até o ano 2014.

En novembro dese ano enceta, co peche do Súbete ó Castro, xustificando en inicio como provisional por unhas obras que nunca se realizaron e que se tornou definitivo, un proceso de desmantelamento da política xuvenil do Concello de Vigo.

En agosto de 2017 o actual goberno municipal botaría o feche tamén ao Punto Xove e reduciría até a mínima expresión a actividade e servizos da Casa da Xuventude.

Por vez primeira en case dúas décadas, un Goberno local demostrase incapaz xa non de impulsar novas iniciativas ou programas en material xuvenil senón mesmo de manter o xa creado por gobernos anteriores.

Un desmantelamento que se alarga este ano co feche do Vigo Sónico, que se ben cesou na súa actividade a mediados de marzo por causa da pandemia do coronavirus acabou por se tornar un dos poucos espazos municipais que non volvería abrir as súas portas. E iso, malia que o 13 de febreiro se iniciou un proceso de licitación pública para a prestación do servizo de xestión deste espazo, que en xuño sería suspendido para finalmente a Xunta de Goberno Local acordar, sorprendentemente, o pasado 26 de novembro a non adxudicación do contrato. Un feito que engadido á non celebración da prórroga inicialmente prevista en marzo, vén de provocar que neste momento non se saiba se o Vigosónico vai reabrir as súas portas nin cando, nun exemplo de xestión negligente que non se xustifica nas restricións sociosanitarias derivadas da Covid19 e que non impediron a reapertura e o reinicio da actividade pública noutras instalacións municipais.

De non corrixir esta situación, promovendo a reapertura no máis breve prazo de tempo do VigoSónico, adoptando as medidas organizativas e loxísticas que foren precisas para o funcionamento seguro dese espazo, o Goberno municipal fará retroceder dúas décadas a política xuvenil do Concello de Vigo colocando a nosa cidade á cola das sete cidades galegas neste ámbito e ocasionando un evidente e grave prexuízo ao conxunto da mocidade viguesa.

A este desmantelamento en curso da política xuvenil engádese tamén unha estrutural desatención por parte do Concello das necesidades da mocidade viguesa en ámbitos tan importantes como o seu acceso ao emprego e á vivenda, que urxe reverter.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Instar o Goberno municipal a:

- 1.- Adoptar as medidas que sexan necesarias para promover a reapertura no menor prazo de tempo posíbel do espazo xuvenil Vigosónico coas máximas garantías preventivas.
- 2.- Volver poñer en marcha o programa Súbete ó Castro e o Punto Xove, así como restituír os servizos e actividades suprimidos na Casa da Xuventude.
- 3.- Constituír o Consello Municipal da Xuventude como espazo de participación e co-decisión da mocidade viguesa e o seu tecido asociativo no deseño da política

xuvenil do Concello, e que teña como primeira encomenda a elaboración dun Plan Estratéxico de Políticas para a Mocidade na nosa cidade.

4.- Despregar novas accións e programas municipais orientados a atender as necesidades da mocidade viguesa nos ámbitos do emprego e a vivenda, a principiar por executar de maneira completa as partidas do orzamento municipal relacionadas con esta finalidade.

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Na política xuvenil deste goberno municipal é a política da demolición, acenden luces pero apagan un tras outro tódolos programas e espazos que puxeron a Vigo no seu momento na vangarda das políticas para a mocidade. En 2014, fecharon o Súbete ao Castro, un programa pioneiro que deu lugar a iniciativas tan importantes como os Castro concertos ou a liga de improvisación teatral, en 2017 dataron e fixeron desaparecer definitivamente o Punto Xove concibido como un espazo para o lecer alternativo no centro da cidade e reduciron ata o mínimo, por chamarlle algo, os servizos que presta a Casa da Xuventude, e dende marzo desta ano 2020, Vigosónico está fechado sen data de reapertura despois de que o seu goberno decidira non celebrar o contrato de adxudicación que permite a xestión deste espazo pioneiro e que marcaba a cidade de Vigo como verdadeira referencia no apoio e potenciación da creatividade musical da xente moza, Vigosónico era un emblema do que debiera ser unha verdadeira política destinada en favor da mocidade e que prestaba servizos a decenas de grupos musicais, de xente moza da nosa cidade con salas de ensaio, con formación musical ou tamén con un estudo de gravación. Vostedes son incapaces mesmo de manter o que funciona, e nisto hai que recoñecer que en varias lexislaturas marcaron vostedes un récord olímpico, fixeron retroceder á cidade de Vigo preto de dúas décadas en política xuvenil dende o que no ano 99 un goberno, baixo a Alcaldía nacionalista, impulsáramos aquel proxecto pioneiro, aquel ser molar que era Móvete con Vigo que despois daría lugar as Noites Vivas etc., etc., vostedes non só non crearon nada, absolutamente nada, senón que se adicaron a eliminar e a erradicar, a poñer o feche definitivo a todos e cada uns dos programas, vostedes non teñen máis política para a mocidade que a permanente oferta de selfies co seu Alcalde que agora infelizmente non se poden materializar como el quixera e por iso se cadra anda algo desanimado.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: En setembro do ano 2018, a Marea de Vigo denunciaba que a Casa da Xuventude levaba xa un ano naquel momento sen dar servizo á mocidade de Vigo e é que xa en 2017, escoitabamos no Pleno do Concello á concelleira responsable da área de xuventude dicir que o que estaba a acontecer coa Casa da Xuventude era un proceso de remunicipalización do servizo e que en pouco tempo a Casa da Xuventude estaría tamén aberta polas tardes que non se ía perder, polo tanto, ningún dos servizos ofertados e ademais explicábase que ese ía levar adiante un innovar Plan, ben, non só isto non aconteceu ao menos que efectivamente entendemos por innovador plan o peche da Casa da Xuventude senón que nada destes servizos nin pola tarde, nin a municipalización do conxunto da Casa da Xuventude se levou adiante, nin tampouco se atenderon aos criterios que establece a Carta Europea, onde especifica a necesaria cualificación do persoal que traballa coa mocidade, así como tamén uns horarios necesarios e específicos á hora de por en disposición aos servizos da Casa da Xuventude para poder atender ao maior número posible de mozos/as da cidade, nada disto aconteceu, ao contrario, as denuncias da Marea de Vigo naquel momento tiñan todo o sentido non eran inventos da oposición, non eran barbaridades senón que sinalaban e denunciaban o que finalmente aconteceu o desmantelamento das políticas activas para a mocidade porque a fin da Casa da Xuventude, da que moitas ademais somos socias cando éramos pequenas no barrio das Travesas, sumouse tamén a liquidación do Punto Xove, e doutros programas como Sube ao Castro, algo que naquel momento xa xerou numerosas queixas porque non foi substituído por ningún outro servizo análogo e co peche da Casa da Xuventude, co peche de Súbete ao Castro so restaban un locais de ensaio municipais, os de Vigosónico, Vigosónico pechou subitamente o 14 de marzo, como non puido ser doutro xeito pero o COVID-19 utilizouse como escusa en lugar de adaptarse á realidade de urxencia sanitaria do mesmo que o fixeron o resto de instalacións públicas e privadas da cidade e tódalas cidades do estado, con peches temporais, con limitacións estritas, respectando toda a normativa estatal autonómica como calquera outro servizo pero non se fixo iso, simplemente Vigosónico deixouse caer literalmente, pechouse sen ningún tipo de comunicación cos grupos usuarios, en maio, en xuño, en xullo comezamos a saír da casa pero iso non significou a

apertura de Vigosónico que permaneceu como digo pechado e dentro os instrumentos musicais de alto valor económico co lóxico risco de deterioro que finalmente aconteceu, o 10 de setembro este grupo municipal solicitou formalmente dúas cuestións moi claras, unha que a concellería de Xuventude se comunicase coas persoas usuarios do espazo Vigosónico para informarlles do protocolo a seguir para poder recoller o seu material técnico e dúas, que a concellería de Xuventude trasladase ás usuarias información sobre a previsión de apertura dos locais de ensaio e sobre as medidas de seguridade sanitaria que deberían seguirse a partir da reapertura, nin este grupo municipal nin os grupos de música usuarios de Vigosónico tiveron resposta, non puideron ir a recoller os seus instrumentos ata finais de outubro e o panorama foi desastroso, sobre a reapertura só tivemos noticias pola prensa en decembro, o Concello decidira non adxudicar o contrato de xestión de Vigosónico e así este centro convertíase en vítima da pandemia, da pandemia ou da política cultural do Concello, somos as primeiras en esixir responsabilidade coa situación sanitaria pero no podemos permanecer caladas ante o peche dun servizo como o de tantos outros que podería xestionarse de xeito 100% público e municipal, con tódalas medidas sanitarias por suposto mantendo así tamén o apoio, o compromiso do Concello de Vigo cos grupos musicais e coa mocidade que está querendo facer actividades creativas na nosa cidade.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Dende o Partido Popular de Vigo, coincidimos e nos atopamos ante unha moción que recolle varias das reivindicacións que neste campo o noso partido durante os dous mandatos anteriores en orgullosa soidade defendeu fronte a un goberno xordo ás demandas da xuventude e que situou e sitúa aos nosos mozos non como o futuro de Vigo senón como un adversario ao que se pretende illar, marxinar e en última instancia expulsar da cidade, non porque o diga eu falan os números, segundo o Instituto Galego de Estadística datos do 18 Vigo perdeu máis 16.000 mozos dende que goberna o Partido Socialista, Sr. Pérez Iglesias, ten vostede moita razón nas cuestións que recolle a súa moción, é verdade que durante os seus gobernos se fixeron iniciativas de xuventude e tamén lles lembro que o Punto Xove de López de Neira que coincidiu e se puxo en marcha sendo alcaldesa a Sra. Porro, a inaugurou ela para incrementar as vías de intercambio e

colaboración entre a xuventude e as institucións municipais, un espazo con oficina de información e orientación xuvenil, con persoal técnico especializado e unha área de autoconsulta, corría o ao 2007, foi o ano que se creou Twitter, o ano que naceu Facebook, Youtube e no que se presentou iPhone, foi o ano da explosión de internet, e xa entón dábase no Punto Xove acceso gratuíto a internet, coincidirán comigo que houbo visión de futuro. É certo que o goberno local actual deu un auténtico portazo aos mozos co peche masivo de instalacións municipais e que tamén foi o Partido Popular o que denunciou esta situación. O Partido Popular de Vigo defendeu a necesidade de contar cun Plan de Emprego xuvenil que respondera realmente ás demandas dos mozos e á recuperación de programas como Noites Vivas e espazos como Súbete ao Castro e a Casa da Xuventude, así consta por escrito no programa electoral que propuxemos nas eleccións do 15 e do 19. o peche do Súbete ao Castro e o peche que na practica fixeron coa Casa da Xuventude non está pechada pero si illada e marxinada por este goberno se suman agora ao peche de Vigosónico, deixando aos mozos sen tres das principais instalacións municipais das que podían gozar, alguén ten que tomarse en serio as necesidades da xuventude, fronte a un goberno municipal que non ten máis política que a de bandazo, niso consiste a política xuvenil, en facer o contrario do que demandan os mozos e o sentido común é cambiar varias veces o responsable do timón. A brevidade do Sr. Gómez no posto sen facer ningunha contribución no benestar da xuventude, fulminou coa asunción das funcións nesta materia porque estaba saturado, sen dúbida esta é a diferenza entre o que supón ser un cargo público ou unha carga pública fronte a esta suma de despropósitos que a xestión do goberno Socialista en materia xuvenil leva facendo, o Partido Popular de Vigo defendemos e defenderemos un plan de emprego para os menores de 35 anos, a recuperación para a xuventude das instalacións municipais que os socialistas pechan, rebaixas fiscais para que os cartos dos mozos queden no seu peto e non na administración. Tamén iniciativas no transporte como a creación dunha nova liña que conecte a zona norte da cidade co Campus universitario que por certo, foi aprobada por este Pleno municipal co voto favorable do BNG e que a día de hoxe continuamos sen noticias dela, non existen un proxecto ambicioso para os nosos mozos, non hai alternativa de ocio, non hai programas municipais onde se atendan as necesidades da xuventude, non hai instalacións municipais acordes a esta

cidade, esta é unha cuestión relevante e lle reitero que o Partido Popular de Vigo votará a favor xa que creu, cree e creará na xuventude como o motor dunha cidade moderna e ambiciosa.

SR. LÓPEZ FONT: Eu afirmo categoricamente que dende este goberno sempre apostamos pola xuventude, polas políticas de xuventude, e o fixemos dende o primeiro momento porque o entendíamos como unha política absolutamente necesaria e de futuro, unha política de xuventude que entendimos sempre dunha forma transversal nun claro compromiso cos mozos, e cando digo de forma transversal digo preocupándonos da educación, do ocio, da prevención, do deporte urbano, tamén da convivencia en campamentos e tamén do emprego pero me resulta moi sorprendente que falando de xuventude nas tres intervencións que escoitei anteriormente haxa esquezo, omisión, e precisamente o programa de becas de inglés que dende o primeiro día o Alcalde o Sr. Caballero se empeñou en que formase parte do maior programa revolucionario de atención aos mozos que se poida dar non o teñan vostedes en consideración, claro, por parte do Bloque Nacionalista Galego non me estraña porque o único ano no que non puidemos facer este programa foi pola súa boicot no orzamento pero isto tamén é política de xuventude, este que é o maior programa de ningún concello de España, nós estamos nun número de miles de prazas para que vaian os mozos a Inglaterra e a Xunta de Galicia non ten absolutamente nada, practicamente nada para toda Galicia. Esta formación é necesaria, é a que garante a cultura e tamén opcións de emprego. Pero mire, máis alá das súas omisións nós tamén apostamos polos programas de cultura mozo para promover a creación artística, a produción musical e a creación de zonas de ocio. O ano 2019 se viran vostedes ben os datos do feito, foi especialmente activo e frutífero en políticas e actividades de xuventude. Vigosónico, efectivamente, Vigosónico se converteu nun viveiro de grupos locais, é un programa que vai máis alá do fomento da música, é un espazo único, do que este goberno municipal se sente moi orgulloso porque está dotado dunhas magníficas instalacións que o converteron nun punto de encontro onde tamén se ceden espazos para asociacións e colectivos, se fixeron todo tipo de actividades porque escoitando a algúns isto parece que non fora así, se celebraron certames como Vigo en vivo e a proba da fortaleza deste Vigosónico son os seus

datos de 2019, se rexistrou unha asistencia de 7.100 persoas, participaron 144 bandas de tódolos estilos e tamén con actividades formativas pero é evidente en materia de xuventude necesitaría moito tempo para contar o feito. A Casa da Xuventude funcionou perfectamente, tivo o programa Estar de Ocio para os fines de semana, esta proposta formaba parte dun conxunto de obradoiros, actividades e concertos, o Nadal pasado, aquelas que se puideron facer en normalidade foron e constituíron un ambicioso programa de actividades, Vigo onde vive, Vigo o Nadal, ambicioso programa de actividades con campamentos de Nadal en Berbés, en Bouzas, e en Navia, obradoiros en Mar de Vigo, para grafitis, raft, regueifas, poesía, carpa xove en Navia, Nadal Vigolandia o tradicional, polo tanto, todo isto e o realizado nun ano normal, esas son as políticas de xuventude que se fixeron dende este goberno e era a previsión para un 2020 dun ano ambicioso pero certamente a pandemia o impediu e Vigosónico é o mellor exemplo, non é posible realizar actividades en Vigosónico, categoricamente, non hai forma polas características das súas instalacións de establecer protocolos seguros, polo tanto, o risco sanitario o impide e nos non imos a correr ningún risco sanitario porque sería certamente unha irresponsabilidade e precisamente os que gozan desas instalacións así o entenden. Polo tanto, nós non podemos estar de acordo con esta moción porque supón nesta situación un risco pero que saiban que na situación de normalidade haberá como sempre amplas políticas de xuventude.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Agradecer o apoio dos restantes grupos, no caso do Partido Popular hai un problema e é que apoian esta moción pero na Xunta de Galicia aplican a mesma política que estamos a denunciar aquí, acabando con todo o que se impulsara no seu momento dende a dirección xeral de xuventude antes da chegada do Sr. Feijóo. Miren a política xuvenil do seu goberno é inexistente como na practica totalidade é concellería de Xuventude, tanto é así que tivo que intervir o voceiro do goberno e do grupo municipal Socialista cando está conectada a concelleira delegada que podería explicarnos este amplo dossier sobre a súa actuación á fronte desa área, se o coñece. En todo caso Sr. Font, vostede falou de moito pero non nos dixo aínda algo importante, non deu resposta a esas máis de 1.500 persoas mozos/as que asinaron reclamando a reapertura do Vigosónico, cando vai volver a abril? E non utilice a pandemia como coartada porque non se

dan as condicións para poñer en marcha o Vigosónico cando si temos abertas as instalación deportivas, por que no Vigosónico non se poden desenvolver ningún tipo de actividades cando si noutras dotacións do Concello? Porque vostedes non queren.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Caride Estévez).

VOTACIÓN: Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.12.2020 (Rex. Nº 2738/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

13(241).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, INSTANDO AO PLENO DO CONCELLO A TOMAR DIFERENTES MEDIDAS ANTE A SITUACIÓN CONCESIONAL DO TRANSPORTE PÚBLICO DE PASAXEIROS NA CIDADE. REXISTRO PLENO 2737/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2020, número 2737/1101, os concelleiro do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN INSTANDO AO PLENO DO CONCELLO DE VIGO A TOMAR DIFERENTES MEDIDAS ANTE A SITUACIÓN CONCESIONAL DO TRANSPORTE PÚBLICO DE PASAXEIROS NA CIDADE.

A actual concesión de transporte público de Vigo, en mans de VIGUESA DE TRANSPORTE SL (VITRASA), pertencente ao grupo AVANZA, substánciase nun acordo tomado polo Pleno do Concello de Vigo do 26 de maio de 1994 con sucesivas modificacións realizadas a posteriori por motivos diversos e que alteraron tanto as condicións do contrato como o alcance económico do mesmo e os do billete ordinario.

Un contrato de máis de 25 anos, condicionado pola realidade dunha normativa de contratación pública non demasiado garantista naquela altura e por unha capacidade de presión da concesionaria tan evidente que instaurou un sistema de cálculo do billete mediante unha fórmula polinómica que permite que, actualmente, teñamos o billete máis caro de Galicia e un dos máis elevados do estado.

Posteriormente, e a cambio de varios servizos complementarios, acordouse un sistema concesional garantista que obrigaba a manter unha prognose de viaxeiros/as anual de 20 millóns e, de non acadalos, proceder a compensar á concesionaria. Compensación que se sumaría aos importes económicos que xa compensaban a Vitrasa pola tarxeta verde e as lanzadeiras ao Cuvi.

O propio alcalde calificaba de desfasado o contrato hai apenas un ano e apostaba por non ampliar a concesión (opción recollida no prego actual) e redactar novos pregos e concurso concesional. As declaracións naquela altura do alcalde de Vigo, Abel Caballero, desbotaban ampliar a concesión a pesar de figurar no prego formalizado no ano 1995 a posibilidade de prorrogar a concesión por 5 anos ate un máximo de 35 (incluído o prazo fixo concesional).

Coherente con esta decisión, decidiuse o 28 de decembro de 2018 denunciar a prórroga da concesión para, e citamos textualmente, “evitar a prórroga tácita do actual contrato”. Parello a isto, constitúese un comité técnico para os traballos de redacción de novas condicións do transporte público urbano e consecuentemente os pregos do novo concurso.

En febreiro do ano seguinte apróbase o perceptivo regulamento do servizo no que Marea de Vigo entendía que a aposta polo servizo concesionado indirectamente a unha empresa privada era un profundo erro e apostaba por deixar aberta a posibilidade da xestión pública directa do mesmo como é na maior parte das grades cidades do estado.

Con todas as reservas, o que entendíamos dende diferentes formacións políticas e colectivos da cidade era que por fin, 25 anos despois, abordábase a necesaria modernización e actualización dos criterios normativos e de funcionamento do transporte público colectivo na cidade de Vigo.

A crise provocada pola aparición da COVID-19 deste ano, tivo, dentro dos múltiples impactos, un evidente efecto sobre o transporte público da cidade, non só en canto a limitacións de mobilidade cidadá con impacto directo no transporte como no propio aforo dos autobuses e recadación. Impacto que Vitrasa claramente sabía menor ao ter garantido a cifra de 20 millóns de pasaxeiros que figura no contrato actualmente vixente, pero que dende o primeiro momento eximiu de xeito vitimista para condicionar a futuro posibles indemnizacións económicas.

Igualmente, e consciente deste impacto, o Goberno do estado aprobou o Real Decreto-lei do 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19 polas medidas tomadas durante o estado de alarma, que entre outras cousas contemplaba “o dereito dos titulares das concesións de servizos ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante a ampliación da duración inicial do contrato ata un máximo dun 15% o mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato”.

Porteriormente, e rematado o estado de alarma, o Goberno do estado artellou unha proposta, incluída no Real Decreto lei 27/2020 de 4 de agosto, que pretendía regular a fórmula que determinaba a contía do reequilibrio para o ano 2020, que, a pesar de ser rexeitado polo Congreso abriu a porta a un acordo posterior de uso de remanentes que permitía aos concellos empregar recursos para a compensación e equilibrios económicos financeiros dos servizos públicos de transporte, feito que o Concello de Vigo decidiu non empregar e si outros concellos como o caso de Sevilla.

Pois neste contexto, chegamos ao mes de decembro donde o pasado día 14 VITRASA decide unilateralmente non aboar a paga extra do mes de decembro argumentando que o Concello de Vigo non compensou as perdas provocadas pola situación sanitaria, provocando a sorpresa do cadro de personal e o impago de nóminas por primeira vez na historia do transporte urbano da cidade de Vigo. Esta situación desbloquéase o día 21, despois da decisión do Goberno local de aboar 2.194.963,56 euros fronte aos 8.240.712 reclamados pola empresa privada. Unha diferenza que amosa o descontrol e disparidade de criterios interpretativos entre Goberno local e empresa concesionaria.

Esta situación manifesta, ao noso entender, que VITRASA emprega de xeito interesado a situación COVID coma complemento dunha situación de franca vantaxe que xa de por si atesora co contrato, pero amosa tamén, e é o máis grave, que o Concello de Vigo ten que se desdicir da denuncia do contrato e decidir unha prórroga de 5 anos que nada ten que ver con ese 15% de aumento que recolle o Real Decreto-lei do 8/2020 de 17 de marzo.

Porque o Goberno local non emprega, por así dicilo, a “fórmula COVID” para compensar a VITRASA, senón que sorprendentemente emprega a cláusula que figura no contrato do ano 1995, a de 5 anos prorrogables a un máximo de 35 contando o período concesional inicial. Decisión que para Marea de Vigo está evidentemente motivada porque ese 15% do Real Decreto non compensa, xa non as perdas de pasaxeiros e pasaxeirás por debaixo dos 20 millóns que ten que garantir a cidade, senón tamén o “pozo sen fondo” que é esta concesión, pozo sen fondo ao que os gobernos locais lanzan todo tipo de proxectos: publicidade noutras cidades para promocionar a cidade, cartas a toda a veciñanza de Vigo anunciando a Pass Vigo coa cara do alcalde, ou a inxustificada renovación e compra en vez de renting de vehículos cada poucos anos. Todo un elenco de decisións que logo VITRASA anota e coloca no “pendente de amortizar” na concesión. Unha ruína para a cidade pero un “negociazo” para a empresa, que a día de hoxe esgrime ter pendente 16 millóns de euros de amortización en forma de terreos das cocheiras, vehículos e outros conceptos.

Todas estas cuestións, feitas dende a decisión de activar a prórroga coma os criterios que marcan os futuros e presentes importes de reequilibrio económico da actual concesión nun marco de opacidade e falla de control democrático do que se negocia en nome de todos os vigueses e viguesas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

- 1.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a anular a decisión de activar a prórroga do contrato de xestión do transporte público de Vigo e facer valer a única decisión xurídicamente válida que é a denuncia do mesmo do 28 de decembro de 2018 que invalida a prórroga posteriormente anunciada.
- 2.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a convocar de xeito urxente un Pleno monográfico para informar sobre todo o proceso de negociación entre Concello de Vigo e a empresa VITRASA e o grupo propietario AVANZA.
- 3.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á convocatoria inmediata do Consello Sectorial de Transportes da cidade de Vigo para dar audiencia a empresa, organizacións sindicais e colectivos veciñais e sociais da cidade para abordar esta situación na concesión.
- 4.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a retirar a proposta de Regulamento do Servizo Público de Transporte Colectivo de Viaxeiros en autobús da cidade de Vigo para permitir a posibilidade de xestión pública directa do Concello e realizar un estudo serio e rigoroso da posibilidade de xestión pública directa do transporte na nosa cidade.
- 5.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a abrir expediente disciplinario a VITRASA polo retraso na paga extra de decembro como medida preventiva ante impagos anunciados para as nóminas do mes de xaneiro que

anunciaron públicamente entendendo este impago como falta grave recollida no articulado do prego concesional.

6.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a realizar inmediatamente unha auditoria externa, con concurso previo de cando menos tres consultoras e criterios obxectivos e independentes tal e como figura preceptivo no contrato actual de transporte urbano colectivo.

7.- Instar ao Goberno do estado a facer cumprir de xeito inmediato o acordo do Congreso dos Deputados e Deputadas e habilitar antes do 31 de decembro o fondo de axuda aos concellos para a compensación dos desequilibrios producidos pola crise da COVID-19 no transporte urbano colectivo de pasaxeiros.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Nós propoñíamos facer unha moción que fora ilustrativa do que ten acontecido nos últimos meses con respecto a unha cuestión central na nosa cidade, claro que é importante o transporte público, o transporte público vertebra e o transporte público permite a moitos veciños ter unha mobilidade, cando menos sostible nas súas vidas e tamén no medio ambiente e curiosamente entendíamos ou este grupo municipal entendíamos que estaba encauzado dunha maneira normal algo que expresou politicamente nos medios de comunicación do Alcalde de Vigo reiteradas ocasións, que tiñamos un sistema concesional obsoleto, caduco, que eses 25 anos de concesión ao grupo Vitrasa agora parte dun grupo maior e que é o grupo Avanza e á súa vez propietario dun grupo inversor mexicano, pois entendíamos, estábamos todos de acordo en que a fórmula polinómica que é a que marca o prezo do billete que nos coloca nun dos prezos máis altos do billete de transporte público, había que cambialo, había que cambiar o sistema concesional e que había que propoñer a modernización do servizo comezando polo seu réxime concesional. Froito disto o Concello denuncia o contrato, denunciando o contrato o 28, practicamente hai un ano, denunciando o contrato significa que non se exerce unha das opcións que figura neste contrato do ano 94 que é a ampliación concesional e ademais comeza o trámite senón vai un comité de técnicos municipais para redactar os pregos concesionais e se propón dunha maneira lóxica a adaptación normativa, unha realidade que hai que ter un regulamento de transporte ao que vostedes propoñen unha proposta e os grupos municipais propoñemos propostas de engadega, todo normal con algunhas discrepancias que tiñamos en canto a que o regulamento non permitía a xestión

pública directa que é a fórmula de xestión de transporte público das grandes capitais europeas e das grandes cidades do noso país, vostedes nos propoñen que non, que queren que figuren no Regulamento que vai unha xestión privada indirecta a través dunha concesión pero entramos no debate sobre como adaptar o transporte urbano de Vigo ao século XXI. Chega a COVID-19 e efectivamente ten un impacto no transporte, desaparecen varios milleiros de pasaxeiros, hai unha situación de redución dos aforos, hai unha situación de paralización económica e polo tanto, os tránsitos tamén na cidade se propoñen como un recorte importante dos ingresos da concesionaria e o goberno o 17 de marzo, a través dun decreto di que sabendo que vai a saber a pasar iso nos transportes colectivos das grandes cidades pois propón a posibilidade de ampliar concesionalmente ata un 15% ou compensar economicamente e equilibrar para que non haxa un problema serio de perda de competitividade económica pero tamén de servizo ao transporte público. Ata aí nos podíamos entender que este goberno municipal en base a ese Real Decreto de 17 de marzo propuxera unha ampliación concesional do 15% a compensación económica, que por certo compensación económica que xa Vitrasa ten de por si no seu contrato porque historicamente os Alcaldes levamos cargando, ás corporacións locais máis servizos a Vitrasa e hai que compensar economicamente, ou Vitrasa ten 20 millóns de pasaxeiros ou hai que compensarlle economicamente independentemente ou non da situación COVID-19. Amencemos os grupos municipais hai uns días, hai unhas semanas cunha solicitude, unha proposta do Alcalde de Vigo de que amplía 5 anos a concesión e non a amplía polo Real Decreto de 17 de marzo que permite ampliar ata un 15% senón que eles mesmos, os técnicos municipais e o goberno recoñece que non é suficiente o importe económico e anulan de facto, veremos como xuridicamente se sostén iso, a denuncia do contrato e se amplía 5 anos a concesión tal e como figura na cláusula do contrato do ano 94 que significa que poden irse ampliando ata un máximo de 35 anos contando os tempos concesionais. Que quere esta moción? Non só facer aquí un relato para explicarlle aos vigueses/as que pasa coa concesión do transporte, queremos que aquí no Pleno se nos explique que se está a facer, porque a última artimaña de Vitrasa para presionar na negociación sobre canto ten que ser a compensación, foi decidir non pagar a nómina e a paga extra de decembro, afortunadamente despois dun tira a afrouxa no que Vitrasa propón

unha indemnización substitutiva de 8 millóns de euros e o Concello lle da 2, acabaron pagando en data recente a nómina do mes de decembro, pero sabemos que cando haxa outro discrepancia que a vai haber porque Vitrasa segue pedindo 8 millóns de euros e o concello só lle da dous e pico, volverán a tensionar e ameazar co impago de nóminas ou utilizar aos traballadores/as como arma arrojadiza contra o Concello, o que propoñemos nesta moción é primeiro un Pleno monográfico, queremos explicacións claras e concisas do que está a pasar e a que se debe esa autoemenda do goberno a utilizar a cláusula da ampliación do contrato tendo mecanismos públicos, hoxe coñecíamos que a través dunha emenda de Esquerda Republicana no Congreso vaise incorporar xa o fondo de compensación do transporte, queremos que se convoque o Consello Sectorial de Transporte para explicar non só a nós senón escoitar á empresa cales son os motivos polos que eles piden 8 millóns de euros e o Concello só recoñece 2 millóns, queremos ademais que se retire esa proposta de regulamento e que permita a remunicipalización do servizo como está acontecendo en moitas cidades europeas e ademais por custe económicos declarados sería rendible e outras medidas que consideramos que son cando menos necesarias que se expliquen neste Pleno.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O transporte urbano da nosa cidade non está á altura das necesidades dun Vigo metropolitano de 300.000 habitantes, un servizo que está limitado por un prego concesional elaborado no ano 94 do que vostedes o grupo de goberno teñen que saber bastante, e en todo caso o verdadeiramente preocupante na opinión do BNG é o que lles preocupa e lles ocupa ao goberno municipal non é mellorar este servizo deficiente, non lles preocupa aumentar as frecuencias, non lles preocupa remodelar o mapa de liñas para que o servizo de transporte urbano conecte mellor o conxunto de barrios e parroquias para conectar mellor dotacións públicas esenciais como o Hospital Álvaro Cunqueiro, como o Aeroporto de Peinador, como o campos universitario ou as estacións de tren e de buses, non lles preocupa a ampliación dos servizos nocturnos nin tampouco reducir o prezo do billete, o único que lles preocupa e ocupa ao goberno municipal é seguir a blindar o negocio privado de Vitrasa e do grupo Avanza, ese grande conglomerado empresarial de somos beneficios cada ano que ten o atrevemento

de ameazar con non pagar unha paga extra que acaba aboando con atraso ou mesmo de poñer de incondicional a posibilidade do abono das nóminas e todo coa súa permanente connivencia cómplice, unha blindaxe que desta volta se manifesta con tres elementos, dunha banda o regulamento que a súa maioría absoluta impuxo para asegurar si ou si que o transporte público non se poida xestionar dende o público, aí si que aprenderon do Partido Popular, en segundo lugar cunha prórroga voluntaria absolutamente inxustificada por 5 anos e agora tamén coa ameaza dunha millonaria compensación, indemnización a Vitrasa da concesionaria. Teñen que emendar esa política suicida en termos de mobilidade dende logo nos apoiamos a moción que ven de promover a Marea de Vigo porque entendemos que a mobilidade ten que ser un asunto central que merece un debate moi profundo nesta Corporación.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: De tódalas mentiras do Alcalde, de tódalas mentiras deste goberno, de tódalas mentiras reiteradas e constantes probablemente a máis dolorosa, a máis gravosa, a máis inxusta e a máis reiterada foi a famosa denuncia da prórroga da concesión que se fixo no ano 2008, o Regulamento do novo servizo de transporte, a promesa á cidade de ter un transporte moderno do século XXI. A ninguén se lle escapa que todo iso culminou neste verán en plena pandemia cunha prórroga expres por 5 anos máis, despois de 25 anos, e temos un servizo de transporte urbano anticuado que non se axusta á cidade que somos agora, que non responde ás necesidades da xente e ademais aínda por enriba, despois de telo prorrogado teremos que indemnizalo, é increíble como a consecuencia desta prórroga, cando o propio goberno no Real Decreto Lei ao que se referiu o voceiro de Marea permitía que se indemnizara á empresa cunha prórroga se acúdesse á prórroga contractual e ademais se lle indemnizase, esa é a auténtica realidade, se prorrogou e se indemnizou e agora temos un servizo deficiente, un servizo precario cunha empresa envalentonada que se permite dicir que non vai a pagar a nómina dos traballadores, unha empresa concesionada polo Concello de Vigo, unha empresa á que recentemente se lle prorrogara, non había nin tres meses, e se atreve a dicir publicamente que non vai a pagar a nómina, e que fai o Concello? Advirte á empresa, fai un expediente sancionador, a pon non seu sitio, non, eu pregunteille aquí ao Alcalde, esta vostede tramitando unha solicitude de

indemnización a Vitrasa? Non me contestou, contestoume dous días despois nunha Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente. Esa imnonimia, ese chantaxe público, notorio, á vista de todo o mundo, non imos a pagar a nómina, se se tivese licitado un novo contrato ou se prorrogase o que tiñamos como dicía a Lei de transportes terrestres do Sr. Caballero, polo tempo imprescindible para facer unha nova licitación, teñan vostedes por seguro que esa chantaxe non existiría, que non teríamos que ver como vimos durante meses na pandemia autobuses ateigados, noticias nos medios de comunicación nacional, persoal sanitario denunciando publicamente que indo ao sen traballo ao Álvaro Cunqueiro as liñas non respectaban os aforos, créanme vostedes que se non tiveran mentido á cidade, se non tiveran prorrogado ese contrato e fixeran o que dicía a Lei que era polo tempo mínimo para facer unha nova licitación, esas escenas non se tiveran producido e agora finalizamos o ano cunha indemnización millonaria que é a véspera das que van a vir, é o anticipo porque o propio Alcalde antes de prorrogalo díxoo publicamente, 10 millóns de euros a Vitrasa no ano 19, aínda non se producira a liquidación e xa dicía que ían a pagar 10 millóns de euros, ese é o resultado da nefasta xestión da mentira continúa, reiterada, habitual, gravosa, inxusta, sobre todo para a cidade, para os usuarios/as que son os que perden aquí, felizmente os traballadores cobrarán a nómina, só fallaría, pero os usuarios/as imos seguir padecendo un servizo dos anos 90 porque o Alcalde de Vigo incumpriu a súa palabra, mentiu, prorrogou e indemnizou e por esa razón nós imos a apoiar esta moción.

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Eu quero dicirlles que eu penso que entendo que debe ser moi duro e moi frustrante estar da oposición dun grupo cunha maioría absoluta a maior de España, debe de ser frustrante, eu non vou a falar da parte técnica que para iso os técnicos, o Concello ten os mellores técnicos, eu que si lle vou dicir é que só existe unha chantaxe con esta cidade a chantaxe ten que ver politicamente coa Xunta de Galicia que leva exercendo dende que o Sr. Caballero é presidente, pero mire, coa perda dos autobuses, dos viaxeiros nos autobuses dende que aconteceu a pandemia os datos foron dunha baixada do 90%, non en Vigo en toda Europa, unha pandemia global e se hai un sector afectado por esta pandemia foi o sector do transporte en toda Europa, nun escenario real os datos foron tan

extremos que se alcanzaron valores de menos do 10% das viaxes e o Concello o que fixo é que debía garantir a continuidade da prestación do servizo, por tratarse dun servizo público, a data de hoxe, co que se falou das vacinas, aínda hai unha perda superior ao 40%, e teño que dicirlles que a decisión da prórroga do contrato de concesión foi un acto polo que se desenvolve o servizo, foi unha decisión acertada, moi acertada e sobre todo legal, cos informes técnicos xurídicos que deben acompañar e acompañan cada actuación deste goberno municipal dende hai 13 anos, cousa que non todos poden dicir o mesmo, 13 anos, con esa actuación, porque miren o que vostedes están a falar é dun reequilibrio que para que se dea que eran 3,8 anos, o 15%, 3,8 anos e a prórroga é de 5 anos, se o problema ese un ano e dous meses, mal imos, se ese é o problema dun 90% da afectación do transporte en toda Europa, a situación actual da concesión o que facía era que para que reequilibrara un ano se tiña que prever que ao ano seguinte nos anos próximos se puidera dar ese reequilibrio e que contaban que no ano 21 vai haber recuperación e vaise dar ese reequilibrio económico? Iso é o que pensaban non se deu por iso a opción foi a prórroga dos 5 anos, por certo, nunha decisión do goberno que tomou porque a Lei o permitía, porque a Lei estaba recollido no contrato e o que se aprobou na Xunta de Goberno dos anos atrás foi unha prórroga tácita que non se deu, non se esquezan porque parece que ao final o que informan os técnicos o que se pon no papel que non se corresponde coa realidade, non, mentiras son como dicir que as compensacións son vías indemnización pero mire, están mentindo, vostedes si que menten e menten os tres porque están dicindo que se subvenciona á empresa, non, é unha concesión de risco e ventura é unha concesión que se subvenciona os viaxes de cidadáns, é unha concesión onde se paga as viaxes aos pensionistas, á xente con risco social, onde se pagan aos estudantes, onde se abonan, e eses son os 12 millóns e pico que gasta o Concello de Vigo, é o único pago que fai, sabe no que minten vostedes, que Málaga porque poñen que parece que toda España, Málaga achega 29,7 millóns, un 42% do orzamento de xestión, Sevilla 65,1 millóns de euros, o 59% do orzamento da xestión, Valencia 70,9 millóns o 58,6% da concesión, Palma de Mallorca o 21,1 millóns, o 39%, e Santander 13,9 millóns o 57,2%, Bilbao 38 millóns de euros, por certo outra mentira mais porque ademais menten en grupo, xa lles digo que debe ser frustrante estar na bancada deste goberno, na oposición,

o billete máis caro de España din vostedes, Madrid 1,50 euros, Barcelona 2,40 euros, univíaxe, Valencia 1,50 euros, Granada 1,40 euros, Alicante 1,45 euros, Valladolid 1,54 euros, Vitoria 1,40, Bilbao 1,35 euros, Gerona 1,40 euros, As Palmas 1,40 euros, Lleida 1,75 euros, Palma 2 euros, San Sebastián 1,85 euros, Sevilla 1,40 euros, Zaragoza 1,40 euros, con 120 millóns de viaxes, unha empresa como Zaragoza con 120 millóns de viaxes e o concello tivo que indemnizarlle cunha cantidade de cartos astronómica e por certo, Sr. Pérez Correa o modelo de xestión ao que se refire a moción cando fala xestión pública directa Madrid, Barcelona, Sevilla, Valencia, Zaragoza, Málaga, Palma, San Sebastián, Santander, Vitoria por poñer algúns exemplos, todos se atopan xestionadas a través dunha xestión indirecta, en tódolos casos a realiza unha sociedade mercantil e municipal. Por certo, non aceptamos chantaxes de ninguén, pedían 8 millóns e o que os técnicos consideran que é a documentación que se presenta, o que corresponde é un reequilibrio o reequilibrio que se está a facer, o goberno do Estado xa ten contemplado todo o que vai a dar para as axudas ao transporte en tódalas cidades e este goberno seguirá aplicando a lexislación que corresponde e non se preocupen que non pasaremos nunca do que nos corresponde dar, e por certo, chantaxes de ninguén, hai unha concesión cos seus traballadores e o goberno municipal non lle da nada a ninguén que non lle corresponda e se non lle pagan terán un problema laboral os traballadores coa empresa e o goberno o que fai é que se cumpran as condicións, e por certo Sr. Marnotes, videnceis non, eu me quedo con Aramis non con vostede, saberá vostede o que falamos ou non falamos, só fallaría, saberá o que lle dicimos á empresa ou está vostede alí, o que falamos o sabemos nós e como actuamos dino os papeis o os feitos.

SR. PÉREZ CORREA: Eu esperaba algunha certeza e a verdade é que vou preocupado do que intentamos facer na moción, a moción non relata ciencia ficción, relata decisións políticas tomadas por este Concello, este concelleiro leu todo o expediente, tivo o tempo ou as ansias de ler todo o expediente e o que hai é unha decisión técnica, que me diga o informe xurídico que di que onde dixen denunciou unha concesión agora xuridicamente o que podo facer é xustificando a situación COVID-19, saltar o Real Decreto para ampliar a concesión que eu o 28 de decembro de 2018 denunciéi como administración, para facer dúas cousas,

ampliar e compensar, cousa que o Real Decreto de 17 de marzo di que ou ampliar ou compensar e como non chegan os recursos vostedes tiran máis, pero é máis, ese mantra de que non se subvenciona é Vitrasa que o que se subvenciona é os cidadáns sona moi ben cando llo teñen que explicar aos vigueses/as pero cando colles os libros contables do grupo, Vitrasa e ademais está na súa Conta Xeral, a que aproban vostedes, a Conta Xeral do Concello de Vigo as empresas concesionarias teñen que dicir canto lle custa o servizo público e as subvencións públicas que reciben, e Vitrasa e o seu documento di que lle custa 24 millóns de euros á explotación do servizo de transporte en Vigo e que recibe 12 millóns de euros de subvencións públicas que veñen 1 millón e pico por ser financiado polo Estado o transporte de cidades de máis de 50.000 habitantes e o resto como compensacións económicas porque efectivamente se non houbera esas compensacións económicas o billete ao cidadá lle custaría 1,35 pero é que o billete segue custando 1,35 á administración ao cidadán, Vitrasa segue cobrando 1,35 aínda que a Pass Vigo sexa cero e pico, Vitrasa cobra 1,35 euros, por que? Porque ten un contrato, me gustaría citar ou ter a capacidade de ser ventrículo e poñer a voz do Sr. Caballero que dicía “porque temos un contrato obsoleto de hai 25 anos que nos obriga a pagar unha millonada por unha fórmula polinómica” e ademais lle botaba a culpa a outro Alcalde, Carlos Príncipe, e non sei que, díxoo pero agora herda e con moito gusto unha concesión que ten unhas vantaxes e é que a concesión ti lle pides “quero un autobús ao CUVI” por suposto, quero un autobús ao Álvaro Cunqueiro, por suposto, quero que os autobuses en vez de facer renting os compres, por suposto, quero mi cara nunha carta que vaia a tódolos vigueses que se chama a Pass Vigo e Vitrasa lle di “por suposto” total logo xa mo amortizarás e xa mo pagarás e como o vas pagar? Que hai garantirlle 20 millóns de pasaxeiros ou senón compensar e neste quilombo o que esperaba este grupo municipal era algunha explicación, non un desbaraxuste de non sei que e dicirnos que claro que a Valencia lle custa 70 millóns de euros, claro que se Vitrasa fora municipal lle custaría ao Concello de Vigo os 24 millóns de euros que di o grupo Avanza que lle custa, pero sabe o que pasa? Que o o grupo Avanza utiliza Vitrasa para pedir créditos si co que os cartos que non van para Vigo, van para outras cidades, está utilizando os recursos de Vigo para xustificar patrimonialmente o seu grupo inversor e iso hai que cambialo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Caride Estévez).

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.12.2020 (Rex. Nº 2737/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

14(242).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A MELLORAR A XESTIÓN PÚBLICA MUNICIPAL, PRIORIZAR AS POLÍTICAS SOCIAIS, ELABORAR UNHA PLANIFICACIÓN DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E REMATAR COA PARALIZACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS. REXISTRO PLENO 2739/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2020, número 2739/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Este ano 2020 foi un mal ano para a cidade, no que impactou o COVID de maneira brutal nas persoas, nas familias, nos autónomos, nas empresas. Un ano no que o desemprego se incrementou en casi dúas mil persoas sobre o ano anterior, no que a poboación estivemos confinados e boa parte da nosa economía pechada.

Pero tamén foi un ano no que o goberno local e nomeadamente o Alcalde fixo alarde de moitas cousas que incumpríu flagrantemente.

O ano comezou destapando unha mentira do Alcalde, que chegaríamos aos 300.000 habitantes cando o INE non certificou máis 295.364. Reiterou a mentira en agosto, pero xa non volveu a falar diso. Dende que Abel Caballero é alcalde a poboación se estancou e o que é peor, temos 16.500 persoas menores de 30 anos menos. Poboación estancada e cada vez mais envellecida.

Non só se estancou a poboación Tamén, segundo o informe Ardán perde competitividade e liderado económico.

Pouco despois nos dixo que prolongaría o túnel da Porta do Sol para peatonalizar o Paseo de Alfonso, o que lle pediramós nós meses antes. Daquela a obra inda non comenzara. Un ano despois tampouco comenzou, temos o centro sen tráfico e sen xente. E de peatonalizar o paseo de Alfonso nada se sabe. Inda continúa o mirador vallado un ano e medio despois.

Tamén a inicio do ano nos enteramos que outro paseo, o de Bouzas, o Concello inda non solicitara a concesión nin presentara o proxecto. Mentíu, non o fixo ata febreiro e cando o fixo, dixo que licitaría este mesmo ano. Outra mentira.

Pronto chegou a pandemia e durante o confinamento da cidade se prometeron centos de miles de máscaras faciais, un acordo con provedores fiábeis anticipándoos un hospital da Cidade. Nada soubemos. Foi tamén o ano do camiión do inmemso chaparrón desinfectante, da desinfección de todos os parques infantís todos os días que logo pechou por non poder nin limpialos.

Parecía tamén que se facía moita política social durante a pandemia e que se estaba facendo fronte a un gasto inxente. ¿A verdade? Que si nin ano normal se gastaban 18 Millóns, no ano da pandemia apenas un e medio máis. Ese era o gasto colosal. Máis se gastou en indemnizar a Vitrasa.

Aproveitou o confinamento, eso sí, para sacar o PXOM pola porta de atrás e publicar o borrador coa xente metida na casa. Un PXOM que deixa miles de vivendas agora en solo urbano consolidado en solo rústico protexido, que destróza Valadares, que castiga ao rural, e que condena á cidade a retroceder trinta anos.

Reuníuse cun Comité de Expertos e prometeu 1000 millóns de euros para mobilizar a economía de Vigo, despois vimos que somos a única cidade de Galicia de das

grandes cidades de España que non adica un euro a axudas directas ao comercio e á hostalería.

Se faría a nova grada de marcador en Balaídos nunha reforma excepcional e o único que vimos foi a nova bancada de Río Baixo no que os asentos están tan xuntos que é imposible sentarse neles. Foi o ano do pavillón de Romil, que se inaugurou pero inda non foi aberto ao público.

O ano da nova concesión do transporte público urbano que revolucionaría a mobilidade da cidade e que rematou cunha prórroga escura e unha indemnización vergoñenta. Foi tamén o ano dos autobuses ateigados en plena pandemia, dos incumprimentos de aforos.

O ano dos impostos máis altos da historia, pagados todos de golpe porque o Alcalde os retrasou no confinamento. Non nos perdonou nin un Euro.

O ano da inexecución orzamentaria máis alta da historia, na que os cartos quedaron na caixa porque se ingresaron pero nada se fixo con eles.

O ano dos remanentes que había que entregar a Madrid porque non se podían gastar, do acordo con Madrid facendo uso do voto de calidade na FEMP, do préstamo ao Estado dos aforros dos vigueses, dun intento de estafa que se destapou no verán e que rematou coa derrota do goberno nas Cortes e da humillación do noso alcalde que ven agora a usar os remanentes para prometer obras mil veces prometidas sen que os cartos se movesen de Vigo.

Dixo que este ano sería o último que pagaríamos os miles de litros de consumo mínimo de auga porque empezariamos a pagar pola auga realmente consumida e o que nos encontramos é unha tarifa fixa igual que o consumo mínimo. Outra farsa.

O ano remata en fin, cunha indemnización millonaria á concesionaria do transporte, sen un euro para o comercio ou a hostalería, coas rúas baleiras de xente pero cortadas ao tráfico e coas colas da fame que nos avergoñan e que puxeron en evidencia que Vigo ten a política social máis precaria de Galicia e mesmo de España.

Creemos que unha situación como a vivida neste ano 2020 non se pode volver a repetir, cun goberno que da bandazos e que funciona por impulsos, e inda que somos conscientes de que para o goberno local a pandemia non existe, o certo é que debe adoptar medidas eficaces para a execución orzamentaria; propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno municipal a:

- Mellorar a xestión pública municipal baixo os principios de eficacia; eficiencia; responsabilidade da xestión pública; programación e desenvolvemento de obxectivos e control da xestión e os resultados; racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e as actividades materiais de xestión; servizo

eficaz aos cidadáns; obxectividade e transparencia; cooperación e coordinación coas demais Administracións Públicas e abandone as políticas de anuncio, propaganda, descoordinación e confrontación.

- Priorizar as políticas sociais y de estímulo económico tomando iniciativas e propoñendo medidas que permitan ás pequenas empresas, aos autónomos e ás pemes afrontar as consecuencias económicas e sociais das crise.

- Elaborar unha planificación da execución orzamentaria fixando obxectivos mensuais para que a execución orzamentaria supere o 95% no ano 2021 en todos os capítulos de gasto.

- Acabar coa paralización dos servizos municipais rematando as convocatorias das ofertas publicas de emprego, activando todos os servizos municipais e reanudar todas as obras paralizadas na cidade.”

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Este é a última moción do último Pleno do ano 2020, parece razoable facer un balance, non do que foi este ano para a cidade, iso xa o sabemos, foi un ano terrible, un mal ano, un mal ano, un ano no que tivemos falecidos, no que tivemos contaxiados, no que tivemos á cidade confinada, eu o que quero aquí é poñer enriba da mesa porque é oportuno facer un balance do que fixo o goberno, o Alcalde, durante este ano, comezou o ano destapándose unha mentira, outra nova mentira, o Vigo dos 300.000 habitantes, non certificou o INE máis que 295.364 habitantes, volveu a repetir a mentira en agosto dicindo que superábamos xa os 300.000, hoxe o INE acaba de certificar a poboación de Vigo a 1 de xaneiro 296.692, seguimos por debaixo da cifra máxima que acadáramos no ano 12 de máis de 297.000 habitantes, non damos arrancado, estamos estancados, esa promesa de que o censo do padrón municipal ía por enriba dos 300.000 habitantes non era verdade, se estancou a poboación, está estancada a poboación viguesa, está envellecendo a poboación viguesa, a xente moza vaise. O Alcalde dicía que íamos a chegar a 300.000 non era verdade non só se estancou a poboación tamén segundo o informe Ardan que se publica tódolos anos se perde ano a ano competitividade e liderado económico, pouco despois desa promesa incumplida, desa ilusión colectiva que era absolutamente falsa, outra mentira máis para pensar que estamos nunha cidade na que todo vai ben, non é verdade, vai ben para algúns ou para algunhas empresas pero non vai ben para todo o mundo.

Pouco despois nos dixo que prolongaría o túnel da Porta do Sol para facer peonil Elduayen e o Paseo de Alfonso XII, cousa que lle pediramos nós, faga peonil o Paseo de Alfonso e o túnel de Elduayen, pois un ano e medio despois aquela obra nin se comezara, tampouco comezou o centro, aquí se produciu algo inaudito, se pechamos o centro para facer unha obra, pechamos o tráfico e ao final nin obra nin tráfico, de peonalizar o Paseo de Alfonso nada se sabe, aínda continúa o mirador de Vigo, o noso mirador do Paseo de Alfonso, o que esculpiu Camilo Nogueira e que deseñou Jenaro de la Fuente, sigue vaiado un ano e medio despois, tamén comezara o ano co Paseo de Bouzas, temos solicitado un proxecto concesión tamén era mentira, destapouno o BNG, nin sequera fomos nós, non estaba nin presentada a solicitude, hoxe aínda está sen licitar o proxecto do Paseo Bouzas, chegou o mes de marzo, chegou a pandemia e durante o confinamento despois dunha desaparición do goberno e despois dunha sobre actuación se prometeron centos de miles de máscaras faciais, se prometeu un acordo con provedores fiables, se prometera moitas cousas se prometeron aí pero nada soubemos, foi o ano do inmenso chaparrón que esparcia desinfección do camiión que non volvemos a ver, de que se desinfectaban tódolos parques infantís da cidade, tódolos días un día tras outro demostrábase que non era verdade e se veu obrigado a pechar a metade deses por non ter a capacidade de limpálos, será o ano que nos dicía que a política social estaba chegando a todo o mundo, non o crimos, fomos uns inxenuos, cando chegou a liquidación do trimestre correspondente vimos que a diferenza entre un ano e outro eran apenas 1.400.000 euros. Esa era a política colosal, o gasto colosal máis se gastou, Sr. Pardo en indemnizar a Vitrasa, 1,4 millóns de euros é a diferenza da política social do Concello no ano da COVID-19, e no ano precovid 1,4 millóns de euros, a indemnización a Vitrasa polo de agora é 2,2 millóns de euros, aproveitou o confinamento para sacar o PXOM e con respecto ao PXOM xa debateremos longo diso, miles de vivendas en solo rústico, o ano da prórroga da concesión de Vitrasa cando se denunciara, o ano da prórroga da auga cando se dixo que non, o ano da ordenanza da auga que ía cobrar polo consumo real outra mentira máis, mentira tras mentira, o ano da inexecución orzamentaria máis alta da historia cando máis falla facía, o ano dos tributos máis altos da historia cando o que facía falla era baixalos, dixo ademais que íamos a pagar a auga menos cara no ano 21, xa veremos aínda está sen aprobar a ordenanza,

unha situación como a vivida non se pode volver a repetir, cremos que o goberno para o ano 2021 non ten que estar nun balance triunfalista, ten que reflexionar.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Antes aludía ás mocións “dèjà vu” e agora rematamos o derradeiro Pleno do ano cunha mini moción de censura. Mire, é evidente as discrepancias profundas que o BNG temos coa acción do goberno municipal do Sr. Caballero, nós non compartimos a súa política parencial e de propaganda que desatende ás necesidades reais da cidade e que ten abandonados os nosos barrios e parroquias, non apoiamos a desertización da cultura ou devalar da política deportiva, non a podemos concordar coa insuficiencia na política social, non concordamos nesa permanente confusión entre unha lexítima maioría absoluta que o BNG respecta cunha ditadura romana na que vostedes se negan a escoitar a ninguén que non lles aplauda, non concordamos con ese túnel co que queren acoitelar o corazón da cidade, nin con ese arboricidio permanente nin tampouco con que a súa propia ineficacia deixe 4 de cada 10 euros do orzamentos sen executar, son enormes as nosas discrepancias co goberno do Sr. Caballero, máis o BNG no imos apoiar esta moción do Partido Popular e imos a votala en contra porque a alternativa a este desgoberno non é o Partido Popular, do hospital Álvaro Cunqueiro privatizado do centro de saúde de Bouzas recortado á metade, do Partido Popular que segue maltratando esta cidade negando o instituto que merece e que necesita Navia, do Partido Popular que impón unha políticas industriais que desertizan a nosa base produtiva e que destrúen emprego. Eu estou seguro de que o voceiro do Partido Popular quería despedir o ano erixíndose como alternativa ao goberno do Sr. Caballero, e nós o que dicimos co noso voto en contra a esta moción é que é necesaria unha mudanza si pero nunhas coordenadas antagónicas ao modelo que representa o Partido Popular do Sr. Feijóo, queremos unha alternativa que si que empurre un novo impulso para a cidade, que faga de Vigo unha cidade para o pobo atendendo ás necesidades reais da cidade, que constrúa unha cidade xusta e de iguais e que dende logo permita desenvolver as potencialidades de Vigo como verdadeiro motor de toda Galicia e iso dende logo non pasa polo Partido Popular.

SR. PÉREZ CORREA: Esta é unha moción que xa nalgún tivemos aquí no Pleno e ademais recolle a herdanza do concelleiro o Sr. Fidalgo que de vez en cando tamén traía ás mocións badulaque que lle chamamos nós, que atopas de todo, les de todo, é case como un bazar, é unha moción gran bazar na que aí disparamos contra todo por elevación que se o goberno do Estado, que se a FEMP, que si tal, é un resumo do ano que falta a crónica social e tamén a crónica deportiva que pode ser perfectamente a memoria que sae nun medio de comunicación. E ademais con algunhas cuestións que nos discrepamos de fondo, claro que temos claro e isto se falou durante tempo, na crítica permanente que nos facemos na maneira de gobernar desta cidade, pero claro é que a nova ordenanza da auga que se converte xa non en ordenanza, en servizo de prestación pública, unha lei autonómica que entre outras cousas prohíbe que haxa tramos gratuítos de auga que sería a gran solución que nós sempre propuxemos como grupo municipal para poñer un consumo mínimo gratuíto garantido pero vostedes teñen unha lei que o prohíbe expresamente no articulado, falan do Plan Xeral que é certo e estamos completamente de acordo que de maneira, con nocturnidade e aleivosía aproveitando o fin do confinamento no mes de agosto que era cando a xente saía das súas casas e dende logo non ía haber un momento de expresión cidadá de emendar o PXOM ou o documento inicial estratéxico borrador pero quen o permite e a Xunta de Galicia que é quen lle deixa tirar para adiante a pesares de que os tramites administrativos estaban parados, hai unha serie de aseveracións sobre o que ten que ver con financiamento e con determinadas cuestións que teñen que ver tamén con decisións tomadas no seu día polo Partido Popular e está ben que se faga un resumo do ano pero está ben que se faga un resumo do ano con tódalas administracións postas enriba da mesa e con responsabilidades políticas que teñen unha e outra administración e por non falar da cuestión da execución orzamentaria e aí si que creo que o goberno de coalición chega tarde que entre outras cousas teríamos que ter sido bastante máis dilixentes como goberno de coalición para acabar coa lei que impide entre outras cousas aos concellos poder utilizar o seus recursos e que na tramitación orzamentaria sexa moitas veces difícil levar adiante esas cuestións orzamentarias altas, nós discrepamos da oportunidade desta moción porque cando nunha moción se pretende abordar 20 temas e non centrar nun, pois o que hai sempre son matices porque hai cuestións

nas que podemos estar de acordo pero noutras que estamos evidentemente en desacordo e sendo ademais o Partido Popular o que ten amarrado á administración autonómica dende hai moitos anos e ten unha corresponsabilidade en gran parte dos problemas que están asumindo os concellos a falla de recursos ou incluso no que ten que ver coa licitación que as licitacións son enfarragosas para tódalas administracións e ademais iso ten que ver con normativas no seu día aprobadas polo Partido Popular, nós entendemos que é unha moción, unha oportunidade de centrar o tiro sobre unha cuestión esencial que o fin de ano que o que estamos chegando no ano 20 é unha cidade con exclusión social, con niveis de pobreza altos, é unha cidade onde se substancia a maior parte das solicitudes en Galicia do Ingreso Mínimo Vital, é unha cidade onde é manifestamente insuficiente os recursos públicos deitados en loia contra o pobreza tanto da comunidade autónoma como da entidade local e en vez de centrar iso falamos absolutamente de todo, comezado tamén polo evidente perda de competitividade da Área metropolitana de Vigo que xa non é unha cuestión que poñamos nós enriba da mesa, que é unha cuestión de que xa tódolos informes económicos poñen. Nós non apoiamos esta moción porque entendemos que non pode facerse mocións ómnibus que parecen esas leis de acompañamento que moitas veces acompañan aos orzamentos do estado e aos autonómicos que se aproban dende un regulamento para mover drons e para permitir os drons e tamén se regula á vez a posibilidade ou non de abrir casinos e casas de apostas, hai que centrar o tiro porque por elevación sempre se dispara erroneamente.

SR. LÓPEZ FONT: Evidentemente que neste ano despois oír tantas barbaridades neste Pleno a última moción tiña que ser esta Sr. Marnotes, non cabía ningunha dúbida, o imaxino esperando a ser o último para rexistrar a moción e para que fora esta a última. Mire eu lle quero felicitar o ano novo, llo quero felicitar de forma sinxela porque a verdade co ano que levou vostedes neste ano 2020 é para desexarlle un feliz ano, o deterioro político que exhibiu neste Pleno é certamente sobresaínte a trae aquí unha moción que non vai dirixida a este goberno, vai dirixida á autoxustificación dentro do seu partido. Mire, esta moción ten que ser redactada por alguén que non coñece a cidade, nin a súa evolución nin as súas inquietudes e o que hai que falar é do Partido Popular, o Partido Popular deu as

costas a esta cidade, traizoou aos seus propios electores, lles enganou coa lista facendo dimitir absolutamente a todos para posteriormente decidir en función dos intereses da siglas quen que se quedaba e aí veu o sorteo da bonoloto o 3, o 11, o 18 e o 20 que é complementario que é vostede e que quedou de voceiro e os que votaron ao Partido Popular se atopan cun voceiro que se supón que vai a ser a voz durante 4 anos, despois do visto hoxe en principio dubídoo pero vostede esta aí e de que maneira. Mire a forma de configuración do seu grupo e o que fixeron este ano aquí estivo única e exclusivamente ao servizo dunhas siglas, non daqueles que lle votaron e polo tanto, foi unha supeditación absoluta ao goberno do Sr. Feijóo, ás estruturas de partido, nomeando delegados da Xunta de Galicia nesta cidade en función de intereses persoais e en función de intereses partidistas, obedeceron instrucións absolutamente de todos, agora tamén ven moito o vicepresidente da Xunta de Galicia a entregar talóns como facía o Sr. Louzán nas asociacións de veciños, vostede é o responsable de seguir ordes na política de confrontación da Xunta de Galicia con esta cidade. Vigo foi agredida dende o primeiro momento de que o Sr. Feijóo foi presidente da Xunta de Galicia e o mellor exemplo é o hospital de Vigo, pero seguimos cos exemplos continuados que a vostede lle gusta moito, hoxe non chegamos ata a Praza de España na ramplas da Gran Vía que lle encanta aos cidadáns por culpa do goberno de vostedes. Polo tanto, estamos nunha política da Xunta de Galicia contra esta cidade, quere facer balance? Imos facer balance, Sr. Marnotes, durante este ano 2020 a seguridade COVID-19 na situación de pandemia foi 100% nesta cidade, estamos en 100 millóns de inversión con 117 actuacións neste momento, a política social significou non deixar tirado absolutamente a ninguén, 1,6 millóns en actuacións de emerxencia que favoreceron e destinadas a 28.000 persoas. Atrévase vostede a falar do PXOM coa que montaron vostedes co PXOM, coa pinza que fixeron co Bloque Nacionalista Galego en contra dun goberno do Partido Socialista e agora ven vostede a falar do PXOM, pero non é vostede o que permanentemente di que ten que saír o PXOM que os prazos e agora tamén lle fastidia o que se conseguira encauzar perfectamente e nos tempos o PXOM.

O 2020 foi o ano do Barrio do Cura, da Panificadora, da estación de Urzaiz, da Avenida de Madrid pero tamén en educación, a Xunta de Galicia abandonou a esta cidade e tamén nós investimos no que tiña que ter feito a Xunta de Galicia, foi o

ano do Vigo Vertical, foi o ano da muralla do Castro, foi o ano das medianeiras que xa vai polo sexto programa e se atreve a falarnos de desinfección, de que desinfección nos fala? Dos 600.000 euros nos colexios que temos que asumir nós cando é unha competencia da Xunta de Galicia. Mire, quería facer un balance do goberno e lle saíu o tiro pola culata, o balance real é que foi o ano de maior abandono da Xunta de Galicia nesta cidade, non poden presumir de ter estado ao carón desta cidade e vostedes os catro son os cómplices neste salón de Plenos.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Renuncia o grupo Socialista a defender a actuación do goberno e o centra como sempre, nunha crítica ao voceiro, orgullo voceiro deste grupo municipal de representar aos vigueses durante este ano neste asento, facéndoo ben ou mal pero dende logo facéndoo honestamente, sinceramente e vehemente tamén, foi un ano de desgaste do goberno, teñen que asumir que este ano que comezou cunha maioría absoluta e comezou con 20 concelleiro foi un ano dun tremendo desgaste político para vostedes, mire que éxitos me di aquí, o ano do Barrio do Cura pero si o Barrio do Cura aínda non comezou a obra, da Panificadora aínda non ten os usos previstos, a da Avenida de Madrid onde está a obra? Un ano tras outro os mesmos mantras, as mesmas mentiras unha detrás doutra, este ano o goberno do Sr. Caballero nos deixou tirados, deixou tirada á cidade que se buscou a vida, non foi o Concello o centro da vida política na cidade, en absoluto a cidade buscou a vida, é que o dixo vostede perfectamente, 1,6 millóns en actuacións de emerxencia, volvo a repetir 2,2 millóns para indemnizar a Vitrasa, é que vostedes mesmos son os paxaros que se tiran ás escopetas, é que o poñen moi fácil, teñen vostedes que facer unha reflexión, abandonar a mentira e a política de confrontación, como se pode dicir que estamos nós nunha política de confrontación, se vostedes están permanentemente mentindo e disimulando as eivas do seu goberno cun ataque á Xunta de Galicia, mesmo no último Pleno do ano, na última moción renuncia vostede a defender o goberno e a actuación do goberno este ano para facer un ataque á Xunta de Galicia e ao voceiro municipal, quero dicir que eu tamén lles desexo un feliz ano a vostedes dende o punto de vista persoal ata aí podíamos chegar, non é un problema persoal o que estamos a falar aquí, non falo de persoas, eu falo de política, eu non falo de tal persoa ou doutra eu falo de tal concelleiro ou de tal concelleira, iso é do que falo aquí o que

pasa é que o que temos que facer é un balance deste ano moi negativo para a cidade pero no que o goberno municipal non estivo á altura, non estivo á altura nin da maioría que ten, nin dos recursos que ten, nin do que os vigueses/as esperaban del, todo ese caudal político que supuxo esa votación popular quedou completamente desbotado, están vostedes desganados, vólvollo repetir, sufriron un desgaste están de baixón, arremánguense e póñanse a traballar, díxoo o Sr. Pardo, o ano que ven vai a ser un mal ano xa o dixoo, dicíoo nese contexto, non vai haber unha recuperación reconeceuno perfectamente, pois se non vai haber unha recuperación económica no ano 21 teñen vostedes que comezar a traballar por fin na recuperación económica e social da cidade.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Caride Estévez).

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.12.2020 (Rex. Nº 2739/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

15(243).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE A QUE SE FAGAN PÚBLICOS OS INFORMES QUE XUSTIFIQUEN A TALA DOS CEDROS DA RONDA DE DON BOSCO.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Que se fagan públicos, se é que existen, os informes municipais e externos que xustifiquen e motiven a tala dos dous cedros que restaban na contorna da Ronda de Don Bosco

16(244).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE Á ESIXIR RESPONSABILIDADES A EMPRESA ADXUDICATARIA DA OBRA RONDA DE DON BOSCO POLA TALA DE ÁRBORES.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Que o goberno local esixa responsabilidades a empresas adxudicataria da obra de Don Bosco pola caída e pola tala de árbores protexidas contradicindo o recollido no proxecto de dita obra, ou no caso contrario, que asuma as súas responsabilidades o goberno local.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

17(245).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE Á FACER UN DISPOSITIVO EXTRAORDINARIO DE SEGURIDADE DE POLICÍA PARA O ANINOVO.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Que de cara aos festivos de aninovo que fagan un dispositivo extraordinario de seguridade de Policía para evitar as concentracións de xente que vimos nas rúas nos festivos do Nadal.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

18(246).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE AO MOTIVO DA ELIMINACIÓN DOS VÍDEOS DOS PLENOS EN LIÑA UNHA VEZ REMATADOS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Por que motivo os vídeos das retransmisións en liña das sesión plenarias son eliminados do acceso público unha vez concluída a sesión en lugar de permitir a súa visualización á carta como sucede coa sesións plenarias e comisións por exemplo do Parlamento de Galicia e o Congreso dos Deputados/es e outros concellos.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

19(247).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á ANTENA SITUADA EN BEADE.

SR. PÉREZ CORREA: Pensa derrubar de oficio o Concello, a Xerencia de Urbanismo, a antena ilegal que esta en Beade, no camiño Ramón dos Pinos toda vez que rematou o proceso administrativo e habería que tomar unha decisión e cargarlle cando menos os custes ás empresas subministradoras que ilegalmente fixeron esa construción.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

20(248).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Non é unha pregunta é un desexo, que pasen boas festas e Feliz Ano.

PRESIDENCIA: Igualmente.

Non habendo máis asuntos Feliz Ano para todas/os e Boas Festas, grazas

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.